

**DEPARTAMENTO DE**  
**LINGUA GALEGA E LITERATURA**

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
**Versión para alumnado e familias**

**CURSO 2013-14**

**I.E.S. da Pobra do Caramiñal**

## ÍNDICE

1. AVALIACIÓN NA ESO.
2. OBXECTIVOS DA ÁREA E ETAPA
3. PRIMEIRO CURSO ESO
4. SEGUNDO CURSO ESO
5. TERCEIRO CURSO ESO
6. CUARTO CURSO ESO
7. LECTURAS NA ESO
8. LINGUA GALEGA E LITERATURA BACHARELATO
9. LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º BAC.
10. LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BAC.
11. AVALIACIÓN EN BAC.
12. LECTURAS EN BAC.
13. CONTIDOS MÍNIMOS EN BAC.
14. ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO 3º ESO

## 1. AVALIACIÓN NA ESO.

### 1.1. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

1. Observación sistemática do traballo na aula (diario de clase, escalas de observación...).
2. Análise da produción textual (oral e escrita) do alumnado
3. Valoración de tarefas sobre textos (comentarios e resumos, caderno do alumno, lecturas...) e en proxecto de comunicación.
4. Análise das interaccións do alumnado (actitudes, implicación en debates, achegas ao traballo colectivo en grupos...).
5. Resultado dos exercicios de control de coñecemento, das probas obxectivas. Realizaranse como mínimo dous exames por trimestre.
6. Respostas a cuestionarios e rúbricas (detección de ideas e de coñecementos previos; autoavaliación; control das aprendizaxes adquiridas...).

### 1.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O Departamento mantén no esencial os criterios, diferenciando a ESO do Bacharelato, tal como se especifica nos apartados correspondentes dos distintos bloques (ESO e BAC) desta programación. Neles tamén se recolle a valoración do absentismo. Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua\_ao acumular máis de doce faltas (quinze en 1º ESO) sen xustificar, realizarase unha proba única final na que terá que dar conta dos contidos mínimos da materia e que só se superará demostrando un dominio suficiente destes.

O peso dos distintos instrumentos de avaliación é o seguinte:

a) **Notas das probas obxectivas** sobre contidos da materia. Suporán entre o 40% e o 70% do total da nota, na ESO, e entre o 60% e o 80% no BAC, dependendo do tipo de contidos que se inclúan nelas. Realizaranse como mínimo dous exames por trimestre. Establécese un *mínimo para poder facer media* entre as probas que sería un terzo da nota total. Tamén entendemos que os contidos progresivos que impartimos esixen que a materia sexa acumulativa, de xeito que se teña que dar conta de destrezas e saberes abordados no conxunto do curso.

Na avaliación extraordinaria, en setembro, o exame contará entre o 80% e o 100% da nota, segundo se soliciten ou non traballos específicos e/ou probas de lectura. Este exame incluírá cuestións sobre os distintos bloques de contido: comunicación (comprensión e construción de textos), reflexión sobre a lingua, lingua e sociedade e educación literaria.

b) **Notas das elaboracións.** A suma dos resultados das actividades e tarefas e/ou a realización dun traballo de trimestre de investigación e produción, elementos todos eles fundamentais no desenvolvemento e avaliación das competencias, encherán ata o 40% da nota media na ESO e ata o 20% en Bacharelato. Tamén se terá en conta neste apartado a calidade do caderno e a resposta ás propostas de creación. A data de presentación de traballos ou cadernos será inaprazábel: os traballos entregados fóra de prazo non serán admitidos e terán unha nota de 0.

No caso da realización de secuencias ou proxectos de comunicación de certa amplitude que integren tipos de contido diversos, así como cando se traballe con cadernos dixitais ou coa creación de contornos de traballo na rede, o valor deste bloque pode chegar ao 50%, en prexuízo das notas das probas obxectivas.

c) **Nota por libros de lectura.** Será preciso realizar unha lectura mínima por trimestre, que será avaliada a través dun traballo ou unha proba e suporá un 10% da nota da avaliación. O incumprimento ou a realización deficiente nun trimestre fará que se duplique ese valor no seguinte se tampouco se supera a súa avaliación, podéndosele esixir ao alumno/a as lecturas non superadas. Ademais, no exame de setembro pódese requirir a realización dun traballo ou de diferentes cuestións sobre as lecturas do curso, con idéntico peso ao especificado para os trimestres. As lecturas voluntarias (de libros recomendados) poden incrementar a nota ata un punto no BAC e sen teito na ESO.

d) **Notas diarias ou semanais de actitude.** A constancia e o esforzo, o respecto aos compañeiros, o/a profesor/a e a materia, a participación e o interese ou a práctica habitual, desprexuízada e en progresión do uso oral do galego contarán ata un 20% da nota na ESO e ata un 10% no Bacharelato, e nunca por debaixo do 5%. Observarase a atención e o traballo diario, a colaboración, o uso responsábel do material, a realización, presentación e corrección das actividades e tarefas, as intervencións na aula, a entrega de traballos en tempo e forma, a disposición de material, o coidado e actualización do caderno ou o emprego adecuado das TIC. Restarase na nota da actitude de cada avaliación cando se teñan partes de incidencia: 1 parte -0'25, 2 partes -0'5, 3 partes 0'75...

En resumo:

<i>Instrumentos de avaliación</i>	ESO	BAC
<b>Probas obxectivas</b> (exames)	40-70 % (setembro: 80-100 %)	60-80 % (set. 100 %)
<b>Elaboracións</b> (traballos, tarefas, creacións, caderno)	Ata 40 % (pode chegar ao 50% no caso de secuencias e producións dixitais)	Ata 20 %

<b>Libros de lectura</b>	10 %	10 %
<b>Actitudes</b>	Ata 20 %	Ata 10 %

Será responsabilidade do profesor ou profesora que imparta a materia concretar eses valores, segundo as características do curso e grupo, e sempre de acordo cos anteriores parámetros. Esa concreción seralle comunicada ao alumnado a comezos do curso.

Á hora de facer a media, non se aprobará cunha nota menor ao 5.

### **Pendientes. Plans de traballo para a superación de materias pendentes.**

De acordo co do DOG do 7 de Xaneiro de 2008, cómpre que a avaliación das aprendizaxes do alumnado coa materia pendente siga un plan de traballo e sexa coordinada para que non se reduza á realización das probas establecidas. Para iso, este Departamento fixa as seguintes pautas de actuación:

#### **1. O alumnado afectado será informado** por escrito sobre, cando menos:

- quen van ser os responsábeis da avaliación,
- que contidos se van esixir,
- que actividades concretas debe realizar e en que prazos,
- se hai posibilidades de clases de recuperación fóra do horario lectivo xeral,
- que implica a cualificación positiva da materia (con contidos progresivos) no seu curso actual,
- e cales son as datas previstas para a realización das probas.

Tamén será consultado para captar as súas principais dificultades e poder, a partir de aí, adaptar as actividades.

**2. Contidos esixíbeis:** os **contidos** a traballar e avaliar serán os establecidos como *mínimos* -para o curso da pendente- nesta programación. Prestaráselles especial atención aos non presentes no curso seguinte.

**3. Actividades de avaliación :** As actividades a realizar serán determinadas polo conxunto do Departamento, indicadas e recollidas polo/a profesor/a actual do alumno ou alumna e corrixidas do xeito acordado entre aquel/a e a/o xefa do Departamento. Consistirán en:

- » cuestións sobre lecturas non realizadas o curso anterior
- » traballos que inclúan documentación, análise, creación, etc.
- » calquera das actividades individualizadas presentadas no apartado i) deste punto para os

suspensos na ESO.

A primeira entrega faráselle ao alumno, como moi tarde, no mes de novembro.

4. Dada a improbabilidade da organización de **clases de recuperación** fóra do horario lectivo xeral, estudarase a posibilidade de realizar apoios nos recreos. De non ser posíbel, será o propio profesorado do curso quen informe e oriente sobre os resultados das actividades de recuperación.

5. Os **criterios de avaliación específicos** da materia pendente penéiranse entre os do curso correspondente de acordo cos contidos mínimos.

6. A avaliación adecuarase no posíbel aos **criterios xerais de cualificación**, de modo que a realización das actividades antes citadas suporá ata un 40% da nota final, que se completará coa realización dos exames parciais (xaneiro/febreiro e abril) ou final (maio / setembro). A falla dalgún destes instrumentos de avaliación impediría conseguir o aprobado.

7. **Avaliación continua**. Posto que esta materia ten fundamentalmente *contidos progresivos e a avaliación é continua*, aquel alumnado que supere Lingua galega e literatura do seu curso actual na segunda avaliación considerárase que, cumprindo coas esixencias dos anteriores puntos, tamén alcanzou os obxectivos fixados para a pendente, da que xa non terá que se examinar en diante.

De xeito esquemático, o alumnado poderá conseguir o aprobado por medio destas diferentes vías:

a) realizar de xeito satisfactorio as **actividades entregadas** + aprobar a **2ª avaliación** do curso actual (marzo); evítase así os exames parciais e o final, de acordo coa avaliación continua.

b) realizar de xeito satisfactorio as **actividades entregadas** + superar os **parciais** (xaneiro e abril).

c) realizar de xeito satisfactorio as **actividades entregadas** + superar o **exame final** (maio)

d) superar o **exame final** extraordinario (setembro)

Así pois, para que este alumnado obteña a cualificación positiva determináronse no departamento os seguintes criterios:

- Superarase a área pendente sempre que se aprobe a segunda avaliación do presente curso, ou no seu defecto a terceira (atendendo sempre a materia progresiva e a consonancia temporal na avaliación de pendentes e ordinaria).

- Se no curso actual a cualificación obtida na primeira avaliación non é positiva, o profesorado que imparte docencia recomendará a realización de probas extraordinarias (parciais). En todo caso, avaliarase a evolución do alumno/a no presente curso e a súa actitude.

- Antes da realización dunha das dúas probas, o alumnado entregará as actividades que o departamento lle facilitou co fin de completar a nota do seu exame, así como repasar, reforzar e

afondar nos contidos mínimos sobre os que se examina. Estas actividades serán valoradas en torno ao 40% da nota global; o exame completará o restante.

- No mes de setembro celebrarase a proba extraordinaria na data que determine a Xefatura de estudos.

- Para o alumnado do PDC rexen os mesmos criterios que para o resto do alumnado. No caso de non ter aprobadas as dúas primeiras avaliacións ou a derradeira de PDC, terán valor as notas obtidas en cada unha das materias pendentes que conforman o ámbito sociolingüístico. Por isto, e para evitar contradicións e posibles confusións, debe haber unha consonancia temporal na avaliación de pendentes e na de ámbito, así como unha consonancia de criterios nas materias de cada ámbito.

- Respecto aos pendentes do ámbito de 3º, será o departamento e o titular do ámbito sociolingüístico de 4º quen elabore o material de repaso e o exame de pendentes, sempre de acordo e en consonancia cos restantes departamentos do ámbito.

- Alumnado con ACI: aquel alumnado con adaptación curricular en curso que tiver unha materia pendente nun curso previo sen adaptar, superará a materia se supera os obxectivos establecidos na adaptación. Se a materia pendente fose tamén con adaptación, o alumnado en cuestión seguirá un plan individual de superación diferente, adaptado ás súas necesidades contempladas xa na propia ACI.

O departamento difundirá os contidos mínimos que serán obxecto das probas e a relación de quen, ao seu xuízo, debe presentarse a elas.

#### Programas específicos personalizados. **Reforzos e actividades de recuperación.**

Tendo en conta que en cada curso propoñemos unhas actividades de ensino-aprendizaxe que recollen e reiteran o visto no curso anterior, para así poder avanzar de forma gradual nuns contidos que intensifican e enriquecen os cursos anteriores (de aí o concepto de programación cíclica), a realización destas actividades polo alumnado pendente supón un repaso e un reforzo do visto no curso anterior. Por iso é polo que aparece como criterio a superación das dúas primeiras avaliacións, xa que na terceira avánzase cara a estruturas máis complexas e cara a unha continuidade de diseminación-recolección.

Estas actividades realizaranse sen menoscabo e coa meta da superación dos exames propostos nos criterios arriba indicados, ou ben da superación das dúas primeiras avaliacións. As actividades propostas coincidirán, como nos demais alumnos da materia, cos procedementos de avaliación xa marcados no apartado específico.

Ademais, o alumnado recibirá unha serie de actividades que deberá entregar realizadas antes

da proba de exame. Estas abranguerán, dunha maneira eminentemente procedemental, os contidos sobre os que se examinan.

De ser posíbel, trataríase de atender este alumnado no día a día coa coordinación do profesorado dos niveis implicados.

## **2. OBXECTIVOS DA ÁREA E ETAPA**

### **2.1. PRIMEIRO CICLO**

Tendo en conta as características propias da área, xunto ás da etapa e as do alumnado, propoñemos os seguintes obxectivos:

– Valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.

– Valorar as variedades xeográficas do galego con vistas á aprendizaxe da lingua estándar libre de interferencias e prexuízos.

– Comprender diferentes tipos de mensaxes orais e escritas, analizando e valorando o seu uso nos diferentes contextos e situacións.

– Expresarse oralmente e por escrito con coherencia, corrección, creatividade e adecuación ás súas necesidades comunicativas.

– Coñecer e reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua nos seus planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, e sobre as condicións de produción e recepción das mensaxes en contextos sociais de comunicación, co fin de desenvolver a capacidade para regular as propias producións lingüísticas.

– Utilizar harmonicamente todos os recursos expresivos, tanto lingüísticos como non lingüísticos, na comunicación directa con outras persoas.

– Utilizar a linguaxe oral e escrita como instrumento para a comprensión, análise e



organización de feitos e saberes de calquera tipo.

– Coñecer, analizar e interpretar as linguaxes específicas e as funcións sociais dos medios de comunicación, así como o seu poder na orientación da opinión pública e os intereses que poden representar.

– Analizar e xulgar fundada e criticamente os diferentes usos sociais das linguas, evitando os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos (clasistas, sexistas, racistas...), mediante o recoñecemento do posíbel contido ideolóxico da linguaxe.

– Recoñecer os elementos estruturais e expresivos que caracterizan un texto literario, así como as principais obras e os autores máis significativos da literatura galega.

– Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica, valorando a lectura como fonte de pracer, ampliación de experiencias, coñecemento do patrimonio cultural e como estímulo para unha práctica literaria propia.

## **2.2. SEGUNDO CICLO**

- Utilizar a lingua galega para a comprensión e para a elaboración de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.

- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersonal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.

- Valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.

- Coñecer as linguaxes específicas e analizar criticamente as funcións sociais dos medios de comunicación de masas.

- Valorar as variedades xeográficas do galego con vistas á aprendizaxe da lingua estándar libre de interferencias e prexuizos.

- Identificar os elementos formais e os mecanismos da lingua nos planos fonético-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.

- Recoñecer os elementos temáticos, estruturais e expresivos que caracterizan un texto literario, así como as principais obras, autores e períodos máis significativos da literatura galega.

- Ler con fluidez, comprensión e actitude crítica, apreciando a literatura galega como patrimonio cultural e como estímulo para unha práctica literaria propia.

En conexión cos obxectivos, centramos unha serie de destrezas clave no desenvolvemento competencial do alumnado na ESO. Entendemos que estas habilidades é preciso desenvolverlas na maior medida posíbel, posto que garanten a amplitude competencial e facilitan a conexión coas esixencias dos cursos seguintes.

1º ESO	2º ESO	3º ESO
1 Comprender a intención comunicativa e a idea xeral ou os feitos fundamentais de noticias próximas de actualidade tomadas dos medios audiovisuais, de instrucións ou de breves exposicións orais	1 Comprender a intención comunicativa de crónicas, reportaxes e outros textos dos medios audiovisuais	1 Comprender a intención comunicativa explícita e implícita de crónicas, reportaxes e outros textos dos medios audiovisuais
2 Comprender o tema de noticias próximas de actualidade tomadas dos medios audiovisuais ou de breves exposicións	2 Comprender o tema e ideas principais de crónicas e reportaxes	2 Comprender o tema, ideas principais e secundarias de crónicas, reportaxes e outros textos dos medios audiovisuais
3 Resumir historias, noticias, mensaxes electrónicas (correo, chat) e	3 Seguir e recoller en esquema e mais nun resumo as ideas dunha exposición oral sinxela	3 Seguir e recoller en esquema e nun resumo as ideas dunha exposición oral académica
	4 Recoller a información relevante de diarios, cartas, reportaxes, crónicas...	4 Recoller a información relevante de presentacións de tarefas, instrucións, intervencións en simposios e exposicións orais de diferentes temáticas
	5 Identificar o propósito comunicativo de textos	5 Identificar e contrastar o propósito

informacións de enciclopedias ou glosarios con aspectos gráficos e trazos de cohesión claros	escritos como diarios, cartas persoais, solicitudes ou instrucións	comunicativo de textos escritos como actas, regulamentos, entrevistas, crónicas, reportaxes, instrucións ou presentacións, diferenciando información de opinión
4 Inferir os trazos clave do tipo expositivo e do xénero exposición oral	6 Extraer o tema e ideas principais destes textos escritos	6 Extraer o tema, ideas principais e secundarias destes textos escritos
5 Desenvolver o dominio das estratexias e fórmulas básicas da exposición oral	7 Detectar o tema e o subtema de narracións	7 Analizar criticamente o contido destes textos, interpretando connotacións, mensaxes implícitas e valoracións
6 Planificar exposicións orais a partir de informacións de actualidade, compoñendo un guión	8 Organizar os trazos do tipo expositivo e do xénero exposición oral	8 Contrastar o contido destes textos co procedente doutras fontes
7 Intervir para realizar exposicións orais claras e áxiles, seguindo o guión elaborado e mantendo a atención do auditorio coa axuda de pausas e inflexións da voz	9 Desenvolver o dominio das estratexias e fórmulas da exposición oral, especialmente para amosar as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios	9 Usar conscientemente os elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) nas intervencións orais planificadas
8 Autoavaliar e coavaliar atinadamente as exposicións orais realizadas	10 Planificar exposicións orais a partir de diferentes informacións de actualidade, compoñendo un guión	10 Desenvolver o dominio das estratexias e fórmulas da exposición oral, especialmente para o contraste de diferentes puntos de vista expresados en distintos medios audiovisuais
9 Inferir os trazos de textos escritos dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, fundamentalmente noticias, así como de descricións e relatos	11 Intervir para realizar exposicións orais claras e áxiles, seguindo o guión elaborado e axudándose dos medios audiovisuais e das TIC	11 Planificar exposicións orais a partir de informacións de actualidade diversas, compoñendo un guión
10 Desenvolver o dominio das estratexias e fórmulas	12 Autoavaliar e coavaliar atinadamente as exposicións orais realizadas	12 Intervir para realizar exposicións orais claras e áxiles, seguindo o guión elaborado e mantendo a atención do auditorio coa axuda de pausas e inflexións da voz, da linguaxe non verbal e dos medios audiovisuais e das TIC
	13 Inferir os trazos de textos escritos dos medios de comunicación en soporte	13 Autoavaliar e coavaliar atinadamente as exposicións orais

dese xénero	papel ou dixital,	realizadas
11 Planificar a redacción de noticias, descrições e contos partindo dun modelo e analizando a situación comunicativa	fundamentalmente crónicas e reportaxes, así como de diarios e cartas persoais	14 Inferir os trazos do tipo expositivo e do xénero informe
12 Compoñer o borrador, seguindo o planificado, destes textos	14 Desenvolver o dominio das estratexias e fórmulas deses xéneros	15 Desenvolver o dominio das estratexias e fórmulas do xénero informe
13 Revisar as propiedades textuais dos escritos con emprego de procesadores de textos, correctores ortográficos ou dicionarios	15 Planificar a redacción de crónicas e reportaxes, partindo dun modelo e analizando a situación comunicativa	16 Planificar informes orais ou resultados de traballos, compondo un guión
14 Coidar a presentación dos escritos: marxes, sangrados, tamaños de letra, ilustracións...	16 Compoñer o borrador, seguindo o planificado, destes xéneros dos medios	17 Intervir para realizar informes orais claros e áxiles, seguindo o guión elaborado e mantendo a atención do auditorio coa axuda de pausas e inflexións da voz, da linguaxe non verbal e dos medios audiovisuais e das TIC
15 Consultar de xeito guiado e efectivo os recursos da biblioteca, os medios de difusión e as TIC	17 Revisar as propiedades textuais destes textos, con emprego de procesadores de textos, correctores ortográficos ou dicionarios	18 Autoavaliar e coavaliar atinadamente os informes orais realizados
16 Seleccionar a información relevante indicada ou requirida a través de preguntas	18 Consultar con certa autonomía e con efectividade os recursos da biblioteca, os medios de difusión e as TIC	19 Inferir os trazos de textos propios da vida cotiá, das relacións sociais e dos medios, como actas de reunión, curriculum vitae, solicitudes ou entrevistas
17 Reformular minimamente a información escollida segundo o propósito comunicativo	19 Seleccionar a información relevante	20 Desenvolver o dominio das estratexias e fórmulas deses xéneros
18 Aprender o funcionamento dos	20 Reformular a información escollida segundo o propósito comunicativo	21 Planificar, analizando a situación comunicativa, xerando e organizando as ideas, actas de xuntanza, solicitudes e outros textos das relacións sociais
	21 Incorporar a información aos propios escritos	22 Compoñer o borrador, seguindo o planificado, actas de xuntanza, solicitudes e outros textos das relacións sociais
	22 Aprender o	

<p>mecanismos de cohesión deíxe persoal, a actualización, as referencias internas de tipo gramatical e os conectores máis comúns no traballo cos xéneros textuais</p> <p>19 Incorporar ás propias producións os mecanismos de cohesión</p> <p>20 Identificar as intencións comunicativas das modalidades oracionais de textos alleos e propios.</p> <p>21 Manexar nos textos as modalidades oracionais segundo as intencións</p> <p>22 Diferenciar palabras flexivas e non flexivas</p> <p>23 Recoñecer as categorías gramaticais básicas: substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio</p> <p>24 Recoñecer as regras de concordancia e as funcións sintácticas principais no seo da oración</p> <p>25 Aplicar as normas ortográficas apreciando os seus valores funcionais e sociais</p> <p>26 Tomar consciencia da presenza de prexuízos</p>	<p>funcionamento dos mecanismos de cohesión conectores espaciais, de oposición e contraste, deíxe espacial e temporal, relación entre os tempos verbais, relacións de contraste -antonimia- e referencia interna de tipo léxico, sobre todo a sinonimia e a elipse</p> <p>23 Incorporar ás propias producións os mecanismos de cohesión</p> <p>24 Aprender o funcionamento da adecuación, con atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía</p> <p>25 Incorporar ás propias producións as fórmulas de adecuación analizadas</p> <p>26 Inducir, no traballo textual, a estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecer os seus aspectos morfolóxicos principais</p> <p>27 Distinguir os distintos elementos sintácticos no nivel da frase para a mellora das estruturas na construción e revisión de</p>	<p>23 Revisar as propiedades textuais dos textos da vida cotiá, con emprego de procesadores de textos, correctores ortográficos ou dicionarios</p> <p>24 Procurar textos en diferentes soportes coa finalidade de extraer información que se poida integrar nas propias producións</p> <p>25 Analizar criticamente e seleccionar a información relevante de diferentes fontes</p> <p>26 Contrastar a información en diversas fontes con perspectivas ou opinións distintas</p> <p>27 Reformular a información útil segundo o propósito comunicativo</p> <p>28 Integrar a información nos propios escritos e recoñecer a autoría das ideas coa cita das fontes</p> <p>29 Aprender o funcionamento dos mecanismos de cohesión familias léxicas, referencias internas de tipo léxico -hiperonimia, nominalización...-, nexos e conectores presentativos, secuenciadores e de adición no traballo cos xéneros textuais</p> <p>30 Incorporar ás propias producións os mecanismos de cohesión</p> <p>31 Aprender o funcionamento adecuación, con atención ao recoñecemento das intencións comunicativas expresadas polos modos e perífrases, no traballo cos xéneros textuais</p>
---	---	---

lingüísticos evidentes a través de dinámicas	textos	32 Incorporar ás propias producións as fórmulas de adecuación analizadas
27 Observar diferenzas contextuais e formais entre textos de distintos niveis e rexistros	28 Aplicar a puntuación en relación coa cohesión sintáctica	33 Identificar a estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos expositivos, alleos e propios.
28 Aplicar a variación social segundo situacións comunicativas dadas	29 Recoñecer e analizar prexuízos lingüísticos	34 Revisar as regras de coherencia traballadas nos textos expositivos e incorporalas ás propias producións
29 Apreciar a diversidade lingüística do mundo actual	30 Coñecer a nosa lexislación esencial en materia lingüística a respecto da toponimia e a antroponimia	35 Recoñecer, na comprensión e produción de xéneros textuais, os mecanismos de formación de palabras derivación e composición
30 Recoñecer minimamente a situación das linguas da península	31 Observar diferenzas, en textos orais, entre as variedades xeográficas	36 Recoñecer a diferenza entre funcións sintácticas e unidades que as desempeñan, incluíndo as que teñen forma oracional, para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos
31 Identificar en informativos usos lingüísticos discriminatorios clasistas, racistas ou sexistas evidentes	32 Recoñecer as principais situacións sociolingüísticas no mundo	37 Coñecer as circunstancias que definen a formación e as diferentes etapas da historia social da lingua galega ata o s. XIX
32 Reflexionar sobre os estereotipos e prexuízos que sustentan eses usos discriminatorios	33 Recoñecer en reportaxes e crónicas usos lingüísticos discriminatorios clasistas, racistas ou sexistas evidentes	38 Comprender a situación de contacto lingüístico en Galicia diferenciando bilingüismo, diglosia e conflito
33 Procurar alternativas ás expresións discriminatorias en distintas producións	34 Analizar os estereotipos e prexuízos que sustentan eses usos discriminatorios	39 Analizar criticamente as consecuencias da situación sociolingüística galega a respecto da valoración, uso social e interferencias
34 Distinguir textos dos tres grandes xéneros literarios e extraer características	35 Procurar alternativas ás expresións discriminatorias en distintas producións	40 Relacionar causas e situacións dos procesos de expansión e minorización das linguas
35 Localizar e apreciar os recursos estilísticos rechamantes do nivel	36 Comparar razoadamente textos pertencentes a diversos subxéneros literarios, extraendo trazos comúns e diferenciais	
	37 Localizar e apreciar o	

<p>semántico</p> <p>36 Percibir e analizar os recursos que conforman o ritmo poético</p> <p>37 Localizar e apreciar a funcionalidade dos elementos formais básicos dos textos narrativos lidos</p> <p>38 Localizar e apreciar os compoñentes e procedementos máis relevantes das pezas dramáticas</p>	<p>valor funcional dos recursos estilísticos principais nos diferentes niveis</p> <p>38 Localizar e apreciar a funcionalidade dos elementos estruturais e formais dos textos narrativos: voces, cambios temporais...</p> <p>39 Localizar e apreciar os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros dramáticos</p>	<p>41 Relacionar causas e situacións dos procesos de substitución e normalización das linguas</p> <p>42 Recoñecer os usos lingüísticos discriminatorios clasistas, racistas ou sexistas en reportaxes, crónicas, entrevistas e noutros xéneros</p> <p>43 Detectar os estereotipos e prexuizos que sustentan eses usos discriminatorios</p> <p>44 Procurar alternativas ás expresións discriminatorias en distintas producións, valoralas e incorporalas ás producións propias con progresiva autonomía</p> <p>45 Centrar a motivación, intención e mensaxe de textos literarios representativos ligándoas co contexto histórico, social e cultural no que xorden</p> <p>46 Valorar e apreciar os autores e autoras dos períodos literarios (Medieval, Rexurdimento) como referentes tanto no noso patrimonio literario como na obra de autores-as posteriores</p> <p>47 Explicar a funcionalidade dos recursos dun texto literario de acordo co tema máis o contexto</p>
---	--	--

### 3. PRIMEIRO CURSO

# UNIDADE 1

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO**

---

### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Comprender, compoñer e comentar distintos tipos de textos segundo a intención comunicativa ou creativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que permita ampliar a capacidade expresiva e comprensiva.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Identificar a estrutura da palabra, os mecanismos que a forman e a súa tipoloxía para o enriquecemento do vocabulario da súa lingua.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### **- Competencia matemática**

- Interpretar correctamente a información presentada en formato gráfico.

### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en enciclopedias, dicionarios ou en Internet como maneira de ampliar coñecementos.
- Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.

### **- Competencia social e cidadá**

- Cooperar nos traballos colectivos e nos debates establecidos na aula.
- Valorar a importancia da familia e das relacións que nela se establecen.



### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe: resumo e esquemas.
- Aplicar en diferentes contextos os coñecementos adquiridos.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Mostrar unha actitude reflexiva cara ao tema das linguas e expresar a súa opinión de maneira razoada.

### **- Competencia cultural e artística**

- Valorar o texto literario como unha manifestación artística e cultural de gran valor dentro dunha comunidade.
- Valorar a diversidade lingüística como ben cultural dunha sociedade.
- Redactar textos propios con certa pretensión literaria seguindo un modelo.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.
- Valorar a riqueza das linguas.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa familia.
- Comprender que é un campo semántico.
- Entender a estrutura da palabra e recoñecer as distintas clases.
- Clasificar as palabras polo número de sílabas.
- Distinguir sílabas tónicas e átonas e identificar ditongos e hiatos.
- Distinguir textos literarios e non literarios.
- Identificar os xéneros literarios.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le con fluidez e coa atención adecuada un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Valora a riqueza das linguas.
- 2.2. Participa de forma activa nos traballos de grupo e nos debates.

- 2.3. Amplia o vocabulario básico relacionado coa familia.
- 2.4. Comprende que é un campo semántico.
- 2.5. Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.
- 2.6. Recoñece as distintas clases de palabras.
- 2.7. Clasifica as palabras polo número de sílabas.
- 2.8. Distingue sílabas tónicas e átonas.
- 2.9. Identifica e analiza ditongos e hiatos.
- 3.1. Diferencia textos literarios e textos non literarios.
- 3.2. Nun texto literario dado, recoñece as peculiaridades que o identifican como tal.
- 4.1 Comprende a intención comunicativa dun texto e as características propias dun texto instrutivo.

## **UNIDADE 2**

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Comprender, compoñer e comentar distintos textos segundo a intención comunicativa.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

#### **- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Coñecer o espazo no que teñen lugar os acontecementos sociais e culturais próximos á súa vida.
- Implicarse no uso responsable dos recursos naturais e na conservación do medio a través da reciclaxe.

### - **Competencia matemática**

- Aplicar correctamente o razoamento dedutivo para solucionar actividades.

### - **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios de distintas clases e *on-line*.
- Interpretar mapas.
- Analizar a linguaxe específica dos correos electrónicos.
- Utilizar as TIC para obter información audiovisual.

### - **Competencia social e cidadá**

- Practicar o diálogo para expresar as propias ideas e escoitar as dos demais.
- Valorar o mérito real das persoas que nos rodean no noso contorno social.

### - **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe: cadros e esquemas.
- Aplicar noutros contextos os coñecementos adquiridos.

### - **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Mostrar unha actitude aberta e comprometida con respecto á diversidade lingüística e cultural do Estado español.

### - **Competencia cultural e artística**

- Valorar os diversos usos e costumes de culturas diferentes á propia.
- Valorar as obras de arte e a súa transcendencia cultural como riqueza dun pobo.
- Exercitar a capacidade expresiva e creativa a través da redacción de textos.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.
- Identificar as linguas do Estado español e a súa situación.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa rúa.
- Relacionar sinónimos.
- Recoñecer semántica e formalmente os substantivos e clasificalos.

- Coñecer as normas de formación do plural.
- Recoñecer as regras xerais de acentuación.
- Recoñecer e analizar os elementos do xénero narrativo.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Identifica as linguas do Estado español e a súa situación.
- 2.2. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Identifica os substantivos comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.
- 2.4. Forma o plural de substantivos dados.
- 2.5. Clasifica as palabras en agudas, graves e esdrúxulas.
- 2.6. Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación.
- 2.7. Acentúa correctamente palabras con *i* ou *u* na sílaba tónica.
- 3.1. Analiza nun texto narrativo algúns dos seus elementos básicos: narrador, personaxes e argumento.
- 4.1. Analiza a estrutura dun correo electrónico.

## **UNIDADE 3**

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

---

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios.

#### **- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Coñecer o espazo no que se realizan determinadas actividades de lecer próximas aos seus intereses e á súa vida cotiá.
  
- **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**
  - Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
  - Adquirir habilidades para seleccionar, tratar e interpretar a información con espírito crítico e reflexivo.
  - Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.
  
- **Competencia social e cidadá**
  - Comprender e valorar o papel que cadaquén desempeña dentro do núcleo familiar ou do grupo social.
  - Valorar a importancia da descrición positiva das persoas que nos rodean para establecer vínculos cordiais que faciliten a convivencia.
  - Mostrar unha actitude positiva na resolución de conflitos e proposta de solucións.
  
- **Competencia para aprender a aprender**
  - Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe individual e colectiva.
  - Realizar traballos de investigación e actuar de maneira reflexiva na interpretación da información acadada.
  - Aplicar noutros contextos os coñecementos adquiridos.
  - Aplicar procedementos lúdicos que contribúen ao goce da materia.
  
- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
  - Planificar as súas tarefas e reaccionar positivamente ante posibles adversidades.
  - Extraer ensinanzas dos textos lidos, fundamentalmente das fábulas, e intentar aplicarlas na vida real.
  
- **Competencia cultural e artística**
  - Valorar o plurilingüismo como unha realidade universal que enriquece os individuos e os pobos.
  - Valorar as manifestacións literarias como expresión dunha sensibilidade artística individual que persegue o embelecemento da realidade.
  - Exercitar a capacidade creativa a través da redacción de textos literarios.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez e coa entoación e pausas adecuadas.
- Entender o plurilingüismo como unha riqueza cultural e social.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado co mar e coa praia.
- Traballar con palabras polisémicas.
- Identificar o xénero dos substantivos e formar o feminino a partir de nomes dados.
- Coñecer e aplicar as regras específicas de acentuación.
- Recoñecer e analizar os elementos de espazo e tempo nun texto narrativo.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le un fragmento de texto coa fluidez e a comprensión adecuadas, e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Entende o plurilingüismo como unha riqueza cultural e social.
- 2.2. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Analiza os significados de palabras polisémicas.
- 2.4. Indica o xénero dalgúns substantivos.
- 2.5. Coñece as regras de formación do feminino dos substantivos.
- 2.6. Aplica as regras específicas de acentuación.
- 3.1. Recoñece e analiza os elementos de espazo e tempo nun texto narrativo.
- 4.1. Comenta e crea un texto descritivo de persoas.

## **UNIDADE 4**

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO**

---

- **Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios e informativos.
  - Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
  - Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
  - Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
  - Comprender, compoñer e comentar distintos textos segundo a intención comunicativa.
  - Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
- Asimilar hábitos respectuosos co medio e ser consciente da transcendencia da súa actuación individual no futuro da natureza.
  - Saber describir con propiedade o mundo físico que o rodea.
  - Coñecer o medio no que tiveron lugar determinados acontecementos sociais.
- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**
- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
  - Adquirir habilidades para seleccionar e interpretar a información con espírito crítico.
  - Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.
- Competencia social e cidadá**
- Coñecer certos aspectos legais polos que a lingua galega é recoñecida como lingua oficial e propia da nosa comunidade.
  - Coñecer os seus dereitos e deberes como cidadán.
  - Practicar o diálogo como forma razoada e tolerante de expresar as propias ideas e escoitar as dos demais.
- Competencia para aprender a aprender**
- Aplicar técnicas de traballo que melloran a aprendizaxe individual e colectiva.
  - Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicalos.
- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
- Reflexionar e expresar a opinión persoal respecto dun tema dado.
  - Saber «ler entre liñas» e extraer conclusións.
- Competencia cultural e artística**

- Valorar as lendas como manifestación literaria das crenzas e da sabedoría popular.
- Exercitar a capacidade expresiva e creativa a través da redacción de textos literarios.
- Valorar a expresión literaria como un modo diferente de interpretar a realidade cotiá.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Coñecer a lexislación sobre o galego.
- Ampliar o vocabulario relacionado coas características persoais.
- Traballar con termos contrarios.
- Recoñecer os adxectivos cualificativos e os seus graos.
- Realizar comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.
- Coñecer e aplicar correctamente os acentos diacríticos.
- Recoñecer a estrutura dun texto narrativo.
- Comprender as diferenzas existentes entre unha novela e un relato.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas e coméntao seguindo unhas pautas dadas.
- 2.1. Coñece a lexislación sobre o galego.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Comprende o que son os termos contrarios.
- 2.4. Recoñece os adxectivos cualificativos e distingue entre adxectivos variables e invariables.
- 2.5. Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.
- 2.6. Coñece e aplica correctamente o acento diacrítico.
- 3.1. Identifica a estrutura dun texto narrativo.
- 3.2. Comprende a diferenza entre novela e relato.
- 4.1. Redacta a descrición dun lugar seguindo determinadas estratexias.

## **UNIDADE 5**



## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

---

### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e predictivos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### **- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Valorar a importancia da tradición oral na transmisión da lingua.
- Interesarse pola elaboración de traballos relacionados co coñecemento do medio físico no que vivimos.

### **- Competencia matemática**

- Interpretar correctamente a información presentada en formatos gráficos.

### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Interpretar mapas e códigos iconográficos.
- Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.

### **- Competencia social e cidadá**

- Valorar as relacións de veciñanza e a importancia que teñen nas nosas vidas as persoas que nos rodean.
- Recoñecer e valorar a diversidade da fala nas diferentes zonas da nosa comunidade.
- Valorar a presenza da lingua en calquera situación da vida cotiá e rexeitar os prexuízos que existen contra ela.

### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe individual e colectiva.

- Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicalos.
- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
  - Reflexionar acerca da situación da lingua galega, argumentando as súas opinións de maneira reflexiva.
  - Investigar de maneira autónoma e eficiente para realizar os traballos propostos.
- **Competencia cultural e artística**
  - Ser consciente de que unha lingua é moito máis ca un sistema de comunicación.
  - Valorar a literatura popular como unha parte privilexiada do noso acervo cultural.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Coñecer o concepto de *prexuízo lingüístico*.
- Ampliar o vocabulario relacionado coa casa.
- Recoñecer palabras homónimas.
- Identificar os artigos e adxectivos determinativos e a súa función.
- Utilizar correctamente as formas dos artigos, dos demostrativos e dos posesivos.
- Coñecer e aplicar as regras que rexen o uso das maiúsculas.
- Recoñecer as características da literatura popular e, en especial, do conto popular.
- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Coñece o concepto de *prexuízo lingüístico*.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Comprende o que son as palabras homónimas.
- 2.4. Recoñece e utiliza correctamente os artigos.
- 2.5. Recoñece e utiliza correctamente os posesivos.
- 2.6. Recoñece e utiliza correctamente os demostrativos.

- 2.7. Coñece e aplica correctamente as regras que rexen o uso das maiúsculas.
- 3.1. Recoñece as características da literatura popular e comenta e clasifica un conto popular.
- 4.1. Comenta textos predictivos atendendo ás súas características e intención comunicativa.

## UNIDADE 6

### COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

---

#### - **Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e persoais.
- Comprender, compoñer e empregar distintos tipos de textos segundo a intención comunicativa ou creativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

#### - **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Comprender a importancia que o respecto pola natureza ten para o futuro da humanidade.

#### - **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.
- Analizar os elementos propios dalgúns recursos *on-line* de uso habitual.
- Valorar a intención comunicativa dos *blogs*.

#### - **Competencia social e cidadá**

- Comprender a importancia de utilizar diferentes rexistros lingüísticos segundo a situación de comunicación.
- Rexeitar a influencia das modas nos hábitos alimentarios ou na estética.

### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe individual e colectiva.
- Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicalos.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Expresar os seus propios pensamentos e experiencias vitais.
- Entender o coñecemento dos mitos e lendas como elemento para espertar a imaxinación e a creatividade.
- Cooperar nos traballos en grupo como maneira de incentivar a confianza.

### **- Competencia cultural e artística**

- Valorar os refráns como froito da sabedoría popular.
- Valorar os autores clásicos como referentes do noso patrimonio literario.
- Valorar os mitos e lendas como expresión da percepción da realidade por un pobo.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Coñecer os rexistros lingüísticos.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa alimentación.
- Coñecer e aplicar os prefixos e sufixos máis habituais.
- Coñecer as formas dos adxectivos determinativos: indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos, e aplicalas correctamente nas producións propias.
- Coñecer as regras de uso do punto e dos signos de interrogación e admiración.
- Recoñecer as características da literatura popular, en especial dos mitos e as lendas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Coñece os rexistros lingüísticos.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.

- 2.3. Identifica os prefixos e sufixos máis habituais.
- 2.4. Coñece e utiliza correctamente as formas dos indefinidos.
- 2.5. Coñece e utiliza correctamente as formas dos numerais.
- 2.6. Coñece e utiliza correctamente as formas dos interrogativos e exclamativos.
- 2.7. Aplica correctamente o punto e os signos de interrogación e admiración en diversos textos.
- 3.1. Coñece as características da literatura popular, en especial dos mitos e as lendas.
- 4.1. Coñece os trazos lingüísticos e a estrutura propia dun diario.

## **UNIDADE 7**

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

---

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e periodísticos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.
- Valorar o uso dos recursos literarios como enriquecedores da expresión oral e escrita.

#### **- Competencia matemática**

- Aplicar os coñecementos de creación de gráficos e táboas na resolución de actividades, representación dos resultados de enquisas, etc.

#### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Manexar de maneira habitual e correcta o dicionario.
- Desenvolver habilidades para comunicar información imitando os medios de comunicación ao noso alcance: prensa escrita, televisión, radio...

### **- Competencia social e cidadá**

- Reflexionar acerca da importancia da presenza social dunha lingua como medio para acadar a súa normalización.
- Mostrar curiosidade por coñecer a diversidade de fala nas diferentes zonas.
- Recoñecer o papel social e informativo dos medios de comunicación.

### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe: resumos, cadros, táboas...
- Aplicar os coñecementos adquiridos en diferentes contextos.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Reflexionar acerca dos límites que cada un debe recoñecer no seu comportamento e as súas actitudes, para acadar unha convivencia pacífica cos demais.
- Ler de maneira crítica e reflexiva os textos periodísticos.
- Explotar os recursos retóricos para espertar a sensibilidade e creatividade.

### **- Competencia cultural e artística**

- Amosar unha actitude positiva cara á lingua galega, sinal de identidade dun pobo.
- Interesarse pola orixe e introdución de determinados préstamos.
- Valorar o carácter expresivo da poesía e entendela como reflexo dunha sensibilidade.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Identificar diferentes actitudes lingüísticas.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado coa hixiene,
- Identificar algúns préstamos.
- Recoñecer e aplicar correctamente as formas tónicas dos pronomes persoais.
- Diferenciar a función da coma e do punto e coma.
- Recoñecer as características específicas do xénero lírico.
- Realizar o cómputo silábico de versos, atendendo ás posibles licenzas métricas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1.1. Le un texto narrativo con fluidez e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Comenta diferentes actitudes lingüísticas.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario aprendido.
- 2.3. Comprende o concepto de *préstamo*.
- 2.4. Identifica e utiliza correctamente as formas tónicas do pronome persoal.
- 2.5. Aplica correctamente a coma e o punto e coma en diversos textos.
- 3.1. Analiza as características do xénero lírico.
- 3.2. Mide os versos dun poema atendendo ás posibles licenzas métricas.
- 4.1. Comenta una noticia e coñece a súa estrutura.

## **UNIDADE 8**

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comenta textos literarios, informativos e expositivos.
- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Comprender, compoñer e empregar distintos textos segundo a intención comunicativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas.

#### **- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Interesarse polo coñecemento da nosa paisaxe e por utilizar correctamente a terminoloxía que a designa.

**- Competencia matemática**

- Aplicar os coñecementos de creación de gráficos e táboas na resolución de actividades, creación de cadros cronolóxicos, etc.

**- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.

**- Competencia social e cidadá**

- Recoñecer o papel desempeñado polas redes sociais nas relacións interpersoais.

**- Competencia para aprender a aprender**

- Mostrar interese pola correcta realización de traballos de investigación e exposición.
- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe: resumos, cadros, táboas...
- Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicalos.

**- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Reflexionar acerca da importancia da amizade e das relacións interpersoais na nosa maduración como persoas.

**- Competencia cultural e artística**

- Recoñecer o importante labor de organismos e particulares de fóra de Galicia a prol da cultura galega.
- Valorar o carácter expresivo da poesía e analizar algúns dos seus recursos propios.
- Recoñecer o carácter expresivo da canción e valorar as manifestacións folclóricas como parte do noso acervo cultural.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Coñecer a situación do galego fóra de Galicia.
- Coñecer o vocabulario relacionado co medio natural.



- Identificar os parónimos.
- Recoñecer os pronomes persoais e as súas formas átonas.
- Coñecer a función dos dous puntos e dos puntos suspensivos.
- Recoñecer as características propias do xénero lírico e identificar a rima dun poema.
- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Coñece a situación do galego fóra de Galicia.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Identifica e usa correctamente algúns parónimos.
- 2.4. Recoñece e emprega correctamente as formas átonas do pronome persoal.
- 2.5. Recoñece e emprega correctamente as contraccións de pronomes átonos.
- 2.6. Aplica correctamente os dous puntos e os puntos suspensivos.
- 3.1. Comenta textos literarios do xénero lírico e analiza a rima.
- 4.1. Realiza un cadro cronolóxico a partir duns datos dados.

## **UNIDADE 9**

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e argumentativos.
- Comprender, compoñer e empregar distintos textos segundo a intención comunicativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas.

- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Comprender a importancia do medio no desenvolvemento dos acontecementos e mesmo na interpretación da realidade en cada época.

- **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Analizar información e comentar as opinións doutras persoas a través da Rede.
- Recoñecer o avance das novas tecnoloxías e a súa implicación na vida cotiá.

- **Competencia social e cidadá**

- Valora o papel de determinados *blogs* e páxinas *web* para combater os prexuízos contra a nosa lingua e fomentar a súa normalización.
- Cooperar nos traballos de grupo e participar na expresión de opinións.
- Valorar a importancia de seguir hábitos de vida saudables.

- **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe: resumos, cadros, táboas...
- Aplicar os coñecementos adquiridos noutros contextos.
- Mostrar interese por coñecer as técnicas e mecanismos que inciden nunha mellor comunicación escrita.

- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Expresar as súas experiencias e recordos.
- Levar a cabo con responsabilidade proxectos individuais ou colectivos.

- **Competencia cultural e artística**

- Valorar a importancia dos libros e da literatura como tesouro cultural e transmisión de coñecementos de xeración en xeración.
- Valorar o carácter expresivo da poesía e analizar algúns dos seus recursos propios.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Recoñecer iniciativas como a de «O galego é útil».
- Coñecer o vocabulario básico relacionado co corpo humano.
- Recoñecer o verbo e analizar os seus compoñentes: lexema e desinencias.
- Analizar diferentes formas verbais atendendo ao valor que achegan as desinencias.
- Coñecer e utilizar correctamente as formas nominais dos verbos
- Identificar e distinguir palabras con e sen *h*.
- Analizar textos pertencentes ao xénero lírico e identificar certas estrofas.
- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- 2.1. Recoñece iniciativas como a de «O galego é útil».
- 2.2. Coñece o vocabulario básico relacionado co corpo humano.
- 2.3. Recoñece e emprega correctamente algunhas palabras homófonas.
- 2.4. Identifica a conxugación á que pertence unha forma verbal e di as súas formas nominais.
- 2.5. Analiza o lexema e as desinencias de formas verbais dadas.
- 2.6. Analiza morfoloxicamente formas verbais dadas.
- 2.7. Escribe correctamente palabras con e sen *h*.
- 3.1. Analiza textos pertencentes ao xénero lírico e identifica as estrofas.
- 4.1. Comenta un texto argumentativo atendendo ás súas características específicas.

## **UNIDADE 10**

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

---

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e argumentativos.
- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que

recibimos do noso contorno.

- Comprender, compoñer e empregar distintos textos segundo a intención comunicativa.
  - Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
  - Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
  - Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
  - Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**
- Comprender a incidencia do medio no que vivimos na interpretación da realidade e nos modos de divertimento.
- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**
- Buscar información en dicionarios e en Internet, como maneira de ampliar coñecementos.
- Competencia social e cidadá**
- Valorar o labor social e institucional no recoñecemento e normalización dunha lingua e analizar a situación real do galego nos distintos ámbitos da sociedade.
  - Valorar o uso adecuado da lingua como un medio para acadar, mediante a argumentación, determinados obxectivos da vida cotiá.
- Competencia para aprender a aprender**
- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe: resumos, cadros, táboas...
  - Mostrar interese por coñecer as técnicas e mecanismos que inciden nunha mellor comunicación escrita.
- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
- Mostrar unha actitude positiva cara aos posibles cambios que poden ter lugar na súa vida e esforzarse por adaptarse ás novas situacións.
  - Analizar con responsabilidade as posibles consecuencias dos propios actos.
- Competencia cultural e artística**
- Considerar as festas tradicionais como manifestación cultural dun pobo.
  - Valorar os autores clásicos como modelo de manifestacións literarias posteriores.
  - Valorar o carácter expresivo da poesía.

- Interpretar os caligramas como manifestación artística que combina texto e imaxe.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Entender o concepto de *normalización lingüística*.
- Coñecer o vocabulario relacionado coa saúde e identificar castelanismos léxicos.
- Saber conxugar os verbos regulares.
- Coñecer as peculiaridades dalgúns verbos regulares.
- Escribir correctamente palabras con *b* e con *v*, atendendo especialmente a aquelas que poidan presentar interferencias co castelán.
- Coñecer e aplicar algúns recursos poéticos básicos.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le con fluidez un texto literario e realiza o comentario correspondente.
- 2.1. Entende o concepto de *normalización lingüística*.
- 2.2. Coñece o vocabulario relacionado coa saúde.
- 2.3. Identifica e corrixe algúns castelanismos léxicos.
- 2.4. Sabe conxugar os verbos regulares.
- 2.5. Sabe conxugar algúns verbos regulares con variacións ou que poden ofrecer certas dúbidas respecto da súa regularidade.
- 2.6. Escribe correctamente palabras con *b* e con *v*.
- 3.1. Coñece e aplica algúns recursos poéticos básicos.
- 4.1. Analiza a estrutura e os recursos argumentativos dunha reclamación.

## **UNIDADE 11**

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

---

### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e explicativos.
- Comprender, compoñer e empregar distintos tipos de textos segundo a intención comunicativa ou creativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Valorar a práctica teatral como enriquecedora da expresión oral.

### **- Competencia matemática**

- Utilizar fórmulas matemáticas para expresar emocións.
- Aplicar os coñecementos de creación de gráficos e táboas na resolución de actividades e na interpretación de datos.

### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.

### **- Competencia social e cidadá**

- Sentir a lingua como parte da súa identidade colectiva.
- Participar activamente nos traballos colectivos e nas representacións teatrais.
- Analizar a importancia da publicidade nas condutas individuais.

### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe individual e colectiva: resumos, cadros, táboas...
- Mostrar interese por coñecer as técnicas e mecanismos que inciden nunha mellor comunicación escrita.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Discriminar de maneira madura o que é realmente importante na vida e relativizar outros aspectos materiais.
- Mostrar interese por coñecer a historia das cousas que nos rodean.

### **- Competencia cultural e artística**

- Valorar a riqueza cultural e expresiva que ofrece calquera lingua, e recoñecela coma un ben común que cómpre conservar e defender.
- Valorar os textos dramáticos como manifestación artística e cultural.
- Valorar as variedades xeográficas dunha lingua como parte das manifestacións culturais dunha comunidade.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Recoñecer textos que expoñan o sentimento de pertenza á comunidade galegofalante.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado co cuarto de durmir.
- Recoñecer os adverbios e a súa función, e identificar as distintas clases de adverbios e locucións adverbiais.
- Aplicar correctamente *s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-*.
- Recoñecer as características básicas do texto dramático.
- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Recoñece textos que expoñan o sentimento de pertenza á comunidade galegofalante.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Identifica os adverbios e as locucións adverbiais e recoñece a súa función.
- 2.4. Clasifica os adverbios e locucións adverbiais segundo o significado que expresen.
- 2.5. Aplica correctamente *s* ou *x* nas palabras que comezan por *es-* e *ex-*.
- 3.1. Recoñece as características básicas do xénero teatral.
- 4.1. Analiza as características específicas dun texto explicativo.

## UNIDADE 12

### COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO

---

#### - **Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, técnicos e científicos.
- Comprender, compoñer e empregar distintos tipos de textos segundo a intención comunicativa ou creativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

#### - **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Mostrar interese por coñecer o noso medio físico e valorar calquera actitude, individual ou institucional, tendente á súa conservación.

#### - **Competencia matemática**

- Comprender a importancia de interpretar correctamente a linguaxe científica.

#### - **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet, como maneira de ampliar coñecementos.

#### - **Competencia social e cidadá**

- Valorar o labor de determinados colectivos a prol da normalización da nosa lingua e o seu empeño para que sexa recoñecida como «lingua de prestixio».

#### - **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe individual e colectiva: resumos, cadros, táboas...
- Mostrar interese por coñecer as técnicas e mecanismos que inciden nunha mellor comunicación



escrita.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Recoñecer a importancia de facer as cousas «a tempo» e mostrar unha actitude responsable cara ao traballo e á consecución dos seus obxectivos.
- Reaccionar con madurez ante os conflitos e saber como resolvelos.
- Valorar as relacións de amizade e gozar coas actividades colectivas.

### **- Competencia cultural e artística**

- Gozar coa lectura de bandas deseñadas e recoñecer o seu valor artístico, como obra que combina a linguaxe plástica, iconográfica e verbal.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Recoñecer as funcións dos equipos de normalización lingüística.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado cos sentidos.
- Recoñecer as oracións e as súas clases.
- Identificar o suxeito e o predicado dunha oración.
- Analizar e clasificar os distintos casos de oracións sen suxeito.
- Escribir correctamente palabras con *i*, con *x* e con *ll*.
- Analizar os elementos propios da linguaxe do cómic.
- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le e comenta un texto que combine texto e imaxe.
- 2.1. Recoñece as funcións dos Equipos de Normalización da Lingua Galega.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Identifica oracións, recoñece se son simples ou compostas e clasifícaaas segundo a intención do emisor.
- 2.4. Identifica e analiza o suxeito e o predicado dunha oración.

- 2.5. Recoñece e analiza as distintas oracións sen suxeito.
- 2.6. Aplica correctamente as grafías *i, x, ll*.
- 3.1. Analiza os elementos dun cómic.
- 4.1. Analiza os trazos lingüísticos propios dos textos científicos, técnicos ou humanísticos.

## **Contidos Mínimos**

\* Elaboración, tanto na oralidade como na escrita, de todo tipo de producións (descricións, narracións...) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.

\* Recoñecemento das características dos xéneros literarios (narrativa, lírica e dramática) e das peculiaridades da lingua literaria.

\* Produción de textos escritos de diferente tipoloxía, prestando atención á situación comunicativa e aos criterios de corrección ortográfica, acentual e puntual esixíbeis neste nivel.

\* Recoñecemento das clases de palabras semántica e formalmente.

\* Identificación das ideas clave e xerarquización da información máis relevante dun texto.

\* Coñecemento do alfabeto e diferenciación de sons, letras e dígrafos.

\* Coñecemento xeral da situación da lingua galega, como lingua propia de Galicia; e do plurilingüismo como un reflexo da diversidade cultural.

\* Demostración de ter lido os libros de lectura obrigatoria marcados para o curso.

## **4. SEGUNDO CURSO**

## UNIDADE 1

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.
- Recoñecer as características propias da noticia.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado cos xogos.
- Recoñecer as palabras compostas e identificar os seus compoñentes.
- Identificar o xénero dos substantivos e coñecer as regras de formación do feminino.
- Diferenciar unha frase dunha oración.
- Coñecer e aplicar as regras de acentuación.
- Identificar textos literarios.
- Describir os elementos do contorno.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez e coa atención adecuada un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Identifica as características propias da noticia como xénero periodístico.
- 2.2. Amplía o vocabulario básico relacionado cos xogos.
- 2.3. Identifica palabras compostas e recoñece a súa estrutura.
- 2.4. Identifica o xénero dos substantivos e aplica as regras de formación do feminino.
- 2.5. Recoñece a diferenza entre unha frase e unha oración.
- 2.6. Recoñece o suxeito e o predicado dunha oración e identifica as distintas frases que a constitúen.
- 2.7. Coñece e aplica correctamente as regras de acentuación.
- 3.1. Recoñece as características que definen un texto como literario.
- 4.1. Comprende e identifica as características propias dun texto descritivo.

### COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO

### - **Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Comprender, compoñer e comentar distintos tipos de textos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que permita ampliar a capacidade expresiva e comprensiva.
- Asimilar as regras que rexen a formación, a relación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### - **Competencia matemática**

- Aplicar o razoamento dedutivo na resolución de actividades e xogos.

### - **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información na Rede como maneira de ampliar coñecementos.
- Ler e interpretar noticias de xornais impresos ou dixitais.
- Interpretar e describir imaxes.
- Utilizar recursos audiovisuais como complemento da información que achega o libro.

### - **Competencia social e cidadá**

- Cooperar nos traballos colectivos e nos debates establecidos na aula.
- Valorar a importancia do xogo como mecanismo de relación social e de desenvolvemento individual.

### - **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe.
- Aplicar en diferentes contextos os coñecementos adquiridos.
- Realizar traballos de investigación en equipo para profundar na materia estudada.

### - **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Ler de maneira reflexiva e crítica e extraer conclusións.
- Investigar de maneira autónoma e eficiente sobre os temas propostos.

### - **Expresión cultural e artística**

- Valorar o texto literario como unha manifestación artística e cultural de gran valor dentro dunha comunidade.
- Valorar a arquitectura como unha manifestación da riqueza dun pobo.

## **CONTIDOS**

- 1. Lectura e comentario:** «Castelos na area» (Gonzalo Navaza: *Erros e Tánatos*, Edicións Xerais).
- 2. Lingua:** COMUNICACIÓN: A noticia. VOCABULARIO: Os xogos. As palabras compostas.  
GRAMÁTICA: O xénero do substantivo. A oración e a frase. ORTOGRAFÍA: Acentuación.
- 3. Literatura:** O texto literario. OBRADOIRO DE LITERATURA: Transformar textos literarios en non literarios e viceversa.
- 4. Competencia lingüística:** Comentar un texto descritivo.

## **UNIDADE 2**

### **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.
- Valorar a riqueza do bilingüismo.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa flora e a fauna.
- Formar palabras derivadas mediante a sufixación.
- Coñecer as normas de formación do plural dos substantivos.
- Identificar os compoñentes da frase e diferenciar as clases de frases.
- Aplicar correctamente o til diacrítico en palabras con e e con o.
- Coñecer as características propias da literatura popular ou tradicional.
- Interpretar a ficha dunha película.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Comprende os conceptos de *bilingüismo* e *cooficialidade*.
- 2.2. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Forma palabras novas engadindo sufixos ao lexema.
- 2.4. Forma o plural de substantivos dados.
- 2.5. Recoñece os elementos constitutivos dunha frase e clasificaas segundo a súa estrutura.
- 2.6. Aplica correctamente o til diacrítico en palabras con e e con o.
- 3.1. Comenta, a partir dun texto, as características propias da literatura popular.
- 4.1. Analiza a estrutura e o contido da ficha dunha película.

## COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

### - Competencia en comunicación lingüística

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Comprender, compoñer e comentar distintos textos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación, a relación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### - Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Interesarse polo coñecemento do noso contorno natural e por utilizar correctamente a terminoloxía que se refire a este.

### - Competencia para o tratamento da información e competencia dixital

- Analizar a linguaxe específica da ficha técnica dunha película.
- Utilizar as TIC para obter información audiovisual.

### - **Competencia social e cidadá**

- Respetar e valorar a lingua propia e as doutras comunidades e países.
- Valorar o labor de determinados colectivos a prol da normalización da nosa lingua e o seu empeño para que sexa recoñecida como «lingua de prestixio».

### - **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe: o subliñado e a organización de ideas.
- Aplicar noutros contextos os coñecementos adquiridos.

### - **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Mostrar unha actitude aberta e comprometida con respecto ao bilingüismo.

### - **Expresión cultural e artística**

- Valorar o bilingüismo como ben cultural dunha sociedade.
- Exercitar a capacidade expresiva e creativa a través da redacción de textos.
- Valorar a literatura popular como unha manifestación da riqueza cultural dun pobo.

## CONTIDOS

- 1. Lectura e comentario:** «Volver» (Luís Seixido: *O cazador de trolls*, Ed. Sotelo Blanco).
- 2. Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: O status das linguas. VOCABULARIO: A flora e a fauna. Os sufixos. GRAMÁTICA: O número do substantivo. A frase. ORTOGRAFÍA: O til diacrítico en palabras con e e con o. OBRADOIRO DE LINGUA: Identificar e organizar as ideas fundamentais dun texto.
- 3. Literatura:** A literatura popular.
- 4. Competencia lingüística:** A ficha dunha película.

## UNIDADE 3

## **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Ler de maneira comprensiva, con fluidez e coa entoación e pausas adecuadas.
- Recoñer a diferenza entre unha noticia e unha noticia breve.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado co aspecto físico das persoas.
- Recoñecer a relación semántica entre termos complementarios.
- Identificar o adxectivo cualificativo e as súas características morfolóxicas.
- Recoñecer o suxeito dunha oración e identificar o tipo de frases que poden realizar esta función.
- Aplicar o til diacrítico en palabras con a.
- Recoñecer e analizar a estrutura dun texto narrativo.
- Manexar e interpretar unha ruta.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1.1. Le un fragmento de texto coa fluidez e a comprensión adecuadas, e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Recoñece e redacta unha noticia breve.
- 2.2. Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Recoñece os termos contrarios e identifica, dentro deles, os complementarios.
- 2.4. Recoñece o adxectivo cualificativo e as súas características morfolóxicas.
- 2.5. Nunha oración, identifica o suxeito e analiza os seus constituíntes.
- 2.6. Aplica correctamente o til diacrítico en palabras con a.
- 3.1. Recoñece as tres partes en que adoita estruturarse un texto narrativo: presentación, desenvolvemento e desenlace.
- 4.1. Interpreta e describe unha ruta.

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO**

### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.



- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
  - Asimilar as regras que rexen a relación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
  - Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios.
- Competencia matemática**
- Interpretar correctamente a información presentada en formatos gráficos.
- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**
- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
  - Adquirir habilidades para seleccionar, tratar e interpretar a información con espírito crítico e reflexivo.
  - Interpretar a información que achegan os mapas, os gráficos, as guías... e saber describir un espazo a partir dela.
- Competencia social e cidadá**
- Valorar a importancia da descrición positiva das persoas que nos rodean para establecer vínculos cordiais que faciliten a convivencia.
  - Rexeitir os prexuízos sociais e mostrar unha actitude receptiva cara aos demais.
  - Mostrar unha actitude positiva na resolución de conflitos e proposta de solucións.
- Competencia para aprender a aprender**
- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe individual e colectiva.
  - Realizar traballos de investigación e reflexionar sobre a información acadada.
  - Aplicar noutros contextos os coñecementos adquiridos.
  - Aplicar procedementos lúdicos que contribúen ao gozo da materia.
- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
- Organizar as súas tarefas segundo un esquema de traballo e reaccionar positivamente ante posibles adversidades.
  - Extraer ensinanzas dos textos lidos e aplicarlas na vida real.
- Expresión cultural e artística**
- Valorar as manifestacións literarias como expresión dunha sensibilidade artística individual que persegue o embelecemento da realidade.

- Exercitar a creatividade a través da manipulación e da redacción de textos literarios.

## CONTIDOS

- 1. Lectura e comentario:** «A expedición» (Marilar Aleixandre: *A expedición do Pacífico*, Edicións Xerais).
- 2. Lingua:** COMUNICACIÓN: A noticia breve. VOCABULARIO: O físico das persoas. Os termos complementarios. GRAMÁTICA: O adxectivo cualificativo. O suxeito: definición e identificación. ORTOGRAFÍA: O til diacrítico en palabras con a.
- 3. Literatura:** O xénero narrativo: estrutura da narración. O diálogo na novela. OBRADOIRO DE LITERATURA: Manipular textos.
- 4. Competencia lingüística:** A descrición dunha ruta.

## UNIDADE 4

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Identificar algunhas formas de prexuízos lingüísticos.
- Ampliar o vocabulario relacionado coa festa.
- Identificar palabras polisémicas e homónimas.
- Recoñecer os adxectivos determinativos e coñecer o seu uso.
- Identificar o suxeito axente e o suxeito paciente e diferenciar os distintos tipos de oracións sen suxeito.
- Coñecer e aplicar correctamente o til diacrítico.
- Coñecer as características do conto e a diferenza entre final pechado e final aberto.
- Interpretar e elaborar un tipo de texto de carácter informativo: o programa de festas.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas e coméntao seguindo unhas pautas dadas.
- 2.1. Identifica algunhas formas de prexuízos lingüísticos.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Recoñece palabras polisémicas e homónimas.
- 2.4. Identifica os adxectivos determinativos e coñece os seus usos.
- 2.5. Diferencia entre suxeito axente e suxeito paciente e distingue os tipos de oracións sen suxeito.
- 2.6. Coñece e aplica correctamente o til diacrítico.
- 3.1. Analiza as características do conto e o tipo de final.
- 4.1. Redacta un programa de festas seguindo un modelo.

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios e informativos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a relación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Comprender, compoñer e comentar distintos tipos de textos.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### **- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Coñecer o espazo no que se realizan determinadas actividades de lecer próximas aos seus intereses e á súa vida cotiá.

### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Adquirir habilidades para seleccionar e interpretar a información con espírito crítico.
- Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.

### **- Competencia social e cidadá**

- Rexeitar os prexuízos sociais e mostrar unha actitude receptiva cara aos demais.
- Respetar e valorar a diversidade lingüística.

- Practicar o diálogo como forma razoada e tolerante de expresar as propias ideas e escoitar as dos demais.
- **Competencia para aprender a aprender**
  - Aplicar técnicas de traballo que melloran a aprendizaxe individual e colectiva.
  - Abstraer a información máis relevante dun texto e sistematizala nun esquema.
  - Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicalos.
- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
  - Reflexionar e expresar a opinión persoal respecto dun tema dado.
  - Desenvolver o pensamento propio e respectar o alleo.
- **Expresión cultural e artística**
  - Coñecer e valorar a produción literaria en galego e, en particular, dos nosos escritores máis consagrados.
  - Exercitar a capacidade expresiva e creativa a través da redacción de textos literarios.
  - Valorar a expresión literaria como un modo de recrear a realidade cotiá.
  - Valorar a tradición como unha manifestación da riqueza cultural dun pobo.

## CONTIDOS

- 1. Lectura e comentario:** «Un tesouro» (Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*, Edicións do Castro).
- 2. Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Prexuízos lingüísticos (1). VOCABULARIO: A festa. Palabras polisémicas e homónimas. GRAMÁTICA: Os adxectivos determinativos (1): usos especiais e particularidades. O suxeito (2): diferenza entre suxeito axente e suxeito paciente; tipos de oracións sen suxeito. ORTOGRAFÍA: O til diacrítico (3). OBRADOIRO DE LINGUA: O esquema de chaves.
- 3. Literatura:** O conto.
- 4. Competencia lingüística:** O programa de festas.

## UNIDADE 5

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Recoñecer as características propias da reportaxe como xénero periodístico.
- Coñecer e utilizar verbos que indican accións relacionadas con manifestacións de medo.
- Diferenciar a familia léxica do campo semántico.
- Coñecer as formas dos adxectivos determinativos —indefinidos, numerais, interrogativos e exclamativos—, e aplicarlas correctamente nas producións propias.
- Recoñecer o predicado dunha oración e identificar o seu núcleo.
- Coñecer e aplicar correctamente os signos de puntuación (coma, punto, punto e coma, signos de interrogación e de admiración).
- Recoñecer as características da microficción.
- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Recoñece as características dunha reportaxe.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Diferencia entre familia léxica e campo semántico.
- 2.4. Recoñece e utiliza correctamente os adxectivos determinativos.
- 2.5. Nunha oración, recoñece o predicado e identifica o seu núcleo.
- 2.6. Coñece e aplica correctamente as regras de uso dos signos de puntuación.
- 3.1. Recoñece as características propias dos microrrelatos.
- 4.1. Describe adecuadamente un animal.

### COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO

### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e descritivos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación, a relación e o uso correcto das palabras.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### **- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Valorar a importancia da tradición oral na transmisión da lingua e da cultura en xeral.

### **- Competencia matemática**

- Interpretar correctamente a información presentada en formatos gráficos.

### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Ler e interpretar reportaxes de xornais impresos ou dixitais.
- Utilizar recursos audiovisuais como apoio e complemento da información que achega o libro.
- Interpretar e describir imaxes.

### **- Competencia social e cidadá**

- Valorar a importancia dos sentimentos e saber respectar tanto os propios coma os alleos para establecer vínculos cordiais que faciliten a convivencia.
- Mostrar unha actitude receptiva e comprensiva cara aos demais.

### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe individual e colectiva.
- Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicarlos.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Desenvolver estratexias para controlar e manexar adecuadamente sentimentos coma o medo.
- Investigar de maneira autónoma e eficiente para realizar os traballos propostos.

### - **Expresión cultural e artística**

- Desenvolver a creatividade.
- Valorar a literatura popular como unha parte privilexiada do noso acervo cultural.

## **CONTIDOS**

- 1. Lectura e comentario:** «Os lobos» (Ánxel Fole: *Á lus do candil*, Ed. Galaxia).
- 2. Lingua:** COMUNICACIÓN: A reportaxe. VOCABULARIO: O medo. Familia léxica e campo semántico. GRAMÁTICA: Os adxectivos determinativos (2). O predicado. ORTOGRAFÍA: Signos de puntuación (1).
- 3. Literatura:** A microficción. OBRADOIRO DE LITERATURA: Escribir sobre o medo.
- 4. Competencia lingüística:** A descrición dun animal.

## **UNIDADE 6**

### **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Coñecer algunhas consecuencias dos prexuízos lingüísticos.
- Ampliar o vocabulario relacionado coa xustiza.
- Identificar a relación semántica entre termos recíprocos.
- Identificar as formas do pronome átono, así como as súas contraccións.
- Identificar o predicado nominal e coñecer a súa estrutura.
- Coñecer as regras de uso dos signos de puntuación, particularmente das parénteses e as comiñas.
- Saber cales son as características da novela que a definen como xénero e analizar a persoa narrativa no fragmento dunha novela.
- Interpretar e elaborar un texto instrutivo.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto coa fluidez e a comprensión adecuadas e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Coñece algunhas consecuencias dos prexuízos lingüísticos.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Identifica termos recíprocos.
- 2.4. Recoñece as formas átonas dos pronomes persoais, así como as formas que resultan da súa concorrencia.
- 2.5. Diferencia na práctica o uso de *te/che* e *lle/lles*.
- 2.6. Recoñece oracións copulativas e analiza sintacticamente o predicado nominal.
- 2.7. Usa correctamente os signos de puntuación, particularmente as parénteses e as comiñas.
- 3.1. Coñece as características da novela.
- 3.2. Identifica o tipo de narrador nun texto narrativo e sabe dicir se é omnisciente, protagonista ou testemuña.
- 4.1. Coñece os trazos característicos dos textos instrutivos e sabe redactalos.

## COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

### - Competencia en comunicación lingüística

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e instrutivos.
- Comprender, compoñer e empregar distintos tipos de textos segundo a intención comunicativa ou creativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a relación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### - Competencia para o tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.
- Navegar pola Rede de maneira responsable.



### - **Competencia social e cidadá**

- Respetar as leis e as normas de convivencia en xeral para manter a necesaria harmonía social.
- Rexeitar os prexuízos sociais e mostrar unha actitude receptiva cara aos demais.
- Respetar e valorar a diversidade lingüística.
- Comprender a importancia de respectar a privacidade propia e allea na Rede, así como as habituais normas de educación.

### - **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe individual e colectiva.
- Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicalos.

### - **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Desenvolver o pensamento propio e respectar o alleo.
- Utilizar a Rede, para informarse ou entreterse, con responsabilidade.

### - **Expresión cultural e artística**

- Exercitar a capacidade expresiva e creativa a través da redacción de textos literarios.
- Valorar a expresión literaria como un modo de recrear a realidade cotiá.

## **CONTIDOS**

- 1. Lectura e comentario:** «O encargo» (Andrea Maceiras: *Proxecto Bolboreta*, Edicións Xerais).
- 2. Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Prexuízos lingüísticos (2). VOCABULARIO: Vocabulario referido á xustiza. Termos recíprocos. GRAMÁTICA: Os pronomes persoais (1): o pronome átono. O predicado nominal. ORTOGRAFÍA: Signos de puntuación (2). OBRADOIRO DE LINGUA: O esquema de números e o cadro sinóptico.
- 3. Literatura:** A novela. Elementos da narración (1): o narrador.
- 4. Competencia lingüística:** Comentar e escribir un texto instrutivo.

## **UNIDADE 7**

## **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Recoñecer as características propias da crónica como xénero periodístico.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado co deporte.
- Identificar a relación semántica entre termos antónimos.
- Colocar adecuadamente o pronome átono na oración (enclítico ou proclítico).
- Identificar o predicado verbal e coñecer a súa estrutura.
- Empregar correctamente algunhas grafías que poden ofrecer dificultades.
- Analizar os elementos da narración: personaxes e diálogo.
- Interpretar e analizar un texto humanístico: o ensaio.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- 1.1. Le un texto narrativo con fluidez e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Identifica as características propias da crónica como xénero periodístico.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario aprendido.
- 2.3. Identifica termos antónimos.
- 2.4. Coloca correctamente as formas átonas do pronome persoal: antes ou despois do verbo.
- 2.5. Identifica as oracións predicativas e sabe cales son os elementos constitutivos do predicado verbal.
- 2.6. Aplica correctamente as normas de uso do *h*.
- 3.1. Entende a diferenza entre personaxes principais e secundarios.
- 3.2. Nun texto narrativo, recoñece os fragmentos onde aparecen diálogos directos e indirectos.
- 4.1. Comprende e analiza un ensaio.

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMENTO**

- **Competencia en comunicación lingüística**
  - Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, expositivos e periodísticos.
  - Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
  - Asimilar as regras que rexen a relación e o uso correcto das palabras nunha lingua.

- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.
  
- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**
  - Observar e interpretar a realidade para logo saber contala.
  
- **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**
  - Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
  - Manexar de maneira habitual e correcta o dicionario.
  - Desenvolver habilidades para interpretar a información que achegan os medios de comunicación.
  
- **Competencia social e cidadá**
  - Respetar e valorar as diferentes capacidades de cada persoa en relación co exercicio físico.
  - Recoñecer o papel social e informativo dos medios de comunicación.
  
- **Competencia para aprender a aprender**
  - Aplicar os coñecementos adquiridos en diferentes contextos.
  
- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
  - Valorar a importancia do deporte como unha das pezas fundamentais para un desenvolvemento físico e mental san.
  - Ler de maneira crítica e reflexiva os textos periodísticos.
  - Desenvolver a creatividade para elaborar textos propios.
  
- **Expresión cultural e artística**
  - Coñecer e valorar a obra de autores consagrados, tanto das nosas letras como estranxeiros.

## CONTIDOS

1. **Lectura e comentario:** «Non te esquecerei» (Roald Dahl: *Boy (relatos de infancia)*, Ed. Alaguara-Obradoiro).

- 2. Lingua:** COMUNICACIÓN: A crónica. VOCABULARIO: Vocabulario referido ao deporte. Termos antónimos. GRAMÁTICA: Os pronomes persoais (2): colocación do pronome átono. O predicado verbal. ORTOGRAFÍA: Uso do *h*.
- 3. Literatura:** Elementos da narración (2): personaxes e diálogo. OBRADOIRO DE LITERATURA: Personaxes de ficción.
- 4. Competencia lingüística:** O ensaio.

## UNIDADE 8

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Utilizar correctamente os topónimos galegos e evitar as interferencias co castelán.
- Coñecer e utilizar adecuadamente verbos de pensamento.
- Formar palabras derivadas mediante a utilización de prefixos.
- Saber conxugar os verbos regulares e aqueles que presentan variacións.
- Diferenciar verbos transitivos/intransitivos e recoñecer o complemento directo dun predicado verbal.
- Empregar correctamente algunhas grafías que poden ofrecer dificultades.
- Analizar os elementos da narración: o tempo e o espazo.
- Redactar textos propios.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Sabe que son os topónimos e coñece a normativa que regula a súa correcta utilización.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Forma correctamente palabras derivadas mediante a utilización de prefixos.
- 2.4. Conxuga correctamente verbos regulares que presentan variacións.
- 2.5. Recoñece o complemento directo nun predicado verbal e substitúeo polo pronome átono

correspondente.

2.6. Aplica correctamente *b* e *v* en verbos acabados en *-ber/-ver* e *-bir/-vir*.

3.1. Analiza o espazo e a orde temporal dos acontecementos nun fragmento narrativo.

4.1. Interpreta códigos non verbais e redacta textos propios.

## COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

### - Competencia en comunicación lingüística

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios, informativos e expositivos.
- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Comprender, compoñer e empregar diferentes tipos de textos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas.

### - Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Interesarse polo coñecemento da nosa xeografía e por utilizar correctamente os topónimos que a designan.

### - Competencia para o tratamento da información e competencia dixital

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.
- Interpretar a información que achegan as mensaxes non verbais.

### - Competencia social e cidadá

- Recoñecer a importancia das leis como mecanismos para garantir o respecto e o uso correcto da lingua.

### - Competencia para aprender a aprender

- Mostrar interese pola correcta realización de traballos de investigación e exposición.
- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe: resumos, cadros, táboas...

- Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicalos.
- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
  - Recoñecer a importancia de reflexionar antes de actuar.
- **Expresión cultural e artística**
  - Coñecer a obra dalgúns dos autores galegos máis consagrados.
- Interesarse polo coñecemento da nosa historia.

## CONTIDOS

- 1. Lectura e comentario:** «O inglés» (Alfonso R. Castelao: *Retrincos. Un ollo de vidro*, Ed. Galaxia).
- 2. Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Os topónimos e as leis. VOCABULARIO: Verbos de pensamento. Os prefixos. GRAMÁTICA: O verbo (1): modelos regulares e verbos regulares con variacións. O complemento directo. ORTOGRAFÍA: Verbos acabados en -ber/-ver e -bir/-vir. OBRADOIRO DE LINGUA: O resumo.
- 3. Literatura:** Elementos da narración (3): o tempo e o espazo.
- 4. Competencia lingüística:** A linguaxe non verbal.

## UNIDADE 9

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Recoñecer a columna como un xénero periodístico de opinión.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado cos alimentos.
- Identificar topónimos.
- Saber conxugar correctamente os verbos irregulares.
- Recoñecer o complemento indirecto nunha oración.

- Empregar correctamente algunhas grafías que poden ofrecer dificultades.
- Recoñecer as peculiaridades da linguaxe poética e identificar certos recursos estilísticos moi comúns.
- Interpretar un plano.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez un texto literario e realiza o comentario correspondente.
- 2.1. Recoñece as características dun artigo periodístico de opinión: a columna.
- 2.2. Coñece o vocabulario básico relacionado cos alimentos.
- 2.3. Recoñece e emprega correctamente algúns topónimos.
- 2.4. Conxuga correctamente os verbos irregulares.
- 2.5. Recoñece o complemento indirecto e substitúeo polo pronome átono correspondente.
- 2.6. Emprega correctamente as grafías *n/ñ* en posición intervocálica.
- 3.1. Recoñece o particular uso da lingua nos textos poéticos e identifica algúns recursos estilísticos.
- 4.1. Interpreta un plano.

## COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

### - Competencia en comunicación lingüística

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios e periodísticos.
- Comprender, compoñer e empregar distintos tipos de textos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas.

### - Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Comprender a importancia do medio no desenvolvemento dos acontecementos e mesmo na interpretación da realidade en cada época.

- Mostrar interese pola gastronomía da nosa comunidade e por aprender os nomes dalgúns produtos moi característicos.
  - Mostrar interese por coñecer a nosa xeografía, así como os topónimos que se usan para referirse a ela.
- **Competencia matemática**
    - Interpretar correctamente a información presentada en formatos gráficos.
- **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**
    - Buscar información na Rede como maneira de ampliar coñecementos.
    - Ler e interpretar información de xornais impresos ou dixitais.
- **Competencia social e cidadá**
    - Respectar as opinións alleas, aínda que non coincidan coas propias.
    - Cooperar nos traballos de grupo e participar na expresión de opinións.
    - Valorar a importancia de seguir hábitos de vida saudables.
- **Competencia para aprender a aprender**
    - Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe: resumos, cadros, táboas...
    - Aplicar os coñecementos adquiridos noutros contextos.
    - Mostrar interese por coñecer as técnicas e mecanismos que inciden nunha mellor comunicación escrita.
- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
    - Adoptar unha actitude crítica con respecto á información que achegan os medios periodísticos.
    - Valorar a importancia dunha alimentación sa para o adecuado desenvolvemento físico e mental.
- **Expresión cultural e artística**
    - Valorar o carácter expresivo da poesía e analizar algúns dos seus recursos propios.
    - Recoñecer o carácter expresivo da canción e valorar as manifestacións folclóricas como parte do noso acervo cultural.

## CONTIDOS



1. **Lectura e comentario:** «Nos tempos da fame» (Manuel Rivas: *Ela, maldita alma*, Edicións Xerais).
2. **Lingua:** COMUNICACIÓN: A columna. VOCABULARIO: Os alimentos. Topónimos. GRAMÁTICA: O verbo (2): verbos irregulares. O complemento indirecto. ORTOGRAFÍA: Uso de n e ñ.
3. **Literatura:** A poesía (1): recursos estilísticos. OBRADOIRO DE LITERATURA: Cancións tradicionais. 4. Competencia lingüística: Interpretar un plano.

## UNIDADE 10

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Entender os conceptos de *normalización lingüística e normalización cultural*.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado coa forma de ser das persoas e recoñecer os procedementos de formación dos xentilicios.
- Coñecer as formas nominais dos verbos e identificar perífrases verbais.
- Recoñecer o complemento circunstancial nunha oración.
- Usar correctamente as vogais en palabras que poden ofrecer dificultades.
- Identificar algúns recursos estilísticos moi frecuentes na poesía.
- Recoñecer as características dos textos normativos.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le con fluidez un texto literario e realiza o comentario correspondente.
- 2.1. Entende os conceptos de *normalización lingüística e normalización cultural*.
- 2.2. Aplica en distintos contextos os adxectivos estudados.
- 2.3. Relaciona os xentilicios cos topónimos correspondentes.
- 2.4. Coñece as formas nominais dos verbos.
- 2.5. Identifica e clasifica perífrases verbais segundo o matiz que expresen.

- 2.6. Identifica o complemento circunstancial e sabe que frases poden desempeñar esta función.
- 2.7. Utiliza correctamente as vogais en palabras que poden ofrecer dúbidas.
- 3.1. Coñece e aplica algúns recursos poéticos básicos.
- 4.1. Identifica as características propias dun texto normativo.

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios e normativos.
- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Comprender, compoñer e empregar distintos textos segundo a intención comunicativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Expresarse con corrección e de maneira coherente.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer o uso dalgunhas vogais que poden ofrecer certa dificultade.

### **- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

- Mostrar interese por coñecer a nosa xeografía, así como polos xentilicios que identifican os habitantes de cada zona.

### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet, como maneira de ampliar coñecementos.

### **- Competencia social e cidadá**

- Valorar o labor social e institucional no recoñecemento e normalización dunha lingua e analizar a situación real do galego nos distintos ámbitos da sociedade.
- Reflexionar acerca da importancia da presenza social dunha lingua como medio para acadar a súa normalización.
- Valorar o patrimonio cultural, en xeral, e contribuír á súa normalización.
- Recoñecer a necesidade dunhas normas para o correcto funcionamento da sociedade, así como a importancia de respectalas.

### - **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe.
- Mostrar interese por coñecer as técnicas e mecanismos que inciden nunha mellor comunicación escrita.

### - **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Respectarse un mesmo e respectar a forma de ser dos demais, co fin de manter unha convivencia harmónica.

### - **Expresión cultural e artística**

- Valorar os autores clásicos como modelo de manifestacións literarias posteriores.
- Valorar o carácter expresivo da poesía.

## **CONTIDOS**

- 1. Lectura e comentario:** «Eleccións no instituto» (Alice Vieira: *Caderno de agosto*, Edicións Xerais).
- 2. Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Normalización lingüística e cultural. VOCABULARIO: Vocabulario referido ás formas de ser. Xentilicios. GRAMÁTICA: O verbo (3): as formas nominais e as perífrases verbais. O complemento circunstancial. ORTOGRAFÍA: Uso correcto das vogais. OBRADOIRO DE LINGUA: A cohesión textual (1).
- 3. Literatura:** A poesía. Recursos estilísticos (2): recursos semánticos. 4. Competencia lingüística: O texto normativo.

## **UNIDADE 11**

## **OBXECTIVOS DIDÁCTICOS**

- Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.

- Recoñecer as características propias da entrevista.
- Coñecer o vocabulario básico relacionado coas compras.
- Recoñecer os adverbios e a súa función, e identificar as distintas clases de adverbios e locucións adverbiais.
- Diferenciar oracións en voz pasiva e en voz activa.
- Utilizar correctamente os grupos consonánticos con *l* e *r*.
- Coñecer outras manifestacións actuais da lírica.
- Redacta un texto de carácter administrativo.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le un texto con fluidez e comprensión e coméntao seguindo uns criterios dados.
- 2.1. Identifica as características propias da entrevista como xénero periodístico.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Identifica os adverbios e as locucións adverbiais e recoñece a súa función.
- 2.4. Clasifica os adverbios e locucións adverbiais segundo o significado que expresen.
- 2.5. Identifica unha oración en voz pasiva e recoñece a súa estrutura.
- 2.6. Utiliza correctamente os grupos consonánticos con *l* e con *r*.
- 3.1. Comenta as características propias de textos poéticos de verso libre, da poesía visual e da prosa poética.
- 4.1. Redacta un formulario de solicitude.

## COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

- **Competencia en comunicación lingüística**
  - Ler, entender e comentar textos literarios, periodísticos e administrativos.
  - Comprender, compoñer e empregar distintos tipos de textos.
  - Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
  - Expresarse con corrección oralmente e por escrito.
  - Asimilar as regras que rexen a correcta construción gramatical nunha lingua.
  - Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.

- **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet para ampliar coñecementos.
- Analizar e interpretar a información que achegan os medios de comunicación.
- Interpretar a información que achega a imaxe como complemento ou apoio dun texto.

- **Competencia social e cidadá**

- Respetar as quendas de palabra nunca entrevista ou en calquera outra forma de comunicación verbal.
- Coñecer o procedemento para presentar unha solicitude, así como os organismos que a xestionan.

- **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe e a elaboración de textos.
- Desenvolver a creatividade para compoñer e ilustrar poemas propios.

- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Discriminar de maneira madura o que é realmente importante na vida e relativizar outros aspectos materiais.
- Mostrar interese por coñecer a historia das cousas que nos rodean.

- **Expresión cultural e artística**

- Valorar novas formas de creación poética.
- Desenvolver o enxeño para crear xogos poéticos.

## CONTIDOS

1. **Lectura e comentario:** «O prezo dos bicos» (Paul Jennings: *Vaiche boa!*, Ed. Galaxia).
2. **Lingua:** COMUNICACIÓN: A entrevista. VOCABULARIO: As compras. Antropónimos. GRAMÁTICA: Os adverbios e as locucións adverbiais. O complemento axente. Ortografía: Grupos consonánticos (1): l e r.
3. **Literatura:** A poesía sen métrica. OBRADOIRO DE LITERATURA: Xogos poéticos.
4. **Competencia lingüística:** Un formulario.

## UNIDADE 12

### OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Ler con fluidez un texto literario e realizar o comentario correspondente.
- Recoñecer textos nos que se reflecta o sentimento de pertenza á comunidade galego-falante.
- Coñecer o vocabulario básico estudado e identificar hipocorísticos.
- Identificar as preposicións e as locucións prepositivas.
- Recoñecer as oracións e as súas clases.
- Utilizar correctamente os grupos consonánticos cultos con -cc- e con -ct-.
- Analizar un fragmento teatral e clasificalo segundo corresponda a unha comedia, unha traxedia ou un drama.
- Redactar textos propios seguindo determinadas estratexias creativas e coa debida cohesión.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- 1.1. Le e comenta un texto narrativo.
- 2.1. Recoñece textos que expoñan o sentimento de pertenza á comunidade galegofalante.
- 2.2. Aplica noutros contextos o vocabulario básico estudado.
- 2.3. Identifica hipocorísticos e relaciónaos co nome propio correspondente.
- 2.4. Identifica as preposicións e as locucións prepositivas e recoñece a súa función.
- 2.5. Identifica e clasifica oracións.
- 2.6. Sabe cando se conservan os grupos -cc-/-ct- e cando se reducen a -c-/-t- ou mesmo a Ø.
- 3.1. Coñece as características propias da comedia, da traxedia e do drama.
- 3.2. Coñece a estrutura dunha obra teatral e diferencia actos, cadros e escenas.
- 4.1. Redacta textos propios con corrección, utilizando os mecanismos de cohesión textual necesarios.

## COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

### - **Competencia en comunicación lingüística**

- Ler de maneira comprensiva e comentar textos literarios.
- Comprender, compoñer e empregar distintos tipos de textos segundo a intención comunicativa ou creativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que lle permita expresarse mellor.
- Asimilar as regras que rexen a formación e o uso correcto das palabras nunha lingua.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía.
- Expresarse con corrección adecuando o discurso á situación comunicativa.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.
- Valorar a práctica teatral como enriquecedora da expresión oral.

### - **Competencia social e cidadá**

- Mostrar curiosidade por coñecer a diversidade de fala nas diferentes zonas.
- Sentir a lingua como parte da súa identidade colectiva.
- Participar activamente nos traballos colectivos e nas representacións teatrais.

### - **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de traballo que posibilitan a aprendizaxe individual e colectiva: resumos, cadros, táboas...
- Mostrar interese por coñecer as técnicas e mecanismos que inciden nunha mellor comunicación escrita.

### - **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Recoñecer a importancia de facer as cousas «a tempo» e mostrar unha actitude responsable cara ao traballo e á consecución dos seus obxectivos.
- Reaccionar con madurez ante os conflitos e saber como resolvelos.
- Valorar as relacións de amizade e gozar coas actividades colectivas.

## - **Expresión cultural e artística**

- Recoñecer o teatro como manifestación artística e cultural, así como forma de divertimento.
- Valorar as variedades xeográficas dunha lingua como parte das manifestacións culturais dunha comunidade.

## **CONTIDOS**

- 1. Lectura e comentario:** «A arrasadeira» (Eduardo Blanco Amor: *Os biosbardos*, Ed. Galaxia).
- 2. Lingua:** LINGUA E SOCIEDADE: Os bloques lingüísticos. VOCABULARIO: Verbos de acción e referidos a actitudes. Hipocorísticos. GRAMÁTICA: As preposicións e as locucións prepositivas. As clases de oracións. ORTOGRAFÍA: Grupos consonánticos (2): *-cc-* e *-ct-*. OBRADOIRO DE LINGUA: A cohesión textual (2).
- 3. Literatura:** O teatro.
- 4. Competencia lingüística:** Propaganda informativa.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- 1- Emprego da lingua galega (oral e escrita) con adecuación á situación comunicativa e aplicación das regras de ortografía, acentuación e puntuación.
- 2- Reflexión sobre os mecanismos da lingua e os seus elementos formais (procedementos de cohesión, regras de coherencia, etc.), integrándoos para comprender e producir axeitadamente textos.
- 3- Elaboración, na oralidade e na escrita, de producións textuais (instrutivas, expositivas, persoais...) atendendo ás súas diferentes estruturas formais.
- 4- Análise e comprensión de textos propios dos medios de comunicación (noticia, crónica, reportaxe), mostrando unha actitude reflexiva e crítica ante súas mensaxes, valorando as producións orais emitidas cunha fonética galega correcta.
- 5- Identificación, análise e uso correcto das distintas clases de palabras (artigo, substantivo, adxectivo, determinates, pronome persoal (atención especial á colocación), verbo, adverbio, preposición, conxunción).



- 6- Recoñecemento e análise das características específicas das distintas clases de palabras nos planos: morfolóxico, sintáctico e léxico.
- 7- Diferenciación entre frase, enunciado e oración.
- 8- Identificación dos distintos tipos de oración segundo a actitude do falante e segundo a natureza do predicado.
- 9- Recoñecemento e análise das seguintes funcións primarias: suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial , atributo e complemento axente.
- 10- Interese por ampliar o caudal léxico propio e empregar as palabras con corrección.
- 11- Identificación das relacións semánticas entre as palabras (homonimia,polisemia, termos contrarios, parónimos...)
- 12- Comprensión da realidade sociolingüística de Galicia, con asimilación dos conceptos: lingua minorizada e dominante, de bilingüismo e diglosía e identificación das interferencias lingüísticas; xunto coa valoración da lingua como expresión dunha identidade colectiva e do seu uso normalizado.
- 13- Distinción e identificación dos distintos niveis de lingua e rexistros (estándar, coloquial, culto e científico-técnico) así como as variedades xeográficas da fala.
- 14- Recoñecemento dos principais recursos estilísticos para a realización de comentarios de textos, nos que aplicar o establecemento de relacións co contexto, especialmente histórico e persoal do autor ou autora.
- 15- Recoñecemento dos xéneros literarios e as súas características principais, valorando o proceso de creación.
- 16- Demostrar que se leron os libros de lectura obrigatoria marcados para o curso.

## **5. TERCEIRO CURSO**

### **UNIDADE 1**

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Comprender, compoñer e empregar distintos tipos de textos segundo a intención comunicativa ou creativa.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que permita ampliar a capacidade expresiva e comprensiva.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía que conforman a lingua.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### **- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

- Coñecer o espazo no que tiveron lugar certos acontecementos que conformaron a nosa lingua e a nosa cultura.

### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en enciclopedias, dicionarios ou en Internet como maneira de ampliar coñecementos.

### **- Competencia social e cidadá**

- Cooperar nos traballos colectivos e nos debates establecidos na aula.
- Mostrar unha actitude positiva e aberta ante temas sociais como o da inmigración.

### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe e a análise textual: organización de información en parágrafos, táboas e cadros.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Ler de maneira reflexiva e crítica e extraer conclusións.
- Investigar de maneira autónoma e eficiente sobre os temas propostos.

## **- Competencia cultural e artística**

- Valorar a importancia da tradición oral na transmisión da literatura e dos valores dun pobo.
- Mostrar interese por coñecer as orixes da nosa lingua e da nosa cultura.
- Valorar os usos e costumes doutras culturas diferentes á propia.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler un texto literario coa entoación adecuada e facer o seu comentario.
- Comprender que é un texto e coñecer as distintas clases de textos segundo a canle de transmisión, o tema e a intención comunicativa.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coas emocións e sentimentos.
- Identificar os parágrafos dun texto e saber dispoñer a información en parágrafos.
- Aplicar correctamente as regras de acentuación.
- Coñecer as distintas unidades lingüísticas e as disciplinas que se ocupan do seu estudo.
- Coñecer a formación da lingua galega e a súa evolución desde as súas orixes ata o nacemento do galego-portugués.
- Coñecer as principais características e mostras da literatura popular, tanto en prosa como en verso.
- Coñecer os recursos lingüísticos e literarios para crear adiviñas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le con fluidez e atención un texto e coméntao atendendo ás distintas clasificacións textuais.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das emocións e sentimentos.
- 2.2. Diferencia parágrafos e identifica a idea central de cada un.
- 2.3. Aplica correctamente as regras de acentuación.
- 2.4. Discrimina as diferentes unidades lingüísticas.
- 2.5. Coñece a orixe e formación da lingua galega.
- 2.6. Diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.
- 2.7. Recoñece os elementos de substrato e superestrato na lingua galega.
- 3.1. Recoñece as características propias da literatura popular e a clasificación dos textos en prosa

e en verso.

3.2. Recoñece os recursos propios das adiviñas.

## UNIDADE 2

### COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO

---

#### - **Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Desenvolver a capacidade de delimitar a información que chega a través dos medios televisivo e radiofónico.
- Comprender, compoñer e comentar textos narrativos.
- Asimilar as regras que rexen a formación e uso das palabras na lingua.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que permita ampliar a capacidade expresiva e comprensiva.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía que conforman a lingua.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

#### - **Competencia matemática**

- Aplicar o razoamento dedutivo na resolución de actividades e xogos.

#### - **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en enciclopedias, dicionarios ou en Internet como maneira de ampliar coñecementos.
- Adquirir habilidades para seleccionar e interpretar a información a través das TIC.

#### - **Competencia social e cidadá**

- Interesarse por coñecer as orixes dos antropónimos e a súa distribución na comunidade.
- Valorar a importancia das tradicións que reflicten o sentir e as crenzas dun pobo.

### - **Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe e a análise textual.
- Buscar información no contorno e transformala nun texto coherente.

### - **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Ler de maneira reflexiva e crítica e extraer conclusións.
- Realizar traballos de investigación de maneira reflexiva e autónoma.
- Esforzarse por comprender os diferentes textos instrutivos para facilitar accións.
- Esforzarse por comprender e valorar de xeito crítico a información que chega a través dos medios de comunicación televisivos e radiofónicos.

### - **Competencia cultural e artística**

- Valorar as primeiras manifestacións literarias da nosa lingua, como expresión da sensibilidade artística individual e manifestación dos valores propios dunha época.
- Mostrar interese por coñecer a evolución histórica da nosa lingua.
- Exercitar a expresión creativa a través da redacción de textos literarios.
- Valorar a linguaxe estética presente no cine.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo seguindo uns criterios.
- Coñecer os elementos propios dos textos narrativos.
- Coñecer os elementos básicos da linguaxe audiovisual: radio, televisión, cine.
- Coñecer a orixe e significado dos nomes e apelidos máis comúns.
- Analizar as características propias dos textos instrutivos.
- Aplicar correctamente o til diacrítico.
- Descompoñer as palabras nos seus compoñentes e recoñecer o significado dos prefixos e sufixos máis comúns.
- Clasificar as palabras segundo os seus constituíntes e entender o concepto de familia léxica.
- Coñecer a situación do galego na Idade Media e recoñecer algunhas características lingüísticas do galego medieval.
- Coñecer as principais características e xéneros da literatura galego-portuguesa medieval.
- Identificar as características e recursos formais das cantigas de amigo.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le con fluidez e atención un texto narrativo e analiza os elementos que lle son propios: narrador, personaxes, espazo, tempo e argumento.
- 2.1. Coñece a orixe, formación e significado dalgúns antropónimos.
- 2.2. Analiza un texto instrutivo.
- 2.3. Aplica correctamente o til diacrítico.
- 2.4. Analiza o lexema e os morfemas dunha palabra dada.
- 2.5. Recoñece palabras formadas por prefixación e sufixación e explica o significado dalgúns sufixos derivativos e alterativos.
- 2.6. Diferencia palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas, e forma familias léxicas.
- 2.7. Coñece a situación do galego na Idade Media e identifica algunhas das súas características lingüísticas.
- 3.1. Coñece a orixe e o corpus da literatura galego-portuguesa medieval.
- 3.2. Identifica e comenta cantigas de amigo.
- 4.1. Coñece os elementos básicos da linguaxe audiovisual: radio, televisión, cine.
- 4.2. Recoñece a linguaxe estética presente no cine.

## **UNIDADE 3**

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

---

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Ler, comentar e compoñer textos descritivos, tanto literarios como non literarios.
- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Comprender a importancia dos aspectos non verbais na comunicación oral.
- Adquirir progresivamente o vocabulario adecuado para ampliar a capacidade expresiva.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía que conforman a lingua.

- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas.
  
- **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**
  - Coñecer e valorar o contorno natural privilexiado do que gozamos e ser conscientes da incidencia que a actuación individual ten no medio.
  - Sabe describir con propiedade o mundo físico que o rodea.
  
- **Competencia matemática**
  - Interpretar correctamente a información presentada como estatísticas ou gráficos.
  
- **Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**
  - Buscar información en enciclopedias, dicionarios ou en Internet.
  - Interpretar mapas e linguaxe iconográfica.
  
- **Competencia social e cidadá**
  - Valorar a importancia da descrición na identificación de lugares, obxectos e persoas.
  - Recoñecer o carácter plurilingüe da maior parte dos países, así como a importancia e a transcendencia de que unha lingua teña carácter oficial.
  
- **Competencia para aprender a aprender**
  - Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe e a análise textual.
  - Habituarase a seguir uns pasos dados á hora de organizar a tarefa encomendada.
  - Esforzarse por seguir un guión establecido nos comentarios de texto.
  
- **Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**
  - Mostrar unha actitude aberta e comprometida con respecto á diversidade lingüística.
  - Esforzarse por realizar os traballos propostos de maneira autónoma e responsable.
  
- **Competencia cultural e artística**
  - Recoñece o carácter universal de determinados mitos e elementos tradicionais.
  - Valorar o plurilingüismo como realidade universal que enriquece a individuos e pobos.
  - Valorar as primeiras manifestacións literarias da nosa lingua.
  - Valorar o carácter expresivo dalgúns recursos literarios, como a metáfora.

## **OBXECTIVOS**

---

- Ler con fluidez e comprensión un texto narrativo e comentalo seguindo uns criterios.
- Identificar as características do texto descritivo.
- Coñecer o vocabulario básico do campo semántico do tempo atmosférico.
- Esforzarse nos traballos en grupo e na realización de exercicios de expresión oral.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación.
- Identificar substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasificalos.
- Recoñecer o xénero dos substantivos e saber formar o feminino e o plural.
- Comprender o concepto de *plurilingüismo*.
- Coñecer as principais características das cantigas de amor.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Le con fluidez e atención un texto e identifica as características do texto descritivo.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico do tempo atmosférico.
- 2.2. Realiza unha exposición oral de maneira improvisada.
- 2.3. Aplica correctamente o punto, a coma e o punto e coma.
- 2.4. Identifica substantivos morfolóxica e sintacticamente e clasifícaos segundo o seu significado e segundo a súa estrutura.
- 2.5. Identifica substantivos femininos e masculinos e forma o feminino de substantivos dados.
- 2.6. Forma o plural de substantivos simples e compostos.
- 2.7. Comprende o concepto de *plurilingüismo* e enténdeo como unha realidade de carácter universal.
- 3.1. Identifica e comenta cantigas de amor.
- 3.2. Recoñece e crea metáforas.

## **UNIDADE 4**

## **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

---



### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Ler, comentar e compoñer textos dialogados.
- Valorar a importancia da expresión oral fluída e correcta en todas as actividades da vida académica e cotiá.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía que conforman a lingua.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas: comprensión oral, comprensión lectora, expresión escrita e expresión oral.

### **- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

- Comprender como incide o contorno no desenvolvemento do carácter e dos hábitos dunha persoa.

### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en enciclopedias, dicionarios ou en Internet.
- Interpretar información presentada mediante mapas.

### **- Competencia social e cidadá**

- Cooperar nos traballos colectivos e nos debates establecidos na aula.
- Practicar o diálogo como forma de expresar as propias ideas e escoitar as dos demais.
- Coñecer o estatus legal e social das distintas linguas do Estado español.
- Comprender a información que transmiten os textos literarios acerca do contorno físico e social no que se producen.

### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe e a análise textual.
- Buscar información e transformala en coñecemento propio.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Ler de maneira reflexiva e crítica e extraer conclusións.

- Investigar de maneira autónoma e eficiente sobre os temas propostos.
- **Competencia cultural e artística**
  - Valorar o texto literario como manifestación artística e cultura de gran valor.
  - Redactar textos propios con certa pretensión literaria.
  - Mostrar unha actitude aberta e comprometida con respecto á diversidade lingüística e cultural do Estado español.

## **OBXECTIVOS**

---

- Comprender as características esenciais dun texto dialogado, as súas características lingüísticas e as marcas ortográficas correspondentes.
- Ampliar o vocabulario básico relacionado coa forma de ser.
- Expoñer traballos oralmente, con corrección e seguindo uns pasos dados.
- Aplicar correctamente os signos de puntuación.
- Identificar e clasificar adxectivos, aplicar as regras de concordancia e coñecer os distintos graos nos que pode aparecer.
- Coñecer as linguas que se falan na Península Ibérica e o estatus de cada unha.
- Coñecer as características propias das cantigas de escarnio e maldicir, e comentalas seguindo uns criterios dados.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

- 1.1. Comenta un texto e analiza as características lingüísticas e as marcas gráficas dun texto dialogado.
- 2.1. Coñece e aplica o vocabulario que conforma o campo semántico das formas de ser.
- 2.2. Realiza unha exposición oral sobre un tema dado.
- 2.3. Aplica correctamente os signos de puntuación: dous puntos, puntos suspensivos e raia.
- 2.4. Identifica e clasifica adxectivos.
- 2.5. Aplica as normas de concordancia do adxectivo, escribindo femininos e plurais Boutros dados.
- 2.6. Diferencia os graos do adxectivo e aplica correctamente as partículas comparativas.

- 2.7. Identifica as linguas da Península Ibérica e sabe cal é o seu estatus oficial.
- 3.1. Recoñece as características propias da cantiga de escarnio e maldicir e comenta un texto representativo do xénero.
- 3.2. Recoñece os recursos propios da caricatura.

## UNIDADE 5

### **COMPETENCIAS E INDICADORES DE SEGUIMIENTO**

#### **- Competencia en comunicación lingüística**

- Desenvolver, a través dos distintos tipos de textos, a capacidade de delimitar a información que recibimos do noso contorno.
- Comprender e compoñer textos expositivos.
- Adquirir progresivamente un vocabulario adecuado que permita ampliar a capacidade expresiva e comprensiva.
- Coñecer e aplicar de maneira efectiva as regras de ortografía que conforman a lingua.
- Valorar as estratexias que permitan o desenvolvemento das catro habilidades básicas.

#### **- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico**

- Comprender a íntima interrelación que existe entre as manifestacións culturais dun pobo e o espazo físico no que se desenvolven.

#### **- Competencia para o tratamento da información e competencia dixital**

- Buscar información en dicionarios e en Internet, como maneira de ampliar coñecementos.
- Manexar o dicionario de maneira habitual, correcta e mecánica.

#### **- Competencia social e cidadá**

- Valorar a presenza de determinados textos expositivos nas relacións sociais e profesionais.

#### **- Competencia para aprender a aprender**

- Aplicar técnicas de estudo que posibiliten a aprendizaxe individual e colectiva: esquemas,

táboas e cadros.

- Incorporar de maneira eficaz os coñecementos adquiridos e saber aplicalos.

### **- Competencia para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal**

- Investigar de maneira autónoma e eficiente para realizar os traballos propostos.
- Comprender a importancia que unha boa redacción e organización textual pode ter para a súa vida académica e profesional.

### **- Competencia cultural e artística**

- Mostrar interese por coñecer algúns vestixios prehistóricos da nosa cultura.
- Coñece manifestacións artísticas sobre a publicidade.
- Valora a publicidade como outro xeito de comunicación e coñece a súa diversidade.

### **Modelos textuais**

- Obxectivos:

- Definir o concepto texto publicitario.
- Entender criticamente un anuncio publicitario.
- Recoñecer algunha característica propia da publicidade nun caso concreto.
- Identificar os diferentes tipos de textos publicitarios.
- Identificar todas as características dun texto publicitario.
- Redactar un anuncio publicitario adecuándose ao medio de comunicación para o que vai destinado.
- Valorar criticamente a publicidade na sociedade actual.
- Saber recoñecer criticamente os valores morais, sociais, económicos, etc. que un anuncio transmite.

- Contidos:

- Os medios de comunicación: o texto publicitario e a mensaxe explícita e implícita.

- Criterios de avaliación:

- Define o concepto texto publicitario.
- Entende criticamente un anuncio publicitario.
- Recoñece algunha característica propia da publicidade nun caso concreto.
- Identifica os diferentes tipos de textos publicitarios.
- Identifica todas as características dun texto publicitario.
- Redacta un anuncio publicitario adecuándose ao medio comunicación para o que vai destinado.

- Valora criticamente a publicidade na sociedade actual.
- Sabe recoñecer criticamente os valores morais, sociais, económicos, etc. que un anuncio transmite.

### **Funcionamento da lingua**

- Obxectivos:

- Saber que é a cohesión.
- Saber que é a reiteración léxica.
- Identificar os problemas de reiteración léxica nun texto propio ou alleo.
- Coñecer as diferentes estratexias para evitar a reiteración léxica.
- Identificar se un texto está cohesionado.
- Saber aplicar as diferentes estratexias para evitar a reiteración léxica nun texto propio ou alleo.
- Ser capaz de compor un texto cohesionado.

- Contidos:

- A cohesión: referencia interna de tipo léxico.

- Criterios de avaliación:

- Sabe que é a cohesión.
- Sabe que é a reiteración léxica.
- Identifica os problemas de reiteración léxica nun texto propio ou alleo.
- Coñece as diferentes estratexias para evitar a reiteración léxica.
- Identifica se un texto está cohesionado.
- Sabe aplicar as diferentes estratexias para evitar a reiteración léxica nun texto propio ou alleo.
- É capaz de compor un texto cohesionado.

### **Oralidade**

- Obxectivos:

- Identificar as distintas tipoloxías de anuncios publicitarios orais.

- Coñecer o léxico da industria e do comercio.

- Elaborar anuncios publicitarios orais coas características correspondentes.

- Intentar convencer elaborando textos argumentativos orais.

- Avaliar as producións orais propias.

- Aplicar o léxico da industria e do comercio.

- Contidos:

- Publicidade e lingua oral.

- Léxico da industria e do comercio.

- Criterios de avaliación:

- Identifica as distintas tipoloxías de anuncios publicitarios orais.

- Coñece o léxico da industria e do comercio.

- Elabora anuncios publicitarios orais coas características correspondentes.

- Intenta convencer elaborando textos argumentativos orais.

- Avalía as producións orais propias.

- Aplica o léxico da industria e do comercio.

## **A lingua e nós**

- Obxectivos:

- Reflexionar sobre a realidade plurilingüe mundial.

- Ser consciente da riqueza lingüística existente.

- Entender a diferenza entre linguas maioritarias e minoritarias.

- Reflexionar sobre a situación das linguas minorizadas.

- Coñecer as actitudes negativas existentes cara a determinadas linguas.
- Entender como condicionan os prexuizos o uso da lingua galega.
- Explicar axeitadamente o concepto de plurilingüismo.
- Explicar as características dos termos linguas maioritarias e minoritarias.
- Expoñer as circunstancias que rodean a moitas linguas minorizadas.
- Xustificar axeitadamente os valores de calquera lingua.
- Explicar as actitudes existentes cara á lingua galega na actualidade.
- Describir como os prexuizos condicionan o uso da lingua galega.

- Contidos:

- O plurilingüismo.
- A situación diferente das linguas no mundo.
- Linguas maioritarias e minoritarias.
- Linguas minorizadas e as súas situacións.
- Valor e respecto cara a todas as linguas.
- A valoración da lingua galega ao longo dos séculos.
- As valoracións negativas da lingua galega.
- Os usos lingüísticos condicionados por prexuizos.

- Criterios de avaliación:

- Reflexiona sobre a realidade plurilingüe mundial.
- É consciente da riqueza lingüística existente.
- Entende a diferenza entre linguas maioritarias e minoritarias.
- Reflexiona sobre a situación das linguas minorizadas.
- Coñece as actitudes negativas existentes cara a determinadas linguas.
- Entende como condicionan os prexuizos o uso da lingua galega.



- Explica axeitadamente o concepto de plurilingüismo.
- Explica as características dos termos linguas maioritarias e minoritarias.
- Expón as circunstancias que rodean a moitas linguas minorizadas.
- Xustifica axeitadamente os valores de calquera lingua.
- Explica as actitudes existentes cara á lingua galega na actualidade.
- Describe como os prexuízos condicionan o uso da lingua galega.

## **Literatura**

- Obxectivos:

- Coñecer a evolución da narrativa galega na posguerra e particularmente a introdución das novidades técnicas da man da Nova Narrativa Galega.
- Coñecer os principais escritores que adoitan asociarse á Nova Narrativa Galega e as súas características e obras principais.
- Establecer relacións entre a literatura galega e a literatura universal.

- Contidos:

- A narrativa de posguerra: a introdución do experimentalismo e de novas técnicas narrativas.
- A Nova Narrativa Galega: Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, Carlos Casares, Xohana Torres, Camilo Gonsar, Gonzalo Rodríguez Mourullo.

- Criterios de avaliación:

- Coñece os principais narradores da Nova Narrativa Galega.
- Identifica nos textos da Nova Narrativa Galega as novidades técnicas: obxectualismo, monólogo interior, perspectivismo, etc.

## **UNIDADE 9**

## **Lectura**

- Obxectivos:

- Entender un texto ensaístico de corte divulgativo.
- Coñecer os principais trastornos alimentarios e a súa prevención.
- Tomar consciencia da importancia da prevención e das consecuencias dos principais trastornos alimentarios.
- Saber identificar os principais trastornos alimentarios e as súas causas.
- Coñecer manifestacións artísticas relacionadas co texto que se presenta.

- Contidos:

- O ensaio de corte divulgativo.
- A anorexia nerviosa e a bulimia.
- Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas co texto que se presenta.

- Criterios de avaliación:

- Entende un texto ensaístico de corte divulgativo.
- Coñece os principais trastornos alimentarios e a súa prevención.
- Toma consciencia da importancia da prevención e das consecuencias dos principais trastornos alimentarios.
- Sabe identificar os principais trastornos alimentarios e as súas causas.
- Coñece manifestacións artísticas relacionadas co texto que se presenta.

## **Modelos textuais**

- Obxectivos:

- Definir os conceptos ensaio, dicionario, glosario e enciclopedia.
- Explicar o funcionamento dun dicionario.

- Recoñecer algunha característica do texto ensaístico.
- Identificar os diferentes tipos de dicionario.
- Identificar todas as características dun texto ensaístico.
- Facer unha entrada de dicionario ou de enciclopedia.
- Valorar as diferentes ferramentas lingüísticas como a enciclopedia ou o dicionario.
- Redactar un texto ensaístico ou unha entrada de enciclopedia.

- Contidos:

- Textos do ámbito académico: dicionario, glosario, enciclopedia e ensaio.

- Criterios de avaliación:

- Define os conceptos ensaio, dicionario, glosario e enciclopedia.
- Explica o funcionamento dun dicionario.
- Recoñece algunha característica do texto ensaístico.
- Identifica os diferentes tipos de dicionario.
- Identifica todas as características dun texto ensaístico.
- Fai unha entrada de dicionario ou de enciclopedia.
- Valora as diferentes ferramentas lingüísticas como a enciclopedia ou o dicionario.
- Redacta un texto ensaístico ou unha entrada de enciclopedia.

## **Funcionamento da lingua**

- Obxectivos:

- Distinguir a calidade dun texto que respecta as regras ortográficas.
- Ser consciente de que a lingua é unha ferramenta de valoración social.
- Ser consciente de que a ortografía é unha ferramenta funcional para facilitar o proceso da escrita por seren unhas normas xa acordadas e establecidas.
- Ser capaz de compor un texto sen erros de ortografía.

- Contidos:

- A ortografía: o seu valor funcional e social.

- Criterios de avaliación:

- Distingue a calidade dun texto que respecta as regras ortográficas.

- É consciente de que a lingua é unha ferramenta de valoración social.

- É consciente de que a ortografía é unha ferramenta funcional para facilitar o proceso da escrita por seren unhas normas xa acordadas e establecidas.

- É capaz de compor un texto sen erros de ortografía.

## **Oralidade**

- Obxectivos

- Identificar os elementos non verbais na linguaxe publicitaria oral.

- Valorar a calidade lingüística dos textos orais.

- Coñecer o léxico do turismo.

- Participar activamente en situacións comunicativas reais ou simuladas utilizando a argumentación.

- Conseguir chegar a acordos mediante o diálogo.

- Aplicar o léxico do turismo.

- Contidos:

- Elementos non verbais na comunicación publicitaria oral.

- Léxico do turismo.

- Criterios de avaliación:

- Identifica os elementos non verbais na linguaxe publicitaria oral.

- Valora a calidade lingüística dos textos orais.

- Coñece o léxico do turismo.
- Participa activamente en situacións comunicativas reais ou simuladas utilizando a argumentación.
- Consegue chegar a acordos mediante o diálogo.
- Aplica o léxico do turismo.

### **A lingua e nós**

- Obxectivos:

- Coñecer o contexto histórico do último cuarto do século XX (1975-2000).
- Entender o marco legal existente no último cuarto do século XX.
- Entender a situación da lingua galega nos medios de comunicación e na administración.
- Explicar as características do contexto histórico do último cuarto do século XX.
- Expoñer os elementos definidores da normalización e a normativización no último cuarto do século XX.
- Describir a situación da lingua galega na administración e nos medios de comunicación no último cuarto do século XX.

- Contidos:

- A lingua galega no último cuarto do século XX: o contexto histórico.
- A lingua galega no último cuarto do século XX: o marco legal.
- A lingua galega no último cuarto do século XX: normalización e normativización.
- A lingua galega no último cuarto do século XX: a situación nos medios de comunicación e na administración.

- Criterios de avaliación:

- Coñece o contexto histórico do último cuarto do século XX (1975-2000).
- Entende o marco legal existente no último cuarto do século XX.
- Entende a situación da lingua galega nos medios de comunicación e na administración.

- Explica as características do contexto histórico do último cuarto do século XX.
- Expón os elementos definidores da normalización e a normativización no último cuarto do século XX.
- Describe a situación da lingua galega na administración e nos medios de comunicación no último cuarto do século XX.

## **Literatura**

- Obxectivos:

- Coñecer a evolución da poesía galega a partir de 1975.
- Coñecer as características da poesía deste período e os autores máis relevantes.
- Interesarse pola poesía galega actual e as súas manifestacións en actos culturais como recitais.

- Contidos:

- A poesía a partir de 1975: a continuación da obra de autores de máis idade, a Xeración dos 80 e as últimas promocións poéticas.
- Fenómenos da poesía última: eclosión de figuras femininas, irrupción de novos temas sociais (feminismo, ecoloxía, pensamento antiglobalización...).

- Criterios de avaliación:

- Coñece os principais poetas galegos do último cuarto do século XX e comezos do XXI.
- Identifica nos textos os trazos diferenciais da Xeración dos 80 e das últimas promocións poéticas.

## UNIDADE 10

### **Lectura**

- Obxectivos:

- Entender o sentido do texto.

- Comprender o que significa a pataca para a sociedade galega.
- Coñecer manifestacións artísticas relacionadas co texto que se presenta.
- Analizar e valorar os símbolos que representan a Galicia e á sociedade galega.

- Contidos:

- Os símbolos de Galicia e a súa significación.
- Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas coa ficción científica.

- Criterios de avaliación:

- Entende o texto sen dificultade.
- Comprende o valor simbólico da pataca.
- Coñece manifestacións artísticas relacionadas co texto que se presenta.
- Analiza e valora os símbolos que representan a Galicia e á sociedade galega.

### **Modelos textuais**

- Obxectivos:

- Definir o concepto TIC.
- Saber consultar un fondo bibliotecario.
- Coñecer as ferramentas básicas que ofrece unha biblioteca.
- Empregar as ferramentas TIC máis importantes.
- Valorar o uso das novas tecnoloxías como vehículo de autoformación.
- Empregar a alfabetización informacional.

- Contidos:

- Usos das fontes de información: biblioteca e TIC.

- Criterios de avaliación:

- Define o concepto TIC.

- Sabe consultar un fondo bibliotecario.

- Coñece as ferramentas básicas que ofrece unha biblioteca.

- Emprega as ferramentas TIC máis importantes.

- Valora o uso das novas tecnoloxías como vehículo de autoformación.

- Emprega a alfabetización informacional.

## **Funcionamento da lingua**

- Obxectivos:

- Distinguir a calidade dun texto que mostra unha puntuación coidada.

- Ser consciente de que a lingua é unha ferramenta de valoración social.

- Ser consciente de que a puntuación é unha ferramenta funcional para facilitar o proceso de comprensión, xa que xerarquiza a información e ordena o texto.

- Entender que a puntuación é un elemento central para a cohesión textual.

- Saber os usos dos diferentes signos de puntuación, alén da coma e do punto.

- Ser capaz de compor un texto sen erros de puntuación, cunhas oracións de dimensións medias e unha división en parágrafos equilibrados.

- Contidos:

- A puntuación: a súa relación coa cohesión sintáctica.

- Criterios de avaliación:

- Distingue a calidade dun texto que mostra unha puntuación coidada.

- É consciente de que a lingua é unha ferramenta de valoración social.

- É consciente de que a puntuación é unha ferramenta funcional para facilitar o proceso de comprensión, xa que xerarquiza a información e ordena o texto.



- Entende que a puntuación é un elemento central para a cohesión textual.
- Sabe os usos dos diferentes signos de puntuación, alén da coma e do punto.
- É capaz de compor un texto sen erros de puntuación, cunhas oracións de dimensións medias e unha división en parágrafos equilibrados.

## **Oralidade**

- Obxectivos:

- Identificar os elementos paraverbais na linguaxe publicitaria oral.
- Detectar usos discriminatorios e prexuizos na publicidade oral.
- Coñecer o léxico dos medios de transporte.
- Elaborar anuncios publicitarios orais coas características correspondentes.
- Avaliar as producións orais propias.
- Reflexionar sobre a maneira de modificar condutas a través dos elementos paraverbais da publicidade oral.
- Valorar a importancia de decatarse dos usos discriminatorios e dos prexuizos na publicidade oral.
- Aplicar o léxico dos medios de transporte.

- Contidos:

- Elementos paraverbais na comunicación publicitaria oral.
- Léxico dos medios de transporte.

- Criterios de avaliación:

- Identifica os elementos paraverbais na linguaxe publicitaria oral.
- Detecta usos discriminatorios e prexuizos na publicidade oral.
- Coñece o léxico dos medios de transporte.
- Elabora anuncios publicitarios orais coas características correspondentes.
- Avalía as producións orais propias.

- Reflexiona sobre a maneira de modificar condutas a través dos elementos paraverbais da publicidade oral.
- Valora a importancia de decatarse dos usos discriminatorios e dos prexuízos na publicidade oral.
- Aplica o léxico dos medios de transporte.

### **A lingua e nós**

- Obxectivos:

- Coñecer o termo normalización lingüística.
- Entender o proceso necesario de normalización da lingua galega.
- Citar algúns ámbitos nos que se está levando a cabo o proceso de normalización.
- Explicar o concepto de normalización lingüística.
- Expoñer as características do proceso de normalización da lingua galega.
- Detallar os cambios que se produciron na normalización no ámbito do ensino e da administración.

- Contidos:

- A normalización lingüística.
- A normalización da lingua galega.
- A normalización no ensino e na administración.

- Criterios de avaliación:

- Coñece o termo normalización lingüística.
- Entende o proceso necesario de normalización da lingua galega.
- Cita algúns ámbitos nos que se está levando a cabo o proceso de normalización.
- Explica o concepto de normalización lingüística.
- Expón as características do proceso de normalización da lingua galega.
- Detalla os cambios que se produciron na normalización no ámbito do ensino e da administración.

## **Literatura**

- Obxectivos:

- Coñecer as novidades no ámbito da narrativa galega nas últimas décadas: novos temas, introdución de subxéneros, incorporación de narradoras, etc.

- Desenvolver a capacidade de apreciación estética e análise temática dos textos literarios.

- Reflexionar sobre os factores que condicionan a produción literaria.

- Contidos:

- A narrativa galega posterior a 1975.

- As novidades temáticas e xenéricas na narrativa galega das últimas décadas.

- Criterios de avaliación:

- Detecta nun texto narrativo os trazos formais e temáticos propios da narrativa última.

- Coñece a evolución da narrativa galega durante as últimas décadas.

## UNIDADE 11

### **Lectura**

- Obxectivos:

- Entender o sentido dun texto teatral.

- Analizar elementos do teatro do absurdo.

- Aprender a vincular un texto coa súa tradición literaria.

- Coñecer manifestacións artísticas relacionadas co texto que se presenta.

- Contidos:

- O teatro e as manifestacións teatrais.

- Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas coas cartas e o correo electrónico.

- Criterios de avaliación:

- Entende un texto teatral sen dificultade.
- Analiza elementos do teatro do absurdo.
- Vincula o texto coa súa tradición literaria.
- Coñece manifestacións artísticas relacionadas co texto que se presenta.

### **Modelos textuais**

- Obxectivos:

- Coñecer os principais pasos para a redacción dun traballo escolar.
- Aplicar os principais pasos na redacción dun traballo escolar.
- Coñecer as ferramentas básicas da ofimática e aplicarlas.
- Empregar as ferramentas ofimáticas máis importantes.
- Valorar o uso das novas tecnoloxías como ferramentas á hora de traballar coa lingua.
- Saber investigar.
- Ser capaz de revisar un traballo escrito.
- Elaborar un traballo escolar.

- Contidos:

- Presentación dun traballo: redacción de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos.
- Uso das TIC.

- Criterios de avaliación:

- Coñece os principais pasos para a redacción dun traballo escolar.
- Aplica os principais pasos na redacción dun traballo escolar.

- Coñece as ferramentas básicas da ofimática e aplícaas.
- Emprega as ferramentas ofimáticas máis importantes.
- Valora o uso das novas tecnoloxías como ferramentas á hora de traballar coa lingua.
- Sabe investigar.
- É capaz de revisar un traballo escrito.
- Elabora un traballo escolar.

### **Funcionamento da lingua**

- Obxectivos:

- Distinguir a calidade dun texto que mostra unha redacción coidada.
- Ser consciente de que a calidade do texto funciona como ferramenta de valoración social.
- Ser consciente de que a revisión dun texto é o terceiro chanzo para compor un texto de calidade.
- Saber en que aspectos se ten que fixar a revisión dun texto.
- Coñecer as técnicas e as ferramentas para revisar un texto.
- Ser capaz de compor un texto de calidade lingüística tras realizar os actos de corrección e mellora que a revisión precisou.
- Saber distinguir entre os tipos de correctores ortográficos.
- Saber usar, sendo consciente das súas limitacións, os correctores ortográficos.

- Contidos:

- A revisión do texto. Mecanismos.

- Criterios de avaliación:

- Distingue a calidade dun texto que mostra unha redacción coidada.
- É consciente de que a calidade do texto funciona como ferramenta de valoración social.
- É consciente de que a revisión dun texto é o terceiro chanzo para compor un texto de calidade.
- Sabe en que aspectos se ten que fixar a revisión dun texto.

- Coñece as técnicas e as ferramentas para revisar un texto.
- É capaz de compor un texto de calidade lingüística tras realizar os actos de corrección e mellora que a revisión precisou.
- Sabe distinguir entre os tipos de correctores ortográficos.
- Sabe usar, sendo consciente das súas limitacións, os correctores ortográficos.

## **Oralidade**

### • Obxectivos:

- Coñecer os pasos para facer presentacións orais.
- Comprender os consellos para mellorar as presentacións orais utilizando as TIC.
- Saber o que é unha xerga, distinguir as súas características e coñecer exemplos.
- Coñecer usos sexistas da linguaxe.
- Coñecer o léxico dos oficios e das profesións.
- Facer presentacións orais seguindo os pasos precisos.
- Ser capaz de mellorar as presentacións orais seguindo os consellos para utilizar as TIC.
- Presentar oralmente información variada con respecto ás xergas asociadas a oficios.
- Reflexionar sobre usos sexistas da linguaxe e sobre a necesidade de evitalos.
- Aplicar o léxico dos oficios e das profesións.

### • Contidos:

- As TIC nas exposicións orais.
- Léxico dos oficios e das profesións.

### • Criterios de avaliación:

- Coñece os pasos para facer presentacións orais.
- Comprende os consellos para mellorar as presentacións orais utilizando as TIC.
- Sabe o que é unha xerga, distingue as súas características e coñece exemplos.

- Coñece usos sexistas da linguaxe.
- Coñece o léxico dos oficios e das profesións.
- Fai presentacións orais seguindo os pasos precisos.
- É capaz de mellorar as presentacións orais seguindo os consellos para utilizar as TIC.
- Presenta oralmente información variada con respecto ás xergas asociadas a oficios.
- Reflexiona sobre usos sexistas da linguaxe e sobre a necesidade de evitalos.
- Aplica o léxico dos oficios e das profesións.

### **A lingua e nós**

- Obxectivos:

- Entender o termo normativización.
- Citar os principais documentos de normativa da lingua galega.
- Xustificar a necesidade dunha variedade estándar.
- Expoñer as características de calquera proceso de normativización.
- Detallar o proceso de normativización da lingua galega.
- Explicar as características da variedade estándar da lingua galega.

- Contidos:

- A normativización.
- O proceso de normativización da lingua galega.
- A estandarización. As características da variedade estándar da lingua galega.

- Criterios de avaliación:

- Entende o termo normativización.
- Cita os principais documentos de normativa da lingua galega.
- Xustifica a necesidade dunha variedade estándar.

- Expón as características de calquera proceso de normativización.
- Detalla o proceso de normativización da lingua galega.
- Explica as características da variedade estándar da lingua galega.

## **Literatura**

- Obxectivos:

- Coñecer a evolución do teatro galego durante a democracia, os principais creadores e características.
- Desenvolver a capacidade de apreciación estética cara ao teatro como texto e como espectáculo.
- Promover o interese como lector, espectador e mesmo como axente activo na actividade teatral.

- Contidos:

- O teatro galego posterior a 1975.
- As novidades temáticas, formais e institucionais no campo do teatro galego das últimas décadas.

- Criterios de avaliación:

- Detecta nun texto teatral os trazos formais e temáticos propios do teatro actual.
- Coñece a evolución do teatro galego durante as últimas décadas.

## UNIDADE 12

### **Lectura**

- Obxectivos:

- Entender o sentido do texto.
- Ser capaz de recoñecer prexuízos de todo tipo.
- Coñecer manifestacións artísticas relacionadas co texto que se presenta.
- Saber desmontar prexuízos relacionados co xénero e co respecto a outras culturas.



-Coñecer aspectos básicos da cultura árabe.

• Contidos:

-Os prexuizos.

-Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas co feminismo e coa cultura árabe.

• Criterios de avaliación:

-Entende o texto sen dificultade.

-É quen de recoñecer prexuizos de todo tipo.

-Coñece manifestacións relacionadas co texto que se presenta.

-Sabe desmontar prexuizos relacionados co xénero e co respecto a outras culturas.

-Coñece aspectos moi básicos da cultura árabe.

### **Modelos textuais**

• Obxectivos:

-Definir o concepto discriminación.

-Valorar negativamente o uso sexista ou discriminatorio na linguaxe.

-Procurar non empregar unha linguaxe sexista ou discriminatoria na práctica persoal.

-Coñecer os mecanismos de corrección dun texto discriminatorio.

-Clasificar os diferentes modos e tipos de discriminación.

-Valorar o uso das novas tecnoloxías como ferramentas á hora de traballar coa lingua.

-Mellorar a redacción dun texto discriminatorio.

• Contidos:

-A linguaxe discriminatoria: prexuizos, fontes (publicidade, medios, lingua común) e alternativas de uso.

- Criterios de avaliación:
  - Define o concepto discriminación.
  - Valora negativamente o uso sexista ou discriminatorio na linguaxe.
  - Procura non empregar unha linguaxe sexista ou discriminatoria na práctica persoal.
  - Coñece os mecanismos de corrección dun texto discriminatorio.
  - Clasifica os diferentes modos e tipos de discriminación.
  - Valora o uso das novas tecnoloxías como ferramentas á hora de traballar coa lingua.
  - Mellora a redacción dun texto discriminatorio.

### **Funcionamento da lingua**

- Obxectivos:
  - Entender a importancia da norma.
  - Comprender que as linguas son entes en continuo cambio.
  - Saber que a norma debe adaptarse aos cambios que a lingua viva sofre.
  - Conseguir contrastar a variación de norma entre o galego e outras linguas.
  - Ser capaz de ver criticamente a diferente valoración social dos cambios de norma e descubrir os prexuízos que esta esconde.
  
- Contidos:
  - A importancia da norma: o cambio e a súa adaptación ás novas necesidades.
  
- Criterios de avaliación:
  - Entende a importancia da norma.
  - Comprende que as linguas son entes en continuo cambio.
  - Sabe que a norma debe adaptarse aos cambios que a lingua viva sofre.
  - Consegue contrastar a variación de norma entre o galego e outras linguas.

-É capaz de ver criticamente a diferente valoración social dos cambios de norma e descobre os prexuízos que esta esconde.

## **Oralidade**

- Obxectivos:

- Coñecer os sintetizadores de voz.

- Distinguir e entender unha crítica.

- Reflexionar sobre as producións orais propias.

- Coñecer o léxico das calidades humanas.

- Valorar a calidade lingüística do sintetizador de voz e propoñer melloras.

- Elaborar críticas que teñan as características correspondentes.

- Avaliar as producións orais propias.

- Reflexionar sobre a importancia de que a audiencia teña criterio propio.

- Desenvolver unha actitude crítica para avaliar as mensaxes que se reciben.

- Aplicar o léxico das calidades humanas.

- Contidos:

- Análise crítica da comunicación televisiva e radiofónica.

- Léxico das calidades humanas.

- Criterios de avaliación:

- Coñece os sintetizadores de voz.

- Distingue e entende unha crítica.

- Reflexiona sobre as producións orais propias.

- Coñece o léxico das calidades humanas.

- Valora a calidade lingüística do sintetizador de voz e propón melloras.

- Elabora críticas que teñen as características correspondentes.

- Avalía as producións orais propias.
- Reflexiona sobre a importancia de que a audiencia teña criterio propio.
- Desenvolve unha actitude crítica para avaliar as mensaxes que se reciben.
- Aplica o léxico das calidades humanas.

### **A lingua e nós**

- Obxectivos:

- Coñecer o contexto histórico dos comezos do século XXI.
- Entender a evolución existente no coñecemento e uso da lingua galega.
- Coñecer os avances na normalización da lingua galega e os traballos no proceso de normativización.
- Explicar o contexto histórico e o marco legal existente nos comezos do século XXI.
- Expoñer os principais avances no proceso de normalización da lingua galega: os medios de comunicación e a edición en lingua galega.
- Explicar os principais cambios normativos dos comezos do século XXI.

- Contidos:

- A lingua galega nos comezos do século XXI: o contexto histórico.
- A lingua galega nos comezos do século XXI: o marco legal.
- A lingua galega nos comezos do século XXI: normalización e normativización.
- A lingua galega nos comezos do século XXI: a situación nos medios de comunicación e na edición en lingua galega.

- Criterios de avaliación:

- Coñece o contexto histórico dos comezos do século XXI.
- Entende a evolución existente no coñecemento e uso da lingua galega.

- Coñece os avances na normalización da lingua galega e os traballos no proceso de normativización.
- Explica o contexto histórico e o marco legal existente nos comezos do século XXI.
- Expón os principais avances no proceso de normalización da lingua galega: os medios de comunicación e a edición en lingua galega.
- Explica os principais cambios normativos dos comezos do século XXI.

## **Literatura**

- Obxectivos:

- Valorar o patrimonio cultural e literario galego.
- Reflexionar sobre os retos actuais da literatura galega.
- Promover a actitude crítica e reflexiva sobre a sociedade actual.

- Contidos:

- As circunstancias sociais e tecnolóxicas ás que se enfrenta a literatura galega a comezos do novo milenio.

- Criterios de avaliación:

- Coñece os factores históricos recentes que condicionan o desenvolvemento actual da literatura galega.

## **CONTIDOS MÍNIMOS ESIXÍBEIS**

- Comprensión de textos orais e escritos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo (artigos, debates, faladoiros, editoriais...).

- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.
- Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, elaboración de presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.
- Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.
- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes, etc., así como textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión, columnas, etc.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Redacción de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- Recoñecemento das principais regras de combinación impostas polos verbos en función dos seus argumentos e revisión das conseguíntes estruturas sintácticas e os tipos de oración segundo a natureza do predicado, aplicándoas na construción e revisión de textos; emprego dunha terminoloxía sintáctica apropiada.
- Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.
- Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, con manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, con manexo e interpretación de textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.

- Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan afrontar e superar prexuízos lingüísticos.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos literarios das distintas etapas da literatura galega desde o 1900, entendendo e apreciando os recursos empregados, sobre todo os que manifestan as innovacións dos principais movementos, grupos ou autoras e autores.
- Desenvolvemento de tarefas colectivas sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- Demostración de ter lido os libros de lectura obrigatorios.

## 7. LECTURAS NA ESO

Será obrigatorio ler un libro por trimestre, do que se realizará unha proba escrita ou oral que permita avaliar a realización e a calidade da lectura. Son os seguintes:

### 1º ESO:

O alumnado escollerá unha obra entre as seguintes en cada trimestre:

*Vaiche boa!*, Paul Jennings, Galaxia

*Marta ante o espello*, Teresa Calo, Xerais

*Amigos en tempo real*, Ramiro J. Álvarez, Galaxia

*Memorias dun neno labrego*, Neira Vilas, Galaxia

*Prohibido casar, papá!*, Fina Casalderrey, Galaxia

*Asústate, Merche!*, Fina Casalderrey, Xerais

*Chamádeme Simbad*, Francisco Castro, Galaxia

*A casiña azul*, Sandra Comino, Galaxia

*A expedición dos libros*, Vicente Muñoz, Oxford

*Ameaza na Antártida*, Ramón Caride, Xerais

*Contos por palabras*, Agustín Fernández Paz, Xerais

*O centro do labirinto*, Agustín Fernández Paz, Xerais

*A teima de Xan*, Antonio García Teixeiro, Galaxia  
*O lago das garzas azuis*, Alfonso Pexegueiro, Xerais  
*A mansión dos Pampín*, Miguelanxo Prado, Proxecto Terra  
*Os barbanzóns* (colección), Pepe Carreiro, Toxosoutos

### **2º ESO:**

1ª av. *Cartas de inverno*, Agustín Fernández Paz, ed. Xerais, colección Fóra de xogo.  
2ª av. *Ata que o saibas todo*, Juan Cruz Igerabide, ed. Oxford, colección A árbore da lectura.  
3ª av. *Dragal*, Elena Gallego, ed. Xerais, colección Fóra de xogo.

### **3º ESO:**

1ª av. *Aire Negro*, de Agustín Fernández Paz, ou *Irmán do Vento*, de M. Lourenzo  
2ª av. *Poetízate*, de Fran Alonso, ou *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro  
3ª av. *Rúa Carbón*, de Marilar Aleixandre, ou *Game over*, de Santiago Lopo

Ofreceráselle tamén ao alumnado a posibilidade de escoller entre as seguintes obras:

Agustín Agra: *Cazaría salvaxe*, Xerais.  
Agustín Fernández Paz: *Noite de voraces sombras*, Xerais.  
Ana Frank: *O diario de Ana Frank*, Kalandraka.  
Antón Cortizas: *Leonel*, Xerais.  
Fina Casalderrey: *A pomba e o degolado*, Xerais.  
Fran Alonso: *Cartas de amor*, Xerais.  
H.P. Lovecraft: *Relatos de terror*, Xerais.  
Jaume Ribera e Andreu Martín: *O diario vermello de Flanagan*, Galaxia.  
Jordi Sierra i Fabra: *Soidades de Ana*, Galaxia.  
Manuel de Pedrolo: *O mecanoscrito da segunda orixe*, Galaxia.  
Manuel Lourenzo González: *Irmán do vento*, Xerais.  
Manuel Núñez Singala: *Comedia bífida*, Galaxia.  
Marilar Aleixandre: *A banda sen futuro*, Xerais.  
Miguel Vázquez Freire: *Anxos en tempos de chuvia*, Xerais.  
Patxi Zubizarreta: *De fel e mel*, Xerais.  
Suso de Toro: *A sombra cazadora*, Xerais.



#### 4º ESO:

Escollerase unha das seguintes obras.

1ª avaliación: *Retrincos + Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete. / Os dous de sempre* (Castelao, Galaxia) / *A fiestra baldeira / Dos arquivos do trasno* (Dieste, Galaxia)

2ª avaliación: *Os biosbardos* (Blanco Amor, Galaxia) / *Vento ferido / O sol do verán* (Carlos Casares, Galaxia) / *Noite de voraces sombras* (Agustín Fernández Paz, Xerais)

3ª avaliación: *Que me queres, amor?* (Manuel Rivas, Galaxia) / *O único que queda é o amor* (Agustín Fernández Paz, Xerais) / *Anxos en tempos de chuvia* (Vázquez Freire, Xerais)

Á parte, o alumnado poderá ler voluntariamente outros libros recomendados que serán avaliados mediante proba oral (ou escrita, en casos excepcionais) e redundarán na nota media.

Ademais das obras lidas na súa integridade, o alumnado entrará en contacto con outros textos literarios, a través dos fragmentos presentes en cada unidade. Estas dúas posicións estruturais dentro de cada unidade didáctica permiten, tamén, buscar o equilibrio entre os textos ilustrativos do canon literario galego (seleccionados co dobre criterio da súa representatividade e o seu carácter motivador para o alumnado deste nivel educativo) e outros que, ao non ter que atermos a restricións temporais, posibilitan introducir temas de actualidade.

## 8. LINGUA GALEGA E LITERATURA BACHARELATO

### Obxectivos xerais

Como resultado do proceso de ensino-aprendizaxe, os alumnos e as alumnas han de ser quen de:

- Utilizar a lingua galega, oralmente e por escrito, como instrumento para a comunicación interpersonal e para a comprensión, análise e organización de feitos e saberes de calquera tipo.
- Utilizar a lingua galega para a comprensión, e para a elaboración de informacións orais e escritas, atendendo ás características formais de cada unha delas.
- Valorar a lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución.

- Analizar a realidade sociolingüística de Galicia, interpretando criticamente os factores que interveñen nela.

- Analizar as linguaxes específicas dos medios de comunicación e utilizar as seccións e os programas en galego para mellorar as propias producións.

- Aplicar os principios fundamentais da gramática galega, recoñecendo as distintas unidades da lingua, e as súas posibles combinacións, no plano fónico-fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.

- Coñecer as características das principais etapas da Literatura Galega, así como dos autores e das obras máis significativas, utilizando de forma crítica as fontes documentais para o seu estudo.

- Ler e comentar as obras máis representativas das diferentes épocas da literatura galega, como fonte de pracer persoal e como manifestación artística do ser humano nun ámbito cultural concreto.

## **Contidos**

Desenvólvense en ambos os cursos de maneira progresiva unha serie de **contidos comúns** en relación coas destrezas comunicativas fundamentais. Son os seguintes:

- Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobligatoria.

- Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.

- Elaboración de exposicións orais e composicións escritas realizadas de xeito documentado e cun vocabulario rigoroso que lle proporcionen ao alumnado os rudimentos do discurso científico.

- Aplicación e respecto polas normas básicas que rexen o intercambio e a interacción comunicativa.

- Busca, obtención, selección e integración de información procedente de fontes bibliográficas e audiovisuais proporcionadas polas bibliotecas e polas tecnoloxías da información.

- Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.

- Interese pola literatura como manifestación artística do ser humano, como fonte de formación permanente e de satisfacción persoal. Reflexión e análise de obras e fragmentos de

diversos períodos literarios.

En 1º de Bacharelato abórdanse en cada un dos bloques do currículo:

### **Lingua e texto.**

-Reflexión e comprensión dos principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe: comunicación, linguaxe, lingua, unidades lingüísticas, signo lingüístico, funcionalidade lingüística e disciplinas lingüísticas.

-Reflexión sobre o concepto de rexistro lingüístico, os seus tipos e as súas manifestacións lingüísticas. Aplicación ás producións propias dos coñecementos adquiridos. Análise do rexistro en producións alleas.

-Recoñecemento da presentación e corrección ortográfica como dúas propiedades textuais que deben aplicar ás producións propias. Repaso de casos de ortografía dubidosa.

-Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.

-Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.

-Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. O verbo: a conxugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. Descripción e usos.

-Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais.

-Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

### **A sociolingüística.**

-A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.

-A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico

e situación sociolingüística.

-A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.

-A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

### **A literatura.**

-A literatura e o texto literario. Xéneros e recursos formais. Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega.

-A literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.

-A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.

-A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

En 2º:

### **Lingua e texto.**

-Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.

-A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.

-As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.

-Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.

-Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.

-Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

### **A sociolingüística.**

-As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

-Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

- Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.
- O galego no 1o terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

### **A literatura.**

- A literatura do primeiro terzo do século XX:
  - \* A poesía das Irmandades e a poesía de vangarda.
  - \* A prosa: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).
  - \* O teatro: Irmandades, Vangardas e o Grupo Nós.
- A literatura entre 1936 e 1976:
  - \* A poesía: a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. A poesía do exilio.
  - \* A prosa: os renovadores da prosa: Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. A prosa do exilio.
  - \* O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. O teatro do exilio.
- A literatura de fins do século XX e comezos do XXI:
  - \* Poesía: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.
  - \* Prosa: temas e autoras e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.
  - \* Teatro: o teatro dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.
- Lectura, análise e comentario de textos significativos, polo menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.

### **Obxectivos**

.: Comprender o contido global e particular, así como a intención e propósito dos discursos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural.

.: Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a

diferents situacións comunicativas e mantendo a coherencia, a corrección gramatical e a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.

.: Desenvolver as principais técnicas de comunicación e aprendizaxe relativas á comprensión e á produción que se empregan durante a interacción oral, para lograr os fins pretendidos e atendendo aos distintos contextos.

.: Identificar os diversos tipos de textos orais, escritos e audiovisuais e reflexionar sobre a súa estrutur, así como recoñecer o seu tema e a organización da información.

.: Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que enmanan dos distintos dixurso e utilizar on autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

.: Planificar, realizar e corrixir as propias producións de xeito que a persoa usuaria da lingua sexa axente social no seu ámbito, contribuíndo a consolidar as distintas funcións sociais da lingua.

.: Coñecer a realidade multilingüe do mundo, de Europa e do estado español valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvimento da competencia pluricultural e, en especial o plurilingüe.

.: Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e factores e procesos que ao longo da súa historia a levaron á situación actual.

.: Analizar os diferentes usos sociais da lingua, valorar as súas variedades, superar estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos, en especial os referidos ás mulleres, para evitalos.

.: Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas.

.: Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione.

.: Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa, almacenable a longo prazo, de fácil acceso e formalmente correcto.

.: Coñecer as características das principais etapas da literatura galega así como as correntes, xéneros, autoras e autores e obras máis representativas utilizando fontes bibliográficas axeitadas para o seu estudo.

.: Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das diferentes épocas da literatura galega em tanto que expresión de determinadas circunstancias sociohistóricas.

.: Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia

comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

## 9. LINGUA GALEGA E LITERATURA 1º BAC.

### Unidade 1

#### 1. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: texto narrativo.
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Identificar os principais recursos estilísticos empregados nos textos narrativos: o símil, a personificación, a metáfora.
- Recoñecer os procedementos de cohesión máis habituais dos textos narrativos: a substitución.
- Recoñecer e analizar as unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos de contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade ata as partes mínimas: te e che, conxuncións comparativas, uso de b e v, colocación do pronome átono.
- Coñecer as distintas disciplinas en que se estrutura a lingüística e valoralas como necesarias para comprender a linguaxe e as linguas que nos serven para comunicarnos.
- Coñecer o concepto de linguaxe e de signo lingüístico.
- Reflexionar sobre a realidade multilingüe do mundo e entender as distintas percepcións da realidade a partir de linguas distintas.
- Coñecer os distintos elementos do proceso comunicativo, así como as distintas funcións da linguaxe.
- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa: significado de último e derradeiro.
- Identificar as relacións de significado que se producen entre as palabras e valoralas pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa.

#### 1. B) CONTIDOS

- Texto narrativo («Illegal», relato pertencente a Cartas de amor, de Fran Alonso): intención

comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.

- Principais elementos dun texto narrativo: narrador, personaxes, lugar, tempo e argumento.
- Narración literaria e non literaria.
- As figuras retóricas: o símil, a personificación e a metáfora.
- Procedementos de cohesión textual: a substitución (pronomes, adverbios, sinónimos, hiperónimos...).
- Teísmo e cheísmo.
- As conxuncións comparativas.
- Repaso de casos de ortografía dubidosa: emprego de b e v.
- A correcta colocación do pronome átono.
- O infinitivo conxugado.
- Precisión léxica: diferenza entre último e derradeiro.
- A comunicación entre os seres vivos.
- A diferenza entre «transmisión de información» e «comunicación».
- As acepcións do concepto de linguaxe.
- A lingua como sistema de signos empregado polo ser humano para comunicarse.
- Signos, síntomas e símbolos.
- Signo lingüístico: significante e significado.
- A dobre articulación da linguaxe.
- As linguas naturais e os códigos ou sistemas substitutivos.
- A percepción do mundo a través das linguas. A diversidade lingüística.
- Distribución xeográfica da familia indoeuropea das linguas.
- Os elementos do proceso comunicativo: emisor, mensaxe, receptor, código, referente ou contexto e canle.
- As funcións da linguaxe.
- As disciplinas lingüísticas: fonética, fonoloxía, gramática, semántica, pragmática, sociolingüística, psicolingüística...
- A diferenza entre significado denotativo e significado connotativo.
- As relacións semánticas: sinonimia, polisemia, homonimia, antonimia.
- Termos homógrafos e termos homónimos.
- O campo semántico.
- Relacións de xerarquía semántica: hiponimia, hiperonimia e cohiponimia.

## 1. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN



- Le e interpreta textos narrativos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Elabora textos críticos de opinión sobre temas de actualidade, tendo en conta a adecuación e a intención comunicativa, así como a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.
- Participa en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realiza producións orais planificadas usando recursos bibliográficos e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: uso de te e che, conxuncións comparativas, uso de b e v, colocación do pronome átono, uso do infinitivo conxugado, as disciplinas lingüísticas.
- Coñece e utiliza os conceptos de comunicación e linguaxe, así como os elementos que forman parte do proceso comunicativo e as funcións da linguaxe.
- Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, amais dunha coidada presentación.
- Recoñece os distintos tipos de relacións semánticas que se establecen entre as palabras.

## Unidade 2

### 2. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: texto descritivo.
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Identificar os principais recursos estilísticos empregados nos textos descritivos: metáfora.
- Recoñecer os procedementos de cohesión dos textos descritivos: recorrencia, sinonimia, antonimia, hiponimia e hiperonimia.
- Expresar e comprender o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Recoñecer e analizar as distintas unidades da lingua e o seu funcionamento a partir dos distintos tipos de textos que se producen en contextos diferentes e cun achegamento analítico que observe a lingua partindo da globalidade para chegar ás partes mínimas: acentuación gráfica, as preposicións, o xénero dos substantivos.
- Coñecer o concepto de gramática, así como os distintos niveis que abrangue e os diferentes tipos

de gramática.

- Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e sobre os factores e procesos que ao longo da súa historia levaron á situación actual: historia do galego dende as orixes ata o século XVIII.
- Identificar os prefixos e sufixos das palabras e valoralos pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa.

## 2. B) CONTIDOS

- Texto descritivo («A figura da ponte», fragmento da novela *Herba moura*, de Teresa Moure): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- Principais procedementos de cohesión textual empregados nos textos descritivos: recorrencia, sinonimia, antonimia, hiponimia, hiperonimia.
- Diferenza entre descrición obxectiva e descrición subxectiva.
- Acentuación ortográfica.
- Repaso de casos de ortografía dubidosa: o til diacrítico.
- As preposicións.
- O xénero dos substantivos invariables.
- Grupos pl, cl, bl, fl e pr, cr, br, fr.
- A formación da lingua galega: contexto histórico e situación sociolingüística. O substrato prerromano.
- A formación da lingua galega: contexto histórico e situación sociolingüística. O estrato latino: a romanización.
- A formación da lingua galega: contexto histórico e situación sociolingüística. Os superestratos xermánico e árabe.
- A lingua galega na Idade Media: contexto histórico e situación sociolingüística.
- O período medieval de decadencia da lingua: séculos XIV e XV. A substitución lingüística do galego polo castelán.
- A lingua galega nos Séculos Escuros: contexto histórico e situación sociolingüística. Situación de bilingüismo social.
- O concepto de gramática.
- Os diferentes tipos de gramática: xeral, comparada, histórica, normativa, descritiva, tradicional, estrutural, xenerativa.
- A morfoloxía e a sintaxe. As categorías gramaticais.
- As gramáticas galegas.

- Os prefixos: prefixos de orixe latina e prefixos de orixe grega.
- Os sufixos: sufixos alterativos (diminutivos, aumentativos e despectivos) e sufixos derivativos.

## 2. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta textos descritivos, tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Elabora un texto crítico sobre temas de actualidade, adecuado á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, amais dunha coidada presentación.
- Coñece as principais características lingüísticas da descrición.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: acentuación, preposicións, xénero.
- Coñece as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valóraa con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística: historia externa da lingua, das orixes ao século XVIII.
- Consulta Internet e medios audiovisuais para ampliar información sobre a historia da lingua.
- Coñece o concepto de gramática e os diferentes tipos de gramática que existen.
- Coñece as principais gramáticas galegas que se elaboraron a través da historia.
- Recoñece os principais prefixos e sufixos do galego.

## Unidade 3

### 3. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: texto dialogado.
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Recoñecer os marcadores textuais máis habituais dos textos argumentativos: iniciativos, expresión e punto de vista, manifestación de certeza, confirmación, exemplificación, contraargumentativos, manifestación de acordo.
- Expresar o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e a cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima: a colocación do pronome átono, verbos con alternancia vocálica, o xénero, o timbre das vogais tónicas.

- Coñecer as características da lingua durante os distintos períodos da historia: substrato prerromano, superestrato xermánico e árabe, evolución a partir do latín vulgar, galego medieval, galego nos Séculos Escuros.
- Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva: o substantivo.
- Valorar a adquisición duns coñecementos lingüísticos e gramaticais pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa: o xénero e o número do substantivo.
- Identificar as palabras patrimoniais, os semicultismos e os cultismos, así como os pares léxicos e as familias léxicas irregulares.

### 3. B) CONTIDOS

- Texto dialogado (fragmento da obra dramática *Limpeza de sangue*, de Rubén Ruibal): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- A coherencia e a adecuación textual.
- Principais marcadores textuais empregados nos textos argumentativos.
- A correcta colocación do pronome átono con respecto ao verbo que acompaña.
- Verbos con alternancia vocálica.
- O xénero dos substantivos invariables.
- O timbre das vogais medias.
- As terminacións -za / -cia.
- Precisión léxica: sinónimos do verbo dicir.
- Palabras patrimoniais e palabras cultas.
- A formación da lingua galega: influencia das linguas de substrato no léxico galego.
- A formación da lingua galega: influencia das linguas de superestrato no léxico galego.
- A formación da lingua galega: influencia do substrato celta na fonética do galego.
- A formación da lingua galega: evolucións fonéticas do latín vulgar ao galego.
- A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais (nivel fonolóxico, nivel morfosintáctico e nivel léxico).
- A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais (nivel fonético, morfosintáctico e léxico).
- O substantivo: definición canto á semántica, a morfoloxía e a sintaxe.
- Clasificación semántica do substantivo.
- Compoñentes morfolóxicos do substantivo (lexema ou raíz, morfemas flexivos, morfemas derivativos e morfemas alterativos).
- Funcións sintácticas que desempeña o substantivo.

- O xénero do substantivo: substantivos variables e invariables.
- Regras de formación do feminino.
- O número do substantivo.
- Regras de formación do plural.
- Voces patrimoniais, semicultismos e cultismos.
- Os pares léxicos: familias léxicas irregulares. • Cultismos procedentes do latín. • Cultismos de orixe grega.

### 3. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta textos dialogados tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Extrae o tema e os argumentos do texto. • Recoñece os marcadores máis habituais dos textos en que se produce un debate. • Interpreta diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación na que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.
- Coñece os conceptos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos da gramática galega: colocación do pronome átono, verbos con alternancia vocálica, o xénero.
- Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección ortográfica, amais dunha coidada presentación.
- Coñece as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valóraa con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística: historia interna da lingua, das orixes ao século XVIII.
- Le textos en galego e en portugués para recoñecer a diferenza entre as dúas linguas.
- Recoñece os elementos que influíron na formación da lingua galega mediante a elaboración de esquemas.
- Coñece os conceptos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: o substantivo, definición, formas e funcións; o xénero e o número.
- Recoñece as diferenzas entre palabras patrimoniais, semicultismos e cultismos.

## Unidade 4

### 4. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa

estrutura e sobre a organización da información: texto expositivo.

- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos e utilizar con autonomía e espírito crítico as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresar o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Recoñecer os marcadores textuais máis habituais dos textos expositivos: adición, contraste, orde, causa-consecuencia, exemplificación, conclusión.
- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima: sufixos, o xénero, acentuación.
- Coñecer, analizar e reflexionar sobre a situación social da nosa lingua e sobre os factores e procesos que ao longo da súa historia levaron á situación actual: historia do galego dende o século XIX á actualidade.
- Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva: o adxectivo (grao positivo, grao comparativo e grao superlativo).
- Valorar a adquisición duns coñecementos lingüísticos e gramaticais pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa: uso das conxuncións comparativas.
- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa: significado literal e significado figurado.
- Identificar as familias léxicas irregulares.

#### 4. B) CONTIDOS

- Texto expositivo («O invento máis importante», texto de Xurxo Mariño, publicado en [culturagalega.org](http://culturagalega.org), na sección «Os dados do reloxeiro»): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- Principais partes dos textos expositivos: inicio, corpo e conclusión.
- Principais conectores dos textos expositivos (adición, contraste, orde, causa-consecuencia, exemplificación, conclusión).
- Sufixos alterativos e sufixos derivativos.
- O xénero: formación do feminino.
- Repaso de casos de ortografía dubidosa: acentuación ortográfica.
- Precisión léxica.
- A lingua galega no Rexurdimento: contexto histórico e situación sociolingüística.
- A aparición dos textos escritos en galego no século XIX.
- A lingua no século XIX: Provincialismo e Rexionalismo.

- Os primeiros textos literarios aparecidos no Rexurdimento.
- A lingua galega no primeiro terzo do século XX: a Real Academia Galega, as Irmandades da Fala e o Seminario de Estudos Galegos.
- A lingua galega tras a Guerra Civil: a contribución da Editorial Galaxia. As publicacións periódicas. O Estatuto de autonomía de Galicia, a Lei de normalización lingüística e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
- O adxectivo: definición.
- Os graos do adxectivo: positivo, comparativo e superlativo.
- As conxuncións comparativas.
- Superlativo absoluto (sintético e analítico) e superlativo relativo.
- As familias léxicas irregulares.

#### 4. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta textos expositivos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Extrae a idea principal e as secundarias dun texto expositivo e elabora un mapa conceptual onde se recolle o seu contido.
- Recoñece as distintas partes dun texto expositivo.
- Compón textos informativos, documentándose en enciclopedias e en Internet, sobre temas de actualidade, tendo en conta a adecuación, e a intención comunicativa, así como a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: sufixos alterativos e derivativos, o feminino das palabras rematadas en -an e -ano, acentuación; o adxectivo, as conxuncións comparativas.
- Coñece as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valóraa con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística: historia externa da lingua, do século XIX á actualidade.
- Consulta Internet e medios audiovisuais para ampliar información sobre a historia da lingua.
- Utiliza sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.
- Recoñece as familias léxicas irregulares para conseguir un léxico apropiado e ricaz que incrementa o seu vocabulario receptivo e produtivo.

## Unidade 5

### 5. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: texto argumentativo.
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Expresar o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Recoñecer os procedementos de cohesión máis habituais dos textos expositivos: recorrencia, substitución léxica, substitución gramatical, elipse.
- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima: valor da forma se, a sílaba, verbos con alternancia vocálica.
- Coñecer as características da lingua durante distintos períodos da historia: o Rexurdimento, o primeiro terzo do século XX, dende a Guerra Civil á actualidade.
- Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva: o pronome persoal (formas tónicas e átonas).
- Valorar a adquisición duns coñecementos lingüísticos e gramaticais pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa: cheísmo e teísmo, colocación do pronome átono.
- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa: familia léxica de persoa, fraseoloxía.
- Identificar as desviacións léxicas da norma: hipergaleguismos, vulgarismos, arcaísmos, lusismos, dialectalismos.

### 5. B) CONTIDOS

- Texto argumentativo («Energías limpas, pero non a calquera prezo», texto de Mercè Fernández, en revista.consumer.es): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- Os elementos da argumentación: tese e argumentos.
- Elementos de repetición de información: recorrencia, substitución léxica, substitución gramatical, elipse.
- Os distintos valores da forma se.
- As sílabas.
- Verbos con alternancia vocálica.
- Repaso de casos de ortografía dubidosa: uso correcto de x e s.
- Familias léxicas.
- Fraseoloxía.



- A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais.
- O galego popularizante do Rexurdimento: características léxicas e ortográficas.
- O galego diferencialista do primeiro terzo do século XX: principais características léxicas e ortográficas.
- A lingua galega a partir da Guerra Civil: o galego protoestándar e o galego estándar.
- O pronome persoal: definición e formas.
- O pronome persoal tónico: formas e funcións sintácticas que desempeña.
- O pronome persoal átono: formas e funcións sintácticas que desempeña.
- Cheísmo e teísmo.
- O dativo de solidariedade.
- Colocación do pronome átono con respecto ao verbo (anteposición ao verbo, colocación do pronome co infinitivo e co xerundio).
- Léxico estándar e desviacións da norma. • Hipergaleguismos ou diferencialismos. • Vulgarismos. • Arcaísmos.
- Lusismos. • Dialectalismos.

#### 5. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta textos argumentativos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Elabora o resumo de textos argumentativos.
- Recoñece a tese e os argumentos, elementos básicos dos textos argumentativos.
- Compón textos argumentativos sobre temas de actualidade, tendo en conta a adecuación e a intención comunicativa, así como a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: distintos valores da forma se, verbos con alternancia vocálica, uso de s e x; o pronome persoal, colocación do pronome átono.
- Coñece as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valóraa con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística: historia interna da lingua, do século XIX á actualidade.
- Utiliza sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compoñer e revisar textos propios e de temáticas diversas.
- Recoñece os hipergaleguismos, vulgarismos, arcaísmos, lusismos e dialectalismos para conseguir un léxico apropiado e ricaz que incrementa o seu vocabulario receptivo e produtivo.

## Unidade 6

### 6. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: ensaio.
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Expresar o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Recoñecer a maneira máis adecuada de organizar as ideas para redactar un texto: a progresión temática e o parágrafo.
- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima: plural das palabras rematadas en -l, uso correcto do h.
- Recoñecer os distintos usos sociais da lingua, valorando as súas variedades e superando estereotipos e prexuízos que atranquen o seu uso: variedades lingüísticas, variación social, variación situacional (os rexistros lingüísticos).
- Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva: artigo, determinantes e pronomes.
- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa: familia léxica de estudo, fraseoloxía.
- Recoñecer o emprego de terminoloxía específica nos textos: a linguaxe científico-tecnolóxica.

### 6. B) CONTIDOS

- Ensaio («As mulleres no Partido Galeguista», fragmento da obra *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, de Justo Beramendi).
- A organización das ideas nun texto.
- Os distintos tipos de progresión temática (de tema constante, de tema lineal, de tema derivado).
- Os distintos tipos de parágrafo (comparación/contraste, enumeración, causa/efecto, desenvolvemento).
- A formación do plural.
- Análise sintáctica.
- Familia léxica.
- Repaso de casos de ortografía dubidosa: uso correcto de h.
- Precisión léxica: busca do significado de palabras do texto.

- Fraseoloxía.
- As variedades lingüísticas: temporal, xeográfica, social, situacional.
- A variación social ou diastrática: nivel alto, nivel medio, nivel baixo.
- A variación social ou diastrática: as xergas.
- Variación situacional ou diafásica: os rexistros lingüísticos.
- Os diferentes rexistros lingüísticos: rexistro máis formal e rexistro máis coloquial.
- Os determinantes e os pronomes: definición, semellanzas e diferenzas dende o punto de vista morfolóxico e dende o punto de vista sintáctico.
- O artigo: artigo determinado e artigo indeterminado (definición e formas).
- Os demostrativos: determinantes e pronomes (formas, contraccións e funcións).
- As funcións especiais dos demostrativos.
- Os posesivos: determinantes e pronomes (formas e funcións).
- O uso correcto do artigo ante posesivo.
- Usos e valores especiais dos posesivos.
- Os relativos: determinantes e pronomes (formas e funcións).
- Os interrogativos e exclamativos: determinantes e pronomes (formas e funcións).
- Os indefinidos: determinantes e pronomes (formas e funcións).
- Encontro dos indefinidos con preposicións.
- Os numerais: determinantes e pronomes (formas e funcións).
- Os numerais: cardinais, ordinais, multiplicativos, partitivos e distributivos.
- A terminoloxía específica: os tecnolectos.
- A linguaxe científico-tecnolóxica: principais características léxicas, morfosintácticas e textuais.

## 6. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta textos ensaísticos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Extrae o tema principal do texto.
- Recoñece os distintos tipos de progresión temática que se producen nos textos.
- Recoñece os distintos tipos de parágrafos.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: plural das palabras rematadas en -l, análise sintáctica, uso de h, artigo, determinantes e pronomes.
- Diferencia as variedades internas da lingua: variación social e variación situacional (os rexistros lingüísticos).

- Participa en interaccións orais de acordo ás normas establecidas e realiza producións orais planificadas, relacionadas con contidos do currículo.
- Recoñece a terminoloxía específica: a linguaxe científico-tecnolóxica para conseguir un léxico apropiado e ricaz que incrementa o seu vocabulario receptivo e produtivo.

## Unidade 7

### 7. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: noticia (texto xornalístico).
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima: voz activa e voz pasiva, uso de lle e lles, acentuación.
- Coñecer a realidade multilingüe do mundo e de Europa, valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
- Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva: os verbos regulares).
- Valorar a adquisición duns coñecementos lingüísticos e gramaticais pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa: os morfemas do verbo, o modo e o tempo, a voz pasiva.
- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa: siglas e acrónimos, antonimia.
- Recoñecer o emprego de terminoloxía específica nos textos: a linguaxe xurídico-administrativa.

### 7. B) CONTIDOS

- Noticia: texto xornalístico («Galegos contra a pobreza», en Galicia Hoxe, 22 de outubro de 2007).
- Estrutura da noticia: partes que a conforman e características básicas.
- Procedementos de cohesión textual empregados na noticia: repetición (recorrencias, familias léxicas) e substitución (pronomes, adverbios, elipses, sinónimos, hiperónimos).
- Voz pasiva e voz activa: suxeito axente e suxeito paciente.
- Emprego correcto de lle / lles. • Diferenzas de significado entre homógrafos. • Siglas e acrónimos.

- Repaso de casos de ortografía dubidosa: acentuación de palabras con ditongo e hiato.
- Antonimia.
- A diversidade lingüística no mundo e en Europa.
- As linguas francas como linguas de comunicación internacional.
- O pidgin e o crioulo.
- Linguas e dialectos: a diferenza entre lingua por distancia e lingua por elaboración.
- As familias lingüísticas.
- Estados monolingües e plurilingües: linguas minorizadas e linguas minoritarias en Europa.
- Os verbos regulares: definición dende un punto de vista semántico, morfolóxico e sintáctico.
- Tipos de verbos: copulativos, predicativos, transitivos, intransitivos, reflexivos, pronominais, recíprocos, impersoais.
- Características morfolóxicas do verbo: o tema (raíz e vogal temática).
- Características morfolóxicas do verbo: o morfema modo-temporal.
- Características morfolóxicas do verbo: o morfema número-persoal.
- O modo do verbo: indicativo, subxuntivo e imperativo.
- O tempo: presente, pretérito, copretérito, antepretérito, futuro, pospretérito.
- A voz pasiva.
- A terminoloxía específica: a linguaxe xurídico-administrativa: principais características léxicas, morfosintácticas e textuais.

## 7. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta noticias xornalísticas tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Elabora unha síntese dos textos xornalísticos.
- Participa en interaccións orais de acordo ás normas establecidas e realiza producións orais planificadas, relacionadas con contidos do currículo.
- Recoñece a estrutura das noticias (partes e características básicas).
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: voz activa e voz pasiva, uso de lle e lles, siglas e acrónimos; os verbos regulares, morfoloxía verbal, modo e tempo.
- Recoñece a diversidade lingüística existente no mundo, así como as distintas familias lingüísticas.
- Recoñece as linguas minoritarias e minorizadas de Europa.
- Amplia información sobre os contidos consultando Internet.
- Recoñece a terminoloxía específica: a linguaxe xurídico-administrativa para conseguir un léxico

apropiado e ricaz que incrementa o seu vocabulario receptivo e produtivo.

## Unidade 8

### 8. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: reportaxe.
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Coñecer as principais diferenzas entre a noticia e a reportaxe.
- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima: grupos -cc- e -ct-, definición de fonemas, categoría gramatical, adverbio.
- Coñecer a realidade multilingüe do Estado español e de toda a Península Ibérica, valorando positivamente a riqueza que representa e fomentar o desenvolvemento da competencia pluricultural e, en especial, o da plurilingüe.
- Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva: os verbos con alternancias vocálicas e os verbos irregulares.
- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa: precisión léxica.
- Identificar os préstamos que se incorporaron ao galego.

### 8. B) CONTIDOS

- Reportaxe: texto xornalístico («Vida nova na leira», en Galicia Hoxe, 17 de setembro de 2007).
- Características da reportaxe: principais diferenzas entre noticia e reportaxe.
- Os grupos cultos -cc- e -ct-. • Fonética. • Categoría gramatical. • O adverbio.
- Precisión léxica.
- A diversidade lingüística da Península Ibérica.
- O castelán: orixe e territorios onde se emprega.
- Linguas cooficiais do Estado español: galego, éuscaro, catalán, aranés.
- Linguas non cooficiais do Estado español.
- Catalán: territorios, usos e situación legal.

- Éuscaro: territorios, usos e situación legal.
- Astur-leonés: territorios, usos e situación legal.
- Aragonés: territorios, usos e situación legal.
- Aranés: territorios, usos e situación legal.
- Verbos con alternancias vocálicas.
- Verbos con alternancia de timbre (aberto / pechado).
- Verbos con u no radical, que pode converterse en o.
- Os verbos irregulares.
- Irregularidades no lexema.
- Os préstamos: aceptación da lingua doadora sen adaptar (estranxeirismo), termo da lingua doadora traducido á lingua receptora (calco), adaptación fonética, gráfica ou morfolóxica do vocábulo incorporado.

#### 8. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta reportaxes tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Elabora unha síntese da reportaxe, extrae o tema e propón un novo título.
- Participa en interaccións orais de acordo ás normas establecidas e realiza producións orais planificadas, relacionadas con temas de actualidade.
- Recoñece as principais diferenzas entre noticia e reportaxe.
- Elabora unha noticia a partir dunha reportaxe.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: uso de -cc- e -ct-, definición de fonemas, categorías gramaticais, adverbios e locucións adverbiais, verbos con alternancia vocálica, verbos irregulares.
- Recoñece a diversidade lingüística existente na Península Ibérica, así como as características específicas das linguas do Estado español.
- Interpreta información extraída de gráficos e mapas e participa en debates orais de acordo coas normas establecidas.
- Amplia información sobre os contidos consultando Internet.
- Identifica as interferencias lingüísticas, así como os préstamos necesarios.

#### Unidade 9

#### 9. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: artigo de opinión (texto xornalístico).
- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima: uso correcto de b e v, terminación -cio / -zo.
- Coñecer e analizar os distintos usos sociais da lingua: usos lingüísticos do galego, territorios onde se fala galego e situación legal.
- Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva: as formas nominais do verbo (infinitivo, xerundio e participio) e as perífrases verbais.
- Valorar a adquisición duns coñecementos lingüísticos e gramaticais pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa: o infinitivo conxugado.
- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa: busca de significado de termos, campo semántico e familia léxica de chuvia, familia léxica de dor.
- Recoñecer e empregar a fraseoloxía e valorala pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa.

## 9. B) CONTIDOS

- Artigo de opinión: texto xornalístico («Guantánamo», de Rosa Aneiros, en L-V: De luns a venres, 1 de outubro de 2007).
- A columna de opinión: características básicas.
- O artigo de opinión e a columna: definición.
- Repaso de casos de ortografía dubidosa: uso correcto de b e v.
- Diferenzas de significado entre termos homófonos con b e v.
- Uso correcto de -cio e -zo. • Campo semántico e familia léxica de chuvia.
- Familias léxicas irregulares.
- Locucións adverbiais.
- A lingua galega: territorios, usos e situación legal.
- Os usos lingüísticos do galego: análise dos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (lingua de uso en Galicia, lingua habitual segundo a idade, lingua habitual segundo o hábitat).
- Dominio lingüístico do galego: a fronteira meridional, a fronteira oriental (Eo-Navia, O Bierzo, As



Portelas, Val do Ellas).

- Situación legal do galego: o Estatuto de Autonomía de Galicia, A Lei de normalización lingüística, A lingua galega no sistema educativo, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.
- A formas nominais do verbo: infinitivo, xerundio e participio.
- O infinitivo e o infinitivo conxugado: formas e funcións.
- Casos en que adoita empregarse o infinitivo conxugado.
- O xerundio: formas e funcións.
- O participio: formas e funcións.
- Participio regular e participio irregular.
- As perífrases verbais: con valor temporal, con valor modal, con valor aspectual.
- A fraseoloxía.

### 9. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta artigos xornalísticos de opinión, tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Elabora unha síntese breve do artigo xornalístico, así como unha opinión crítica sobre temas de actualidade, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.
- Coñece as principais características da columna de opinión.
- Recoñece os elementos de cohesión textual que se producen nas columnas de opinión.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: uso de -b- e -v-, terminación -zo / -cio, as formas nominais do verbo, o infinitivo conxugado, as perífrases verbais.
- Coñece os territorios, usos e situación legal da lingua galega.
- Interpreta información extraída de gráficos, cadros e mapas e participa en debates orais de acordo coas normas establecidas.
- Amplía información sobre os contidos consultando Internet.
- Coñece e utiliza a fraseoloxía propia da lingua galega incrementando o volume de vocabulario receptivo e produtivo.

## Unidade 10

### 10. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa

estrutura e sobre a organización da información: novas tecnoloxías.

- Interpretar e valorar criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Expresar o contido dunha mensaxe, axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas e mantendo a coherencia e cohesión, así como a corrección gramatical e a adecuada presentación.
- Apreciar e valorar a corrección e precisión formal como unha condición para que a comunicación funcione de maneira óptima: adverbios e locucións adverbiais, categoría gramatical, verbos irregulares.
- Coñecer e valorar a lingua portuguesa e o ámbito da lusofonía.
- Enxergar o carácter sistemático do código a partir da reflexión e da análise indutiva: adverbios e locucións adverbiais, preposicións e locucións prepositivas, conxuncións e locucións conxuntivas, interxeccións.
- Adquirir un corpus léxico importante, adecuado á intención e á situación comunicativa: neoloxismos, prefixos.
- Recoñecer e empregar a toponimia e a antroponimia e valorala pola súa rendibilidade e mellora da capacidade comunicativa.

## 10. B) CONTIDOS

- As novas tecnoloxías («1.000», en [bretemas.blogspot.com](http://bretemas.blogspot.com)).
- Principais características da escrita en Internet.
- A estrutura dun blog.
- Adverbios e locucións adverbiais.
- Conxugación de tempos verbais.
- Uso correcto de hai e fai.
- Neoloxismos.
- Os prefixos.
- A diversidade lingüística na Península Ibérica: o portugués e a lusofonía.
- Galego e portugués: unha orixe común.
- A lingua portuguesa no mundo: territorios de fala portuguesa (Comunidade de Países de Lingua Portuguesa).
- O mirandés: lingua oficial.
- Galicia e o ámbito da lusofonía.
- Adverbios e locucións adverbiais: formas e funcións.
- Preposicións e locucións prepositivas: formas e funcións.
- Conxuncións e locucións conxuntivas: clasificación (coordinantes, subordinantes, oracionais).

- As interxeccións.
- A toponimia: clasificación dende un punto de vista semántico.
- A antroponimia: clasificación dos nomes e dos apelidos.

## 10. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Le e interpreta textos extraídos de Internet, tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Identifica os temas e os subtemas dun texto escrito na rede.
- Coñece as principais características dun texto escrito en Internet.
- Recoñece a estrutura máis habitual dos blogs.
- Elabora un texto de opinión sobre un tema de actualidade, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.
- Coñece os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega: adverbios e locucións adverbiais, preposicións e locucións prepositivas, conxuncións e locucións conxuntivas, interxeccións, verbos irregulares.
- Coñece os territorios, usos e situación legal da lingua portuguesa, así como a importancia de poder concibir o galego dentro do ámbito da lusofonía.
- Interpreta información extraída de mapas e participa en debates orais de acordo coas normas establecidas.
- Amplía información sobre os contidos consultando Internet.
- Coñece e utiliza a toponimia e a antroponimia propia da lingua galega incrementando o volume de vocabulario receptivo e produtivo.

## Unidade 11

### 11. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer as características da lingua literaria, así como as diferentes funcións da literatura.
- Identificar as distintas figuras e recursos empregados nos textos literarios.
- Identificar os distintos tipos de versos segundo o número de sílabas, así como os distintos tipos de estrofas segundo o número de versos e o esquema métrico.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos de diferentes épocas da literatura galega.
- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa

que posibilita a formación, a información e o pracer.

#### 11. B) CONTIDOS

- A literatura e o texto literario.
- O concepto de «literatura» entendido como acto comunicativo.
- Factores que interveñen na comunicación literaria.
- Características principais da lingua literaria.
- As funcións da literatura.
- A linguaxe literaria e os seus recursos formais.
- Recursos literarios da prosa e do verso: os tropos (símil, metáfora, imaxe adxectiva, imaxe verbal, visión, símbolo, alegoría, metonimia, sinécdoque, hipálaxe) e as figuras (figuras de dicción e figuras de pensamento).
- Recursos literarios do verso: a métrica (medidas do verso, rima, ritmo).
- Os diferentes tipos de versos segundo o número de sílabas.
- A estrofa e o poema: os diferentes tipos de estrofas.

#### 11. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece o concepto de literatura como proceso comunicativo, así como os factores que interveñen neste proceso.
- Recoñece as características específicas dos textos literarios e as funcións propias da literatura.
- Identifica os distintos recursos empregados nos textos literarios.
- Recoñece os distintos tipos de versos segundo o número de sílabas, así como os tipos de estrofas segundo o número de versos e segundo o seu esquema métrico.
- Le, analiza e comenta textos literarios utilizando os coñecementos sobre os recursos literarios e a versificación.

### Unidade 12

#### 12. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Recoñecer os distintos xéneros literarios: lírica, épica e dramática.
- Identificar o xénero lírico e as súas características, así como os principais xéneros da lírica.
- Identificar o xénero narrativo e as súas características, así como os elementos que interveñen nos textos narrativos: narrador, acción, personaxes, tempo, espazo e narratario.
- Identificar os principais xéneros narrativos.

- Identificar a novela e as súas principais características.
- Identificar o conto e as súas principais características.
- Identificar o xénero dramático e as súas características, así como as principais manifestacións deste xénero.
- Coñecer os principais períodos, feitos histórico-sociais e feitos literarios da historia da literatura galega.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos de diferentes épocas da literatura galega.
- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

## 12. B) CONTIDOS

- Os xéneros literarios: características principais (a lírica, a épica e a dramática).
- A didáctica, a historia e a oratoria.
- O xénero lírico: características definitorias.
- A brevidade, a condensación e a riqueza expresiva dos textos poéticos.
- As actitudes líricas: enunciación, apóstrofo e canción.
- Os principais xéneros da lírica: xéneros maiores (oda, himno, elexía, epístola, égloga) e menores (epigrama, madrigal).
- O xénero épico ou narrativo: características definitorias.
- Principais xéneros narrativos: maiores (epopea, poema épico, conto, novela) e menores (romance de cego, fábula).
- Os elementos da narración: narrador, acción, personaxes, tempo, espazo e narratario.
- A novela: características básicas.
- O conto: características básicas.
- O narrador: participación, voz e coñecemento da historia.
- A acción: a trama e a historia.
- Os personaxes: protagonistas, secundarios e episódicos.
- Estilo directo rexido, diálogo, discurso directo narrativizado, estilo indirecto, estilo indirecto libre.
- O tempo: tempo da historia e tempo do discurso.
- Os tipos de anacronías: analepse (ou flash-back) e prolepse (ou flash-forward).
- Os tipos de técnicas narrativas relacionadas co tempo: resumo, escena, elipse e pausa.
- O espazo.
- O narratario.

- O xénero dramático: características definitorias do texto teatral.
- A estrutura dos textos teatrais: estrutura externa (escena, acto, xornada, lance) e estrutura interna (acción dramática, personaxes, linguaxe dramática).
- Principais manifestacións do xénero dramático: xéneros maiores (traxedia, comedia, drama), xéneros menores (entremés, sainete, farsa) e xéneros musicais (ópera, zarzuela, opereta).
- Introducción á cronoloxía xeral da historia da literatura galega: períodos, feitos histórico-sociais e feitos literarios.
- Análise de textos literarios de distintos xéneros.

## 12. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñece os distintos xéneros literarios: lírica, épica e dramática.
- Identifica as principais características dos textos pertencentes ao xénero lírico.
- Recoñece os elementos que forman parte dos textos narrativos: narrador, acción, personaxes, tempo, espazo e narratario.
- Coñece os principais xéneros narrativos.
- Coñece as principais características da novela e do conto.
- Recoñece as principais características dos textos dramáticos.
- Coñece e identifica as principais etapas, movementos, autores e obras da historia da literatura galega.
- Le, analiza e comenta textos literarios utilizando os coñecementos sobre os xéneros, os recursos literarios e a versificación.

## Unidade 13

### 13. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da lirica mediaval (a cantiga de amor e a cantiga de amigo), así como os seus textos e autores máis representativos.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das cantigas de amor e das cantigas de amigo galego-portuguesas, en tanto que expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.
- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

### 13. B) CONTIDOS

- A literatura medieval: a cantiga de amigo e a cantiga de amor.
- Contexto histórico: o reino de Galicia na Idade Media.
- A importancia das cantigas medievais nas distraccións e o lecer da Idade Media.
- Figuras que formaban parte do espectáculo trobadoresco: trobador e segrel, xograr e soldadeira.
- Os cancioneros medievais: a transmisión das cantigas (Cancioneiro da Ajuda, Cancioneiro da Biblioteca Nacional, Cancioneiro da Vaticana, Pergamiño Vindel e Pergamiño Sharrer).
- As características da lingua medieval galego-portuguesa.
- As cantigas de amigo: caracterización temática, clasificación e paralelismo.
- As cantigas de amor: caracterización temática e clasificación.
- Lectura e comentario de cantigas medievais de amigo e de amor.

### 13. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece o contexto socio-histórico e cultural en que se produce a literatura medieval galego-portuguesa.
- Coñece os cancioneros onde se conservaron compiladas as cantigas medievais galego-portuguesas.
- Recoñece as principais características formais e temáticas das cantigas de amigo.
- Coñece os distintos tipos en que se poden clasificar as cantigas de amigo.
- Recoñece as principais características formais e temáticas das cantigas de amor.
- Coñece os distintos tipos en que se poden clasificar as cantigas de amor.
- Le, analiza e comenta cantigas de amigo e cantigas de amor.
- Amplía información sobre as cantigas de amigo e as cantigas de amor documentándose en bibliotecas e en Internet.
- Elabora textos sobre temas curriculares, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.

## Unidade 14

### 14. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da lirica medieval (a cantiga de escarnio, a pastorela e outros xéneros), así como os seus textos e autores máis representativos.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das cantigas de

escarnio, da pastorela e doutros xéneros da lírica medieval galego-portuguesa, como expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.

- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

#### 14. B) CONTIDOS

- A literatura medieval: a cantiga de escarnio, a pastorela e outros xéneros.
- As cantigas de escarnio e maldicir: características definitorias e clasificación.
- A tenzón como subxénero dialogado das cantigas satíricas.
- A pastorela: características definitorias.
- Outros xéneros líricos medievais: lais, pranto, cantiga de seguir.
- Lectura e comentario de cantigas de escarnio e maldicir.

#### 14. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Recoñece as principais características formais e temáticas das cantigas de escarnio e maldicir.
- Coñece os distintos tipos en que se poden clasificar as cantigas de escarnio e maldicir.
- Recoñece a tenzón como un subxénero das cantigas satíricas.
- Coñece as principais características da pastorela.
- Recoñece outros xéneros literarios medievais: lais, pranto, cantiga de seguir.
- Le, analiza e comenta cantigas de escarnio e maldicir e pastorelas.
- Amplía información sobre as cantigas de amigo e as cantigas de amor documentándose en bibliotecas e en Internet.
- Elabora textos sobre temas curriculares, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.

### Unidade 15

#### 15. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da lírica medieval (as cantigas de Santa María) e da prosa medieval, así como os textos e autores máis representativos.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos das cantigas de Santa María e da prosa medieval galego-portuguesa, en tanto que expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.



- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

#### 15. B) CONTIDOS

- A literatura medieval: o cancionero relixioso (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.
- O cancionero relixioso: as cantigas de Santa María.
- Transmisión, datación e autoría das cantigas de Santa María.
- As fontes literarias das cantigas de Santa María.
- Clasificación e distribución temática das cantigas de Santa María: cantigas narrativas e cantigas líricas.
- A prosa medieval.
- Os primeiros textos escritos en galego conservados.
- A prosa de ficción: os ciclos temáticos (a materia de Bretaña, a materia de Troia, a haxiografía e o ciclo carolinxo).
- A prosa historiográfica, xurídica e didáctica.
- Lectura e comentario de textos procedentes das cantigas de Santa María e da prosa medieval.

#### 15. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece como se produciu a transmisión das cantigas de Santa María, así como a súa datación, autoría e fontes.
- Coñece os distintos tipos en que se poden clasificar as cantigas de Santa María, así como a súa distribución temática.
- Recoñece as principais características da prosa medieval.
- Coñece cales son os primeiros textos galegos medievais conservados.
- Recoñece os distintos ciclos temáticos en que se clasifica a prosa medieval de ficción.
- Coñece as principais características e obras da prosa historiográfica, xurídica e didáctica.
- Le, analiza e comenta textos pertencentes ás cantigas de Santa María e á prosa medieval.
- Amplía información sobre as cantigas de Santa María e sobre a prosa medieval, documentándose en bibliotecas e en Internet.
- Elabora textos sobre temas curriculares, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.

#### Unidade 16

## 16. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da literatura galega durante a etapa dos Seculos Escuros e da Ilustración, así como os textos e autores máis representativos.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos representativos da etapa dos Séculos Escuros e da Ilustración, en tanto que expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.
- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

## 16. B) CONTIDOS

- A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración.
- Contexto socio-histórico e cultural: Galicia a fins da Idade Media.
- Os fenómenos lingüísticos propios da época estudada.
- Os epígonos trobadorescos en Castela e en Portugal.
- Os Seculos Escuros: contexto socio-histórico e cultural.
- Manifestacións que se conservan da literatura culta e da literatura popularizante da época: características definitorias.
- A Ilustración: Diego Antonio Cernadas e Castro (Cura de Fruíme), frei Benito Feixoo, Xosé Andrés Cornide e frei Martín Sarmiento.
- Lectura e comentario de textos propios da época dos Séculos Escuros e da Ilustración.

## 16. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece o contexto socio-histórico e cultural da Galicia de fins da Idade Media.
- Coñece o contexto socio-histórico e cultural de Galicia durante o período dos Séculos Escuros (séculos XVI-XVIII).
- Coñece os textos máis importantes da literatura galega dos séculos XVI-XVIII.
- Recoñece as diferenzas entre a literatura culta e a literatura popularizante dos Séculos Escuros.
- Recoñece os principais textos, autores e características da literatura da época da Ilustración.
- Le, analiza e comenta textos pertencentes ao período dos Séculos Escuros e á Ilustración.
- Amplía información sobre a literatura galega dos Séculos Escuros e da Ilustración, documentándose en bibliotecas e en Internet.
- Elabora textos sobre temas curriculares, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.

## Unidade 17

### 17. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da literatura galega durante o século XIX, sobre todo durante a etapa coñecida como Prerrexurdimento, así como os textos e autores máis representativos.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos do século XIX, sobre todo da etapa coñecida como Prerrexurdimento, en tanto que expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.
- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

### 17. B) CONTIDOS

- A literatura do século XIX: o Prerrexurdimento e o Rexurdimento.
- Contexto histórico-social e cultural do Prerrexurdimento.
- A invasión napoleónica e a volta ao absolutismo (1808-1833).
- A revolución liberal (1833-1868) e o Provincialismo.
- Cadro cronolóxico dos principais acontecementos políticos do século XIX.
- Os primeiros textos galegos no século XIX: textos propagandísticos.
- Os escritos de guerra contra a invasión francesa: «Un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento» (1808) e Proezas de Galicia (1810), de Xosé Fernández Neira.
- Cartas, diálogos e folletos propagandísticos: «Os rogos dun galego establecido en Londres» (1813), de Manuel Pardo de Andrade, «La tertulia de la Quintana» (1820), «Diálogo entre dos labradores gallegos, afligidos y un abogado instruido» (1823), de Pedro Boado Sánchez, «Tertulia de Picaños» (1836).
- Textos literarios anteriores ao Provincialismo: poesías satíricas e obras de circunstancias; panxoliñas; A casamenteira, novela Antonio Bieito Fandiño; «Alborada» e «Égloga de Belmiro e Benigno», de Nicomedes Pastor Díaz.
- Os precusores do Rexurdimento: Xoán Manuel Pintos (A gaita gallega), Francisco Añón e Alberto Camino.
- Os Xogos Florais e o Álbum de la Caridad (1862).
- Lectura e comentario de textos do Prerrexurdimento.

## 17. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece o contexto socio-histórico e cultural da Galicia do século XIX, durante a época coñecida como Prerrexurdimento.
- Recoñece as reivindicacións políticas e culturais do Provincialismo.
- Coñece os textos galegos de principios do século XIX (escritos de guerra, cartas, diálogos e folletos propagandísticos), así como os seus autores e as súas características.
- Coñece as principais obras e autores da época do Prerrexurdimento (Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón, Alberto Camino...)
- Recoñece a importancia que para a literatura galega tivo a celebración dos Xogos Florais e a publicación do *Álbum de la Caridad*, onde se recolle unha ampla mostra dos escritores en lingua galega da época.
- Le, analiza e comenta textos pertencentes ao período do Prerrexurdimento.
- Amplía información sobre a literatura galega da época do Prerrexurdimento, documentándose en bibliotecas e en Internet.
- Elabora textos sobre temas curriculares, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.

## Unidade 18

### 18. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da literatura galega no século XIX, durante a etapa coñecida como Rexurdimento.
- Coñecer as características da vida e da obra de Rosalía de Castro, autora máis representativa da época do Rexurdimento.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos de Rosalía de Castro, en tanto que expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.
- Conscienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

### 18. B) CONTIDOS

- O Rexurdimento: Rosalía de Castro.
- Contexto socio-político e cultural da época do Rexurdimento.

- Rosalía de Castro: biografía.
- Rosalía de Castro: obra.
- Cantares gallegos (1863): estrutura e significado.
- Temática de Cantares gallegos: costumista, amorosa, social e intimista.
- Principais recursos estilísticos e métricos de Cantares gallegos.
- Follas novas (1880): estrutura e significado. • Temática de Follas novas: visión intimista e visión social. • Principais recursos estilísticos e métricos de Follas novas. • Principais características da lingua empregada por Rosalía. • A prosa de Rosalía: o «Conto gallego» e o prólogo de Cantares gallegos. • Significación da obra de Rosalía de Castro. • Os tipos de discurso rosaliano.
- Lectura e comentario de textos de Rosalía de Castro.

#### 18. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece o contexto socio-histórico e cultural da Galicia do século XIX, durante a época coñecida como Rexurdimento.
- Recoñece as reivindicacións políticas e culturais do Rexionalismo.
- Coñece os principais datos biográficos de Rosalía de Castro.
- Recoñece a estrutura e as principais características temáticas de Cantares gallegos, obra fundacional do Rexurdimento.
- Recoñece os recursos estilísticos e métricos máis empregados en Cantares gallegos.
- Recoñece a estrutura e as principais características temáticas de Follas novas, así como os recursos estilísticos e métricos máis empregados.
- Coñece e valora a importancia da figura de Rosalía de Castro no rexurdir da lingua e da literatura galegas durante o século XIX.
- Le, analiza e comenta textos de Rosalía de Castro.
- Amplía información sobre o Rexurdimento e sobre a vida e a obra de Rosalía de Castro documentándose en bibliotecas e en Internet.
- Elabora textos sobre temas curriculares, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.

#### Unidade 19

### 19. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da literatura galega no século XIX, durante a etapa coñecida como Rexurdimento.
- Coñecer as características da vida e da obra de Eduardo Pondal e de Curros Enríquez, dous dos autores máis representativos da época do Rexurdimento.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos de Eduardo Pondal e de Curros Enríquez, en tanto que expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.
- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

### 19. B) CONTIDOS

- O Rexurdimento: Eduardo Pondal e Curros Enríquez.
- Eduardo Pondal: biografía.
- Eduardo Pondal: obra.
- Queixumes dos Pinos: principais elementos temáticos (celtismo, bardismo, natureza, virilidade, helenismo).
- Os Eoas: o mundo poético pondaliano.
- Manuel Curros Enríquez: biografía. • Manuel Curros Enríquez: obra.
- Aires da miña terra: principais características e contidos da obra (a función social do poeta, aposta de Curros polo progreso material, actitude anticlerical, o carácter intimista).
- O Divino Sainete: principais características e contido da obra.
- Lectura e comentario de textos de Eduardo Pondal e Curros Enríquez.

### 19. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece e valora a importancia da figura de Eduardo Pondal no rexurdir da lingua e da literatura galegas durante o século XIX.
- Coñece os principais datos da vida e da obra de Eduardo Pondal.
- Recoñece a estrutura e as principais características temáticas de Queixumes dos Pinos.
- Recoñece a estrutura e as principais características temáticas de Os Eoas.
- Coñece e valora a importancia da figura de Curros Enríquez no rexurdir da lingua e da literatura galegas durante o século XIX.
- Coñece os principais datos da vida e da obra de Curros Enríquez.
- Recoñece a estrutura e as principais características temáticas de Aires da miña terra.

- Recoñece a estrutura e as principais características temáticas de O Divino Sainete.
- Le, analiza e comenta textos de Eduardo Pondal e de Curros Enríquez.
- Amplía información sobre o Rexurdimento e sobre a vida e a obra de Eduardo Pondal e de Curros Enríquez documentándose en bibliotecas e en Internet.
- Elabora textos sobre temas curriculares, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.

## Unidade 20

### 20. A) OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer as características da literatura galega no século XIX, durante a etapa coñecida como Rexurdimento.
- Coñecer as características da vida e da obra de diversos autores representativos da época do Rexurdimento.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos de diversos autores do Rexurdimento, en tanto que expresión de determinadas circunstancias socio-históricas.
- Concienciarse de que unha lectura crítica e de calidade mellora a competencia comunicativa, xa que posibilita a formación, a información e o pracer.

### 20. B) CONTIDOS

- Outros autores da época do Rexurdimento.
- Outros autores de poesía: corrente formalista (Florencio Vaamonde Lores, Manuel Lugo Freire, Evaristo Martelo Paumán) e corrente popular (Valentín Lamas Carvajal, Manuel Leiras Pulpeiro)
- Outros autores de prosa: novela (Marcial Valladares Núñez, Antonio López Ferreiro, Luis Otero Pimentel, Xan de Masma, Xesús Rodríguez López) e relato (Valentín Lamas Carvajal, Heraclio Pérez Placer, Francisco Álvarez de Nóvoa).
- Outros autores de teatro: Emilio Álvarez Jiménez, Ramón Armada Teixeira, Xoán Cuveiro Piñol, Galo Salinas, Lugo Freire.
- Lectura e comentario de textos de Valentín Lamas Carvajal, Antonio López Ferreiro, Francisco Álvarez de Nóvoa e Galo Salinas.

### 20. C) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece e valora a importancia de autores e obras poéticas do Rexurdimento.
- Coñece e valora a importancia de autores e obras narrativas do Rexurdimento.
- Coñece e valora a importancia de autores e obras dramáticas do Rexurdimento.
- Le, analiza e comenta textos de diferentes autores do Rexurdimento.
- Amplía información sobre o Rexurdimento documentándose en bibliotecas e en Internet.
- Elabora textos sobre temas curriculares, tendo en conta a adecuación, a intención comunicativa, a coherencia, a cohesión, a corrección ortográfica e unha coidada presentación.

## 10. LINGUA GALEGA E LITERATURA 2º BAC.

### UNIDADE 1

#### 1. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, así como recoñecer o tema e reflexionar sobre a súa estrutura e sobre a organización da información: texto poético.
- Delimitar o tema dun texto, expresando nunha frase breve a idea fundamental que o autor ou autora intenta transmitir.
- Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa (texto expositivo) tendo en conta as súas características básicas.
- Diferenciar o timbre das vogais tónicas, identificar a categoría gramatical das palabras, conxugar verbos, empregar con corrección o xénero e as terminacións *-cio/-cia* e *-zo/-za*.
- Reflexionar sobre as funcións sociais da lingua, e sobre os conceptos de bilingüismo individual e social, conflito e diglosia.
- Diferenciar os distintos tipos de individuos bilingües segundo a adquisición, o grao de competencia e o uso lingüístico.
- Recoñecer distintos factores (demográficos, de status, e de apoio institucional) que se deben ter en conta á hora de describir unha situación de bilingüismo.
- Diferenciar con claridade os conceptos de son, fonema e grafema.



- Coñecer as distintas vogais e consoantes de que se compón a lingua galega e diferencialas pola súa articulación.
- Coñecer os distintos tipos de agrupación de fonemas na palabra: sílaba, ditongo, tritongo e hiato.
- Coñecer as propiedades textuais (coherencia, cohesión e adecuación) e empregar os mecanismos adecuados para compoñer un texto coherente.

### 1. b) Contidos

- Texto poético («Acróstico», poema pertencente a *Poesía última de amor e enfermidade*, de Lois Pereiro): intención comunicativa e características lingüísticas.
- O tema dun texto poético.
- O timbre das vogais tónicas.
- Verbos irregulares e verbos con alternancia vocálica.
- O xénero dos substantivos invariables.
- Terminacións *-cio/-cia*, *-zo/-za*.
- Desviacións da norma.
- As funcións sociais da lingua. Bilingüismo, conflito e diglosia.
- O contacto de linguas.
- Bilingüismo individual (competencia comunicativa, adquisición e uso) e bilingüismo social (factores demográficos, factores de status e factores de apoio institucional).
- A fonética e a fonoloxía: sons, fonemas e grafemas.
- As vogais: descrición e clasificación segundo o grao de abertura e a localización.
- Vocalismo átono e vocalismo tónico.
- Aférese, síncope, prótese, epéntese e paragoxe.
- As consoantes: descrición e clasificación segundo o punto de articulación, o modo de articulación e a acción das cordas vocais.
- Correspondencia entre grafemas e fonemas.
- Gheada e seseo, metátese, apócope, rotacismo e contraccións.
- Diferenza entre *n* velar e *n* alveolar.
- Sílaba, ditongo, tritongo e hiato.

### 1. c) Criterios de avaliación

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.

- Interpreta e valora criticamente a información e as mensaxes que emanan dos distintos discursos.
- Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa (texto expositivo) tendo en conta as súas características básicas.
- Diferencia o timbre das vogais tónicas, reconece a categoría gramatical das palabras, conxuga tempos verbais, distingue o xénero gramatical, utiliza con corrección as terminacións *-cio/-cia* e *-zo/-za*.
- Reflexiona sobre as funcións sociais da lingua, e sobre os conceptos de bilingüismo individual e social, conflito e diglosia.
- Diferencia os distintos tipos de individuos bilingües segundo a adquisición, o grao de competencia e o uso lingüístico.
- Reconece os distintos factores que se deben ter en conta á hora de describir unha situación de bilingüismo.
- Consulta información en Internet para ampliar coñecementos sobre bilingüismo.
- Diferencia os conceptos de son, fonema e grafema.
- Coñece as distintas vogais e consoantes de que se compón a lingua galega e clasifícaaas segundo a súa articulación e pronunciación.
- Diferencia os distintos tipos de agrupación de fonemas que se producen na palabra.
- Coñece as propiedades textuais e emprega os mecanismos adecuados para compoñer un texto coherente.

## UNIDADE 2

### 2. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, reconecer a idea principal e reflexionar sobre a estrutura e sobre a organización da información: texto expositivo-argumentativo.
- Compoñer producións escritas planificadas, adecuadas á situación e á intención comunicativa (texto expositivo) tendo en conta a súa estrutura e as súas características básicas.
- Reconecer procedementos de cohesión textual (recorrenza, paráfrase e substitución), así como conectores textuais.
- Segmentar palabras nos seus morfemas, empregar adecuadamente as conxuncións

comparativas, usar con corrección o *s* e o *x*.

- Manexar o dicionario para localizar o significado de distintos termos.
- Reflexionar sobre os conceptos de lingua inicial, competencia e usos lingüísticos en Galicia, segundo os datos fornecidos polo *Mapa Sociolingüístico de Galicia*.
- Interpretar gráficos con datos sobre a lingua inicial, sobre a competencia e sobre a lingua de uso habitual.
- Recoñecer a diferenza entre as unidades e as funcións sintácticas que se establecen dentro da cláusula.
- Coñecer os fenómenos sintácticos da recursividade e do salto de nivel.
- Coñecer os tipos de relacións que se establecen entre as unidades: paradigmáticas e sintagmáticas.
- Coñecer os procedementos de cohesión textual: recorrencia e paráfrase.

## 2. b) Contidos

- Texto expositivo-argumentativo («Aprender unha lingua celta do século XXI», de Craig Patterson, no xornal *Galicia Hoxe*): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- A idea principal dun texto e a importancia do título.
- A estrutura xeral dos textos expositivos e dos textos argumentativos (introdución, desenvolvemento e conclusión).
- A información obxectiva e subxectiva dos artigos de opinión.
- Procedementos de cohesión textual: repetición ou recorrencia, paráfrase e substitución.
- Segmentación e identificación dos compoñentes morfolóxicos das palabras.
- A conxunción comparativa.
- Ortografía: emprego correcto de *s* e *x*.
- Léxico: definición e familias léxicas.
- Lingua inicial, competencia e usos lingüísticos en Galicia.
- Lingua inicial segundo a idade e segundo o hábitat de nacemento.
- A competencia oral e as destrezas escritas.
- Usos lingüísticos en Galicia segundo a idade, o hábitat, o nivel de estudos e a clase socioeconómica.
- Definición de enunciado.
- Diferenza entre unidades sintácticas e funcións sintácticas.

- A recursividade e o salto de nivel como fenómenos que se producen habitualmente nas análises sintácticas.
- Diferenza entre unidades simples e unidades complexas.
- Os tipos de relacións que se producen entre as unidades: paradigmáticas e sintagmáticas (todo-parte; parte-parte).
- Procedementos de cohesión textual: a recorrencia e a paráfrase.
- Os distintos tipos de recorrencia textual: reiteración léxica, repetición mediante sinónimos, recorrencia hiperonímica.

## 2. c) Criterios de avaliación

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa (texto expositivo) tendo en conta a súa estrutura e as súas características básicas.
- Recoñece procedementos de cohesión textual (recorrencia, paráfrase e substitución), así como conectores textuais.
- Segmenta palabras nos seus morfemas, usa con corrección as conxuncións comparativas e diferencia o uso con corrección de *s* e *x*.
- Manexa o dicionario para localizar o significado de distintos termos.
- Reflexiona sobre os conceptos de lingua inicial, competencia e usos lingüísticos en Galicia, segundo os datos fornecidos polo *Mapa Sociolingüístico de Galicia*.
- Interpreta gráficos con datos sobre a lingua inicial, sobre a competencia e sobre a lingua de uso habitual.
- Recoñece a diferenza entre as unidades e as funcións sintácticas que se establecen dentro da cláusula.
- Coñece os fenómenos sintácticos da recursividade e do salto de nivel.
- Coñece os tipos de relacións que se establecen entre as unidades: paradigmáticas e sintagmáticas.
- Coñece e usa adecuadamente os procedementos de cohesión textual: recorrencia e paráfrase.

## UNIDADE 3

### 3. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer o argumento ou asunto e reflexionar sobre a estrutura e sobre a organización da información: texto narrativo.
- Delimitar as partes fundamentais de que constan os textos narrativos: introdución, nó e desenlace.
- Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa tendo en conta a súa estrutura e as súas características (texto argumentativo).
- Identificar determinantes e pronomes demostrativos, coñecer os distintos valores do posesivo, acentuación ortográfica, diferenciar os distintos graos do adxectivo, diferenciar parónimos.
- Reflexionar sobre os estereotipos e prexuízos lingüísticos, así como sobre a súa repercusión no uso da lingua.
- Recoñecer cales son os factores que inflúen na formación dos prexuízos lingüísticos.
- Recoñecer de que xeito se produce a transmisión dos estereotipos e prexuízos.
- Interpretar correctamente gráficos con datos sobre actitudes lingüísticas.
- Identificar a frase como unha unidade sintáctica, así como coñecer a diferenza entre frases endocéntricas e exocéntricas.
- Diferenciar as frases simples, complexas e coordinadas.
- Analizar frases sintacticamente.
- Coñecer os procedementos de cohesión textual: substitución e elipse.

### 3. b) Contidos

- Texto narrativo (fragmento do relato «Un radiante silencio», en *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- Definición de argumento.
- As partes fundamentais dos textos narrativos: introdución, nó e desenlace.
- A opinión persoal e a argumentación.
- Os elementos dos textos argumentativos (exposición da tese, argumentos e conclusión).
- Identificación de determinantes e pronomes demostrativos.
- Os usos do artigo ante posesivo e os valores especiais dos posesivos.
- Ortografía: acentuación ortográfica.

- Os graos do adxectivo: positivo, comparativo e superlativo.
- Definición de palabras e categoría gramatical.
- Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.
- A formación e transmisión de estereotipos e prexuízos.
- A relación entre actitudes e uso lingüístico.
- Factores determinantes do uso lingüístico: hábito, competencia, contorno e grupos de pertenza.
- Definición de frase.
- Frases endocéntricas (substantivas, adxectivas e adverbiais) e frases exocéntricas (nominais e preposicionais).
- Frases simples, complexas e coordinadas.
- Procedementos de cohesión textual: substitución e elipse.
- Os distintos tipos de substitución: proformas léxicas (nominais, verbais), pronomes, proadverbios.
- Elipse nominal e elipse verbal.

### 3. c) Criterios de avaliación

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Delimita as partes fundamentais de que constan os textos narrativos: introdución, nó e desenlace.
- Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa tendo en conta a súa estrutura e as súas características (texto argumentativo).
- Identifica os determinantes e pronomes demostrativos, coñece os valores do posesivo, coñece e emprega con corrección as normas de acentuación ortográfica, identifica os graos do adxectivo, diferencia o significado entre parónimos.
- Reflexiona sobre os estereotipos e prexuízos lingüísticos, así como sobre a súa repercusión no uso da lingua.
- Recoñece cales son os factores que inflúen na formación dos prexuízos lingüísticos, así como o xeito en que se produce a transmisión dos estereotipos e prexuízos.
- Interpreta correctamente gráficos con datos sobre actitudes lingüísticas.
- Identifica a frase como unha unidade sintáctica, e coñece a diferenza entre frases

endocéntricas e exocéntricas.

- Diferencia as frases simples, complexas e coordinadas.
- Analiza frases sintacticamente.
- Coñece os procedementos de cohesión textual e úsaos con corrección: substitución e elipse.

## UNIDADE 4

### 4. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos e recoñecer o argumento ou asunto e reflexionar sobre a estrutura e sobre a organización da información: texto expositivo.
- Elaborar un esquema onde se expoñan graficamente as ideas dun texto.
- Compoñer producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa tendo en conta a súa estrutura e as súas características (opinión persoal).
- Utilizar con corrección o pronome persoal átono dependendo da palabra con que se inicie un texto; analizar enunciados dun texto; dividir palabras en sílabas; conxugar verbos; coñecer o uso correcto dos grupos consonánticos *ct* e *cc*; crear familias léxicas; coñecer o uso correcto dos grupos consonánticos *gl/gr* e *cl/cr*.
- Coñecer as variedades dialectais do galego, clasificándoas segundo os distintos fenómenos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos que presentan: bloques e áreas dialectais.
- escoitar e identificar textos dialectais pertencentes a distintos bloques.
- Coñecer e analizar a unidade sintáctica cláusula, así como os seus distintos tipos: simples e complexas, subordinadas substantivas, subordinadas adxectivas e subordinadas adverbiais.
- Identificar e empregar adecuadamente nas composicións escritas os conectores textuais organizadores do discurso e organizadores de ideas.

### 4. b) Contidos

- Texto expositivo («A anorexia nerviosa», en [www.revista.consumer.es](http://www.revista.consumer.es)): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- O esquema, definición e proceso que se debe seguir para a súa elaboración.

- A opinión persoal.
- A correcta colocación do pronome persoal átono respecto do verbo dependendo do termo que encabece o enunciado en que se insire.
- Análise sintáctica dun enunciado.
- División silábica.
- Verbos con alternancia vocálica.
- Ortografía: uso correcto de *ct/t* e *cc/c*.
- Grupos consonánticos (*cl/cr*, *gr/gl*).
- As variedades dialectais.
- Principais trazos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos das variantes dialectais.
- Bloques dialectais: occidental, central e oriental.
- Áreas dialectais: fisterrá, bergantiñá e pontevedresa (bloque occidental); mindoniense e lucu-auriense (bloque central); asturiana, ancaresa e zamorana (bloque oriental).
- Definición de cláusula.
- Cláusulas simples e cláusulas complexas.
- Distintos tipos de cláusulas subordinadas: substantivas, adxectivas e adverbiais (locativas, temporais e modais).
- Os conectores textuais: organizadores do discurso e organizadores de ideas.

#### 4. c) Criterios de avaliación

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Elabora un esquema onde expón de forma gráfica as ideas dun texto.
- Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa tendo en conta a súa estrutura e as súas características (opinión persoal).
- Utiliza con corrección o pronome persoal átono dependendo da palabra con que se inicie un texto; analiza enunciados dun texto; divide palabras en sílabas; conxuga verbos; usa con corrección os grupos consonánticos *ct* e *cc*; crea familias léxicas; usa correctamente os grupos *gl/gr* e *cl/cr*.
- Coñece cales son os límites xeográficos do galego, así como as variedades dialectais da nosa lingua, clasificándoas segundo os distintos fenómenos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos que presentan: bloques e áreas dialectais.



- Escoita textos orais de distintos bloques lingüísticos e pode clasificalos tendo en conta as súas peculiaridades lingüísticas.
- Diferencia entre cláusulas simples e complexas, identificando o predicado en cada caso.
- Clasifica e analiza sintacticamente as cláusulas complexas segundo sexan subordinadas substantivas, adxectivas ou adverbiais.
- Identifica e emprega con corrección os conectores ou marcadores textuais.

## UNIDADE 5

### 5. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer o argumento ou asunto e reflexionar sobre a estrutura e sobre a organización da información: texto expositivo-argumentativo.
- Propoñer títulos alternativos e extraer a idea principal dun texto.
- Buscar información sobre un asunto determinado e compoñer un texto.
- Empregar con corrección o til diacrítico, coñecer os distintos valores da partícula que, marcar a diferenza de xénero de varias palabras, recoñecer a función sintáctica de diversos elementos, usar con corrección os grupos *pr*, *pl*, *br*, *bl*.
- Comprender o proceso de normativización da lingua galega e de construción da variedade estándar.
- Identificar e coñecer as características do predicado e do suxeito.
- Coñecer as unidades que poden desempeñar a función de suxeito.
- Coñecer a voz pasiva e o complemento axente.
- Comprender en que consiste a progresión temática dun texto, así como os distintos tipos de progresión temática que se poden producir.
- Identificar a estrutura dun texto tendo en conta os seus trazos formais e o seu contido.

### 5. b) Contidos

- Texto expositivo-argumentativo («É cousa de mulleres», de Irene Lourido, en *A Nosa Terra*): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- Tema e título dun texto.
- A estrutura externa dos textos: parágrafos, idea principal e ideas secundarias.
- A estrutura interna dos textos expositivo-argumentativos, algún dos tipos máis habituais:

analizante ou dedutiva; sintetizante ou indutiva; circular ou de encadre; enumerativa; secuencia ou sucesiva; paralelística.

- Ortografía: o til diacrítico.
- Regras para marcar a diferenza de xénero.
- Análise sintáctica.
- Grupos consonánticos: *pl/pr, bl/br*.
- Sinonimia, hiponimia, hiperonimia e cohiponimia.
- Historia da normativización: a construción da variedade estándar.
- Normativización e normalización lingüística.
- Historia da elaboración do estándar, as catro etapas no proceso de estandarización do galego: galego popularizante (séc. XIX); galego enxebrizante ou diferencialista (1º terzo do XX); galego protoestándar (1936-1975); galego estándar (1975-actualidade).
- Criterios para a fixación da ortografía (fonolóxico, etimolóxico e de tradición escrita) e para a selección da variedade estándar.
- A polémica reintegracionista e a imaxe social do galego normativo.
- O predicado e o suxeito.
- Tipos de cláusulas segundo a natureza do predicado.
- Unidades que poden funcionar como suxeito.
- A voz pasiva.
- A progresión temática (tema e rema), os tipos: de tema constante, de tema lineal e de tema derivado.
- A estrutura dos textos.

### 5. c) Criterios de avaliación

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Compón producións escritas planificadas sobre temas de actualidade, adecuadas á situación e á intención comunicativa tendo en conta a súa estrutura e as súas características (biografía).
- Recoñece o tipo de estrutura externa e interna que presenta un texto.
- Emprega con corrección o til diacrítico, coñece os distintos valores da partícula que, marca a diferenza de xénero de varias palabras, recoñece a función sintáctica de diversos elementos, usa con corrección os grupos *pr, pl, br, bl*.

- Coñece a historia da normativización da lingua galega e da creación da variedade estándar.
- Reflexiona sobre os criterios seguidos para a fixación da ortografía e para a selección da variedade estándar.
- Recoñece e identifica o predicado e o suxeito como funcións que se establecen dentro da cláusula e coñece cales son as unidades que desempeñan estas funcións.
- Recoñece a voz pasiva e o complemento axente.
- Recoñece os distintos tipos de progresión temática que se poden presentar nun texto, así como a súa estrutura interna tendo en conta os trazos formais.

## UNIDADE 6

### 6. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer a idea principal e reflexionar sobre a estrutura e sobre a organización da información: texto expositivo.
- Elaborar o resumo dun texto.
- Recoñecer a organización das ideas dun texto.
- Diferenciar as palabras segundo sexan simples, derivadas, compostas e parasintéticas, recoñecer o timbre das vogais tónicas, diferenciar as grafías *o* e *u* átonas de final de palabra.
- Recoñecer topónimos e xentilicios presentes nun texto.
- Identificar prefixos e clasificalos segundo a súa orixe, achegando o seu significado.
- Coñecer os diferentes tipos de interferencias e as desviacións da norma que se producen no galego: hipergaleguismos, vulgarismos, préstamos, lusismos, castelanismos.
- Identificar e coñecer as características do complemento directo e do complemento indirecto.
- Coñecer as unidades que poden desempeñar a función de complemento directo e de complemento indirecto.
- Identificar o dativo de solidariedade e recoñecer a súa función semántica.
- Coñecer a estrutura que presentan as palabras e os morfemas polos que están constituídas.
- Coñecer os distintos tipos de palabras segundo a súa estrutura: simples, derivadas, compostas, parasintéticas.

### 6. b) Contidos

- Texto expositivo («Barrio galego», Débora Campos, en [apertasaolonxe.wordpress.com](http://apertasaolonxe.wordpress.com)):

intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.

- O resumo.
- A organización das ideas nun texto.
- Palabras simples, derivadas, compostas e parasintéticas.
- Timbre das vogais tónicas.
- Toponimia e xentilicios.
- Prefixos: orixe e significado.
- Interferencias e desviacións da norma: hipergaleguismos, vulgarismos, préstamos e interferencias, lusismos, castelanismos (fónicos, ortográficos e de acentuación, morfosintácticos, léxicos, semánticos).
- Complemento directo e complemento indirecto.
- Características do complemento directo e unidades que poden desempeñar esta función na cláusula.
- Características do complemento indirecto e unidades que poden desempeñar esta función na cláusula.
- O dativo de solidariedade.
- Estrutura e formación de palabras.
- As clases de palabras.

### **6. c) Criterios de avaliación**

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso.
- Elabora un resumo onde condensa un texto de forma que non falte ningunha das ideas importantes e se manteña a súa estrutura organizativa.
- Diferencia palabras segundo sexan simples, derivadas, compostas e parasintéticas, reconece o timbre das vogais tónicas, diferencia as grafías o e u átonas de final de palabra.
- Localiza toponimos e xentilicios nun texto.
- Identifica e clasifica prefixos cultos segundo a súa orixe.
- Coñece os diferentes tipos de interferencias e desviacións da norma que se producen no galego.
- Reconece e analiza os complementos directos e os complementos indirectos presentes na unidade cláusula, así como as distintas unidades que poden desempeñar estas funcións.
- Reconece o dativo de solidariedade e os valores que posúe.

- Coñece os elementos estruturais das palabras e os seus procedementos de formación.

## UNIDADE 7

### 7. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer a idea principal e reflexionar sobre a estrutura e sobre a organización da información: texto argumentativo.
- Elaborar un mapa conceptual dun texto co fin de organizar e representar as súas ideas.
- Recoñecer as partes en que se organiza un texto argumentativo, así como a tese ou idea que defende, os argumentos utilizados para defender a tese e a conclusión a que se chega.
- Analizar un enunciado sintacticamente, conxugar formas verbais en pretérito de indicativo e en infinitivo conxugado.
- Recoñecer a terminoloxía científica dun texto e buscar información sobre as palabras das cales non se coñece o seu significado.
- Facilitar termos antónimos e contrarios.
- Coñecer a historia da lingua galega durante o primeiro terzo do século XX.
- Recoñecer e valorar o traballo desenvolvido en prol da lingua galega polas Irmandades da Fala, a xeración Nós e o Seminario de Estudos Galegos.
- Coñecer o marco lexislativo e político en que se desenvolveu a lingua galega durante o primeiro terzo do século XX.
- Coñecer as características lingüísticas fundamentais que presentaba o idioma galego da época.
- Coñecer as características fundamentais do complemento circunstancial e do suplemento, así como as unidades que poden desempeñar estas funcións.
- Recoñecer os distintos tipos de morfemas que forman as palabras (lexemas, prefixos e sufixos), así como coñecer que é unha familia léxica.

### 7. b) Contidos

- Texto argumentativo («Comer alimentos transxénicos?», Lucía Méndez, en Terra. Boletín da FEG): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- Ideas principais e tema.
- A elaboración dun mapa conceptual.

- Análise sintáctica.
- O infinitivo conxugado.
- Xénero das palabras rematadas en *-án, -ana, -á*.
- Terminoloxía científica.
- Antonimia.
- O galego no primeiro terzo do século XX: contexto histórico e situación sociolingüística, as Irmandades da Fala, a xeración Nós, o Seminario de Estudos Galegos, marco lexislativo e político, o papel do ensino.
- O galego no primeiro terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais.
- Complemento circunstancial e suplemento.
- Os distintos tipos de complemento circunstancial e as unidades que poden desempeñar esta función.
- As características do suplemento e unidades que poden desempeñar esta función.
- Tipos de morfemas e análise morfolóxica: prefixos, sufixos e familias léxicas.

### 7. c) Criterios de avaliación

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, localizando as ideas principais, o tema e a intención do discurso.
- Elabora un mapa conceptual mediante o que consegue organizar e presentar as ideas dun texto.
- Recoñece as partes en que se organizan os textos argumentativos (tese, argumentos e conclusión).
- Recoñece a estrutura que presenta un texto argumentativo (dedutiva, indutiva, enumerativa...).
- Analiza enunciados, recoñece conxuncións concesivas, conxuga o pretérito de indicativo e o infinitivo conxugado dun verbo, forma o feminino e o masculino de palabras rematadas en *-án, -á, -ana*.
- Forma o antónimo de palabras extraídas dun texto.
- Coñece o contexto histórico e a situación sociolingüística en que se desenvolveu a lingua galega durante o primeiro terzo do século XX.
- Recoñece a importancia das Irmandades da Fala, da xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos na historia da lingua.
- Coñece o marco lexislativo e político do galego no primeiro terzo do século XX, así como o

papel que desempeñou o ensino e as características lingüísticas fundamentais.

- Recoñece e analiza o complemento circunstancial e o suplemento, así como as distintas unidades que poden desempeñar estas funcións.
- Diferencia os distintos tipos de morfemas que forman as palabras e coñece como se forma unha familia léxica.

## UNIDADE 8

### 8. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer a idea principal e reflexionar sobre a estrutura e sobre a organización da información: texto expositivo.
- Indicar o tema dun texto e propoñer un título.
- Coñecer o valor de subliñar un texto para a súa relectura e estudo.
- Diferenciar un texto argumentativo dun texto expositivo.
- Extraer as ideas principais dun texto e expresalas en forma de esquema.
- Compoñer textos escritos ofrecendo a opinión persoal sobre un asunto de actualidade.
- Formar o plural de determinadas palabras, conxugar o preterito de indicativo dun verbo dado, analizar palabras morfoloxicamente.
- Usar con corrección o grupo *bs*.
- Coñecer a historia da lingua galega durante a época que vai dende a Guerra Civil ata o remate da ditadura: marco sociopolítico e características lingüísticas fundamentais.
- Coñecer a historia da lingua galega de finais do século XX e comezos do XXI: marco sociopolítico e lexislativo, e características lingüísticas fundamentais.
- Coñecer as características fundamentais do atributo e do predicativo, así como as unidades que poden desempeñar estas funcións na cláusula.
- Coñecer os campos semánticos e a súa relación coa definición semántica das palabras.

### 8. b) Contidos

- Texto expositivo («Eu, Sociedade Limitada», en Galicia Hoxe): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- Tema e título.

- A técnica do subliñado como forma de destacar a información relevante dun texto.
- Idea principal e ideas secundarias dun texto.
- Formación do plural.
- Análise morfolóxica das palabras e significado de prefixos e sufixos.
- Pares de palabras cuxo significado se diferencia dependendo de en que sílaba recaía a acentuación.
- Grupos consonánticos: *bs*.
- O galego de 1936 a 1975: contexto histórico e situación sociolingüística.
- O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais.
- O galego de fins do século XX e comezos do XXI: contexto histórico, situación sociolingüística e marco lexislativo.
- O galego de fins do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais.
- As funcións que se producen no interior da cláusula: atributo e predicativo.
- Atributo: características fundamentais e unidades que poden desempeñar esta función.
- Predicativo: características fundamentais e unidades que poden desempeñar esta función.
- Definición de semántica e de campo semántico.
- A definición semántica das palabras.

### 8. c) Criterios de avaliación

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, recoñecendo o tema e propondo un novo título.
- Emprega o subliñado como técnica que permite destacar a información relevante dun texto.
- Diferencia entre un texto argumentativo e un texto expositivo.
- Compón textos escritos ofrecendo a opinión persoal sobre un asunto de actualidade.
- Forma o plural de distintas palabras, conxuga o pretérito de indicativo dun verbo, analiza palabras morfoloxicamente.
- Coñece o significado de termos relacionados coas novas tecnoloxías.
- Usa con corrección o grupo culto *bs*.
- Coñece a evolución da lingua galega na etapa que vai de 1936 a 1975, así como as súas principais características lingüísticas.
- Coñece a evolución da lingua galega dende finais do século XX ata comezos do XXI (contexto histórico, situación sociolingüística, marco lexislativo e características lingüísticas fundamentais).



- Recoñece e analiza o atributo e mais o predicativo, así como as distintas unidades que poden desempeñar estas funcións.
- Define palabras mediante os seus trazos semánticos.
- Coñece os conceptos de semántica e campo semántico.

## UNIDADE 9

### 9. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer a idea principal e reflexionar sobre a estrutura e a organización da información: texto expositivo-argumentativo.
- Indicar o tema dun texto e propoñer un título.
- Coñecer e valorar de forma adecuada a importancia do título dun texto.
- Compoñer textos escritos ofrecendo un comentario crítico sobre un asunto de actualidade.
- Recoñecer os distintos parágrafos de que consta un texto, así como a idea principal de cada un destes parágrafos e as tres partes fundamentais do texto.
- Localizar estruturas comparativas e identificar os correspondentes nexos, empregar adecuadamente o pronome de terceira persoa, diferenciar as sílabas de diferentes palabras.
- Identificar o significado de expresións dun texto e proporcionar sinónimos de cada unha desas expresións.
- Recoñecer as características das linguas minoritarias e das linguas minorizadas.
- Recoñecer o galego como unha lingua en vías de normalización e coñecer os axentes normalizadores.
- Diferenciar entre oracións simples e complexas.
- Coñecer e analizar os tipos de oracións bipolares: concesivas, condicionais, causais, consecutivas e comparativas.
- Coñecer as relacións de significado que se establecen entre as palabras: sinonimia, polisemia, homonimia, oposición semántica, xerarquía semántica (hiperonimia, hiponimia, cohiponimia).

### 9. b) Contidos

- Texto expositivo-argumentativo («A ópera das ras», de Manuel Rivas, en *A corpo aberto*): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.

- O título: características e pasos para titular adecuadamente un texto.
- O comentario crítico dun enunciado concreto e dun texto completo.
- Estruturas comparativas.
- O pronome átono de terceira persoa: uso correcto e contraccións.
- A partición silábica: ditongos e hiatos.
- A sinonimia.
- Linguas minorizadas e linguas minoritarias.
- Institucións e normalización lingüística.
- Axentes normalizadores non institucionais.
- A importancia dos plans de normalización lingüística.
- As oracións bipolares.
- Diferenza entre oracións simples e oracións complexas.
- Tipos de oracións bipolares: concesivas, condicionais, causais, consecutivas e comparativas.
- As relacións de significado: relacións de afinidade semántica, relacións de oposición semántica e relacións de xerarquía semántica.
- Relacións de afinidade semántica: sinonimia total, sinonimia parcial, polisemia, homonimia.
- Relacións de oposición semántica: termos complementarios, termos antónimos, termos inversos ou recíprocos.
- Relacións de xerarquía semántica: hiperonimia, hiponimia, cohiponimia.

### 9. c) Criterios de avaliación

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, recoñecendo o tema e propondo un novo título.
- Comprende a importancia do título dun texto para dar a coñecer o asunto que trata.
- Elabora o resumo dun texto.
- Compón textos escritos onde elabora un comentario crítico sobre un fragmento contextualizado dentro dun texto completo.
- Delimita os parágrafos dun texto e a idea principal de cada un deles, así como as partes fundamentais do devandito texto.
- Coñece as estruturas comparativas e os distintos nexos que se empregan.
- Usa con corrección o pronome átono de terceira persoa.
- Recoñece as sílabas das palabras, diferenciando ditongos e hiatos.
- Coñece a diferenza entre linguas minorizadas e linguas minoritarias e a importancia do

proceso de normalización e normativización para a supervivencia da lingua galega.

- Recoñece a importancia das institucións, dos axentes normalizadores non institucionais e dos plans de normalización lingüística.
- Recoñece e analiza as oracións bipolares e os seus tipos, así como as principais conxuncións utilizadas por cada unha delas.
- Coñece as relacións semánticas que se establecen entre as palabras (afinidade, oposición e xerarquía semántica).

## UNIDADE 10

### 10. a) Obxectivos didácticos

- Identificar os diversos tipos de textos, recoñecer a idea principal e reflexionar sobre a estrutura e a organización da información: texto expositivo-argumentativo.
- Resumir un texto.
- Analizar as principais características lingüísticas dun texto.
- Compoñer un texto escrito coherente, cohesionado e ben estruturado, onde se analice criticamente un texto expositivo-argumentativo.
- Empregar con corrección o pronome átono de 2ª persoa, identificar o valor de perífrases verbais presentes en diversos enunciados, localizar adverbios, conxuncións e preposicións.
- Diferenciar o significado de distintas palabras pertencentes a un mesmo campo semántico.
- Recoñecer a importancia do sistema educativo e dos medios de comunicación para a normalización da lingua galega.
- Coñecer e analizar os distintos tipos de oracións coordinadas: adversativas, copulativas, disxuntivas, distributivas.
- Coñecer os cambios semánticos, así como os conceptos de denotación, connotación, tabú e eufemismo.

### 10. b) Contidos

- Texto dialogado («Billete ás Canarias», de Roberto Salgueiro, en *Historia da chuvia que cae todos os días*): intención comunicativa, estrutura formal e características lingüísticas.
- Tema e resumo dun texto.
- Aspectos relevantes á hora de analizar as características dun texto: tipo de discurso, estilo,

registro, tipo de enunciados, intención comunicativa, función da linguaxe, características morfosintácticas.

- A opinión persoal sobre un texto.
- Pronome átono de segunda persoa: *che* e *te*.
- Perífrases verbais: identificación e significado.
- O adverbio de tempo, as conxuncións e as preposicións.
- O campo semántico.
- A normalización do galego a través do sistema educativo.
- A normalización do galego a través dos medios de comunicación.
- As oracións coordinadas: adversativas, copulativas, disxuntivas e distributivas.
- Os cambios semánticos: denotación e connotación, tabú e eufemismo, os cambios semánticos.

#### **10. c) Criterios de avaliación**

- Le e interpreta distintos tipos de textos tendo en conta a situación en que se desenvolven, recoñecendo o tema e propondo un novo título.
- Identifica e analiza as principais características lingüísticas dun texto.
- Elabora o resumo dun texto.
- Compón textos escritos onde expón a súa opinión persoal sobre determinados fragmentos dun texto.
- Emprega de forma adecuada o pronome persoal átono de 2ª persoa (*te* / *che*).
- Identifica as perífrases verbais e o valor que presentan.
- Identifica adverbios, conxuncións e preposicións.
- Recoñece a diferenza que se establece entre distintas palabras pertencentes a un mesmo campo semántico.
- Coñece, analiza e valora a importancia do sistema educativo e dos medios de comunicación como axentes normalizadores da lingua.
- Recoñece e analiza as oracións coordinadas e os seus tipos, así como as principais conxuncións que empregan.
- Coñece os cambios semánticos que se producen, así como os conceptos de denotación, connotación, tabú e eufemismo.

**11. a) Obxectivos didácticos**

- Coñecer as características da lírica galega durante o primeiro terzo do século XX.
- Coñecer o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega do primeiro terzo do século XX.
- Coñecer a importancia da obra de Noriega Varela para a lírica desta época.
- Recoñecer e valorar a obra lírica de Ramón Cabanillas como unha das producións máis importantes da literatura galega de comezos do século XX.
- Coñecer os distintos movementos de vangarda que se produciron en Galicia e a súa influencia na literatura.
- Recoñecer e valorar a obra poética vangardista de Manuel Antonio e de Álvaro Cunqueiro.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos da lírica do primeiro terzo do século XX.
- Coñecer as principais características dunha das obras máis representativas da lírica de comezos de século: *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas.

**11. b) Contidos**

- A lírica no primeiro terzo do século XX (1900-1936): Contexto sociopolítico.
- As Irmandades da Fala: ideais políticos e culturais.
- A II República e o Estatuto de Autonomía.
- A poesía de Noriega Varela.
- Ramón Cabanillas: vida e obra.
- A obra poética de Ramón Cabanillas: liñas temático-estilísticas de *No desterro*.
- A poesía de vangarda: neotrobadorismo e hilozoísmo (Fermín Bouza-Brey, Álvaro Cunqueiro e Luís Amado Carballo).
- A poesía vangardista de Manuel Antonio: *De catro a catro*.
- A poesía vangardista de Álvaro Cunqueiro: *Cantiga nova que se chama riveira*, *Mar ao norde* e *Poemas do si e non*.
- Lectura e análise de obras poéticas do primeiro terzo do século XX.
- Guía de lectura de *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas: argumento e estrutura, fontes, rexistros estilísticos, métrica, a dignificación mítica de Galicia.

### 11. c) Criterios de avaliación

- Coñece o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega do primeiro terzo do século XX.
- Coñece e valora a importancia da obra de Noriega Varela para a lírica desta época.
- Recoñece e valora a obra lírica de Ramón Cabanillas como unha das producións máis importantes da literatura galega de comezos do século XX.
- Coñece os distintos movementos de vangarda que se produciron en Galicia e a súa influencia na literatura.
- Recoñece e valora a obra poética vangardista de Manuel Antonio e de Álvaro Cunqueiro.
- Le, analiza e comenta textos pertencentes á lírica do primeiro terzo do século XX.
- Coñece en profundidade as características dunha das obras máis representativas da lírica de comezos de século: *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas.

## UNIDADE 12

### 12. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer as características da prosa galega durante o primeiro terzo do século XX.
- Coñecer a importancia do labor desenvolvido polas Irmandades da Fala e polo grupo Nós para configurar a prosa galega de comezos de século.
- Recoñecer e valorar a obra en prosa de Vicente Risco: ensaio, prosa de ficción.
- Recoñecer e valorar a obra en prosa de Castelao: narrativa, ensaio.
- Recoñecer e valorar a obra en prosa de Ramón Otero Pedrayo: narrativa, ensaio.
- Recoñecer e valorar a obra en prosa de Rafael Dieste.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos da prosa do primeiro terzo do século XX.
- Coñecer as principais características dunha das obras máis representativas da prosa de comezos de século: *Os camiños da vida*, de Ramón Otero Pedrayo.

### 12. b) Contidos

- A prosa na época das Irmandades da Fala.
- O grupo Nós e a súa importancia no desenvolvemento da cultura e da política galega do primeiro terzo do século XX.

- Vicente Risco: vida e obra.
- A obra ensaística de Vicente Risco: «Nós, os inadaptados», *Teoría do nacionalismo galego, Mitteleuropa, Leria*.
- A prosa de ficción de Vicente Risco: *Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros, O lobo da xente, A trabe de ouro e a trabe de alquitrán, A Coutada, O porco de pé...*
- Alfonso Rodríguez Castelao: vida e obra.
- A obra narrativa de Castelao: *Un ollo de vidro, Cousas, Retrincos, Os dous de sempre*.
- A obra ensaística de Castelao: *Diario, As cruces de pedra na Bretaña, As cruces de pedra na Galiza, Sempre en Galiza*.
- Ramón Otero Pedrayo: vida e obra.
- A obra narrativa de Otero Pedrayo: *Escrito na néboa, Arredor de si, Devalar, Pantelas, home libre, Entre a vendima e a castañeira, O purgatorio de don Ramiro, Os camiños da vida, O mesón dos ermos, Contos do camiño e da rúa, O señorito da Reboraina...*
- A obra ensaística de Otero Pedrayo: *Síntese xeográfica de Galicia, Ensayo histórico sobre la cultura gallega, Polos vieiros da saudade, O libro dos amigos*.
- Rafael Dieste: Vida e obra.
- A obra narrativa de Rafael Dieste: *Dos arquivos do trasno*.
- Lectura e análise de obras narrativas do primeiro terzo do século XX.
- Guía de lectura de *Os camiños da vida*, de Ramón Otero Pedrayo: argumento, personaxes, o espazo, o tempo, o narrador, o realismo e o culturalismo.

## 12. c) Criterios de avaliación

- Coñece e valora o labor desenvolvido polas Irmandades da Fala e polo grupo Nós para configurar a prosa galega de comezos do século XX.
- Recoñece e valora a obra en prosa de Vicente Risco: ensaio, prosa de ficción.
- Recoñece e valora a obra en prosa de Castelao: narrativa, ensaio.
- Recoñece e valora a obra en prosa de Ramón Otero Pedrayo: narrativa, ensaio.
- Recoñece e valora a obra en prosa de Rafael Dieste.
- Le, analiza e comenta textos da prosa do primeiro terzo do século XX.
- Coñece en profundidade as características dunha das obras máis representativas da prosa de comezos de século: *Os camiños da vida*, de Ramón Otero Pedrayo.

**13. a) Obxectivos didácticos**

- Coñecer as características da poesía galega durante a época que vai de 1936 a 1976.
- Coñecer o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega de 1936 a 1976.
- Coñecer as principais características da lírica galega de posguerra e dos seus autores.
- Coñecer as principais obras e autores da xeración de 1936: voces do exilio (Luís Seoane, Lorenzo Varela, Eduardo Blanco-Amor, Emilio Pita, Florencio Delgado Gurriarán) e autores do interior (Fermín Bouza-Brey, Xosé María Álvarez Blázquez, Luís Pimentel, Xosé María Díaz Castro, Aquilino Iglesia Alvariño, Ricardo Carvalho Calero, Álvaro Cunqueiro).
- Recoñecer e valorar a obra lírica de Celso Emilio Ferreiro como unha das máis importantes da súa época.
- Coñecer as principais obras e autores da promoción de enlace: Antón Tovar, Luz Pozo Garza, Manuel Cuña Novás.
- Coñecer as principais obras e autores da xeración dos 50 ou das Festas Minervais: X. L. Méndez Ferrín, Manuel María, Bernardino Graña, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Avilés de Taramancos.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos da poesía de 1936-1976.
- Coñecer as principais características dunha das obras máis representativas da lírica de 1936-1976: Longa noite de pedra, de Celso Emilio Ferreiro.

**13. b) Contidos**

- A lírica entre 1936 e 1976: contexto sociopolítico.
- A cultura galega durante a posguerra: o exilio e as inicitivas xurdidas en Galicia.
- As xeracións poéticas relevantes na lírica galega de posguerra: xeración de 1936, xeración «ponte» e xeración de 1950.
- A xeración de 1936: principais características, obras e autores máis destacados do exilio (Seoane, Lorenzo Varela, Blanco-Amor, Emilio Pita, Delgado Gurriarán).
- A xeración de 1936: principais características, obras e autores máis destacados do interior (Bouza-Brey, X. M. Álvarez Blázquez, Pimentel, Díaz Castro, A. Iglesia Alvariño, Carvalho Calero, Cunqueiro).



- Celso Emilio Ferreiro: vida e obra.
- A obra poética máis destacada de Celso Emilio: poesía social (*Longa noite de pedra*, *Viaxe ao país dos ananos*, *Cantigas de escarnio e maldicir*, *Paco Pixiñas*, *Terra de ningures*, *Antipoemas*, *Cimiterio privado*) e poesía lírico-amorosa (*Onde o mundo se chama Celanova*).
- A xeración «ponte» ou Promoción de Enlace: principais características, obras e autores máis relevantes (Antón Tovar, Luz Pozo Garza, Manuel Cuña Novás).
- A xeración de 1950 ou xeración das Festas Minervais: principais características, obras e autores máis destacados (Méndez Ferrín, Manuel María, B. Graña, Novoneyra, Xohana Torres, Avilés de Taramancos).
- Lectura e análise de obras poéticas do período comprendido entre 1936 e 1976.
- Guía de lectura de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro: edición, temas, estrutura, estilo e métrica.

### 13. c) Criterios de avaliación

- Coñece o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega de 1936 a 1976.
- Coñece as características da poesía galega durante a época que vai de 1936 a 1976, así como as tendencias e os autores.
- Coñece as principais obras e autores da xeración de 1936.
- Recoñece e valora a obra lírica de Celso Emilio Ferreiro como unha das máis importantes da súa época.
- Coñece as principais obras e autores da promoción de enlace.
- Coñece as principais obras e autores da xeración dos 50 ou das Festas Minervais.
- Le, analiza e comenta textos da poesía de 1936-1976.
- Coñece en profundidade as características dunha das obras máis representativas da lírica de 1936-1976: *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro.

## UNIDADE 14

### 14. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer as características da prosa galega durante a época que vai de 1936 a 1975.
- Coñecer as principais características da narrativa do exilio.
- Coñecer as características máis salientables do relato popularizante de Ánxel Fole.
- Coñecer as características máis salientables da narrativa social de X. Neira Vilas.
- Recoñecer e valorar a obra narrativa de Álvaro Cunqueiro (novelas e relatos) coma unha das máis importantes da súa época.
- Recoñecer e valorar a obra narrativa de Eduardo Blanco Amor (novelas e relatos) como unha das máis importantes da súa época.
- Coñecer as principais obras e autores da Nova Narrativa Galega: Gonzalo R. Mourullo, X. L. Méndez Ferrín, Carlos Casares, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán, Lois Diéguez, Xohán Casal.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos da narrativa de 1936-1975.
- Coñecer as principais características dunha das obras máis representativas da narrativa de 1936-1975: *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor.

### 14. b) Contidos

- A prosa de 1936 a 1975: características, obras e autores.
- A narrativa do exilio: características, obras e autores (Ramón de Valenzuela, Silvio Santiago, Antón Alonso Ríos).
- Ánxel Fole, o relato popularizante: *Á lus do candil*, *Terra brava*.
- X. Neira Vilas, a narrativa social: *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo*, *Aqueles anos do Moncho*, *Camiño bretemoso*, *Remuíño de sombras*.
- Xohana Torres: *Adiós, María*.
- Álvaro Cunqueiro: vida e obra.
- As novelas de Á. Cunqueiro: *Merlín e familia*, *As crónicas do sochantre*, *Se o vello sinbad volvese ás illas*.
- Os relatos de Cunqueiro: *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e acolá*, *Os outros feirantes*.

- Eduardo Blanco Amor: vida e obra.
- As novelas de E. Blanco Amor: *A esmorga*, *Xente ao lonxe*.
- Os relatos de Blanco Amor: *Os biosbardos*.
- A Nova Narrativa Galega: características, obras e autores (Gonzalo R. Mourullo, X. L. Méndez Ferrín, Carlos Casares, Camilo Gonsar, María Xosé Queizán, Lois Diéguez, Xohán Casal).
- Lectura e análise de obras narrativas do período comprendido entre 1936 e 1975.
- Guía de lectura de *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor: argumento e estrutura; narradores e puntos de vista; conflito moral e social, a esmorga como traxedia; personaxes; recursos estilísticos.

#### 14. c) Criterios de avaliación

- Coñece as características da prosa galega durante a época que vai de 1936 a 1975.
- Coñece as principais características da narrativa do exilio.
- Coñece as características máis salientables do relato popularizante de Ánxel Fole.
- Coñece as características máis salientables da narrativa social de X. Neira Vilas.
- Recoñece e valora a obra narrativa de Álvaro Cunqueiro (novelas e relatos) como unha das máis importantes da súa época.
- Recoñece e valora a obra narrativa de Eduardo Blanco Amor (novelas e relatos) coma unha das máis importantes da súa época.
- Coñecer as principais obras e autores da Nova Narrativa Galega.
- Le, analiza e comenta textos da narrativa de 1936-1975.
- Coñece en profundidade as características dunha das obras máis representativas da narrativa de 1936-1975: *A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor.

### UNIDADE 15

#### 15. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer as características do teatro galego durante a época que vai de 1900 a 1976.
- Coñecer as principais características do teatro rexionalista: Escola Rexional de Declamación, os coros.
- Coñecer as principais características do teatro das Irmandades da Fala: obras e autores

(Cabanillas e A. Villar Ponte).

- Coñecer as principais características do teatro do grupo Nós: obras e autores (V. Risco, Otero Pedrayo e Castelao).
- Coñecer as principais características do teatro dos «novos»: obras e autores (Xaime Quintanilla e Rafael Dieste).
- Coñecer as principais características do teatro da posguerra ou do exilio: obras e autores (Manuel Varela Buxán, Eduardo Blanco Amor e Luís Seoane).
- Coñecer as principais características do teatro dos anos 50: obras e autores (Ricardo Carballo Calero, Jenaro Marinhas del Valle e Álvaro Cunqueiro).
- Coñecer as principais características do teatro dos anos 60 ou teatro independente: obras e autores (Daniel Cortezón e Manuel María).
- Coñecer as principais características do teatro das mostras de Ribadavia e do grupo Abrente: obras e autores (Manuel Lourenzo, Euloxio Rodríguez Ruibal e Roberto Vidal Bolaño).
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos do teatro de 1900-1973.
- Coñecer as principais características dunha das obras máis representativas do teatro de 1900-1973: *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.

#### 15. b) Contidos

- O teatro galego de 1900 a 1976.
- A dramaturxia rexionalista: principais características, obras e autores (Manuel Lugo Freire, Xesús San Luís Romero).
- As Irmandades da Fala e a procura dunha dramática nacional: o Conservatorio Nacional de Arte Galega, Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte, O teatro no grupo Nós (Vicente Risco, R. Otero Pedrayo, Castelao), os «Novos» (Xaime Quintanilla, Rafael Dieste).
- O teatro de 1943 a 1973: o teatro do exilio (Manuel Varela Buxán, Blanco Amor, Luís Seoane), os anos 50 (Carballo Calero, Marinhas del Valle, Cunqueiro), os anos 60 (o teatro independente, Manuel Lourenzo, Daniel Cortezón, Manuel María), as mostras de Ribadavia e o grupo Abrente (Manuel Lourenzo, Euloxio Rodríguez Ruibal, Roberto Vidal Bolaño).
- Lectura e análise de obras dramáticas do período comprendido entre 1900 e 1976.
- Guía de lectura de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao: argumento e estrutura, personaxes, trazos estilísticos, intencionalidade da obra.

### 15. c) Criterios de avaliación

- Coñece as características do teatro galego durante a época que vai de 1900 a 1976.
- Coñece as principais características do teatro rexionalista.
- Coñece as principais obras e autores do teatro das Irmandades da Fala.
- Coñece as principais obras e autores do teatro do grupo Nós.
- Coñece as principais obras e autores do teatro dos «novos».
- Coñece as principais obras e autores do teatro da posguerra ou do exilio.
- Coñece as principais obras e autores do teatro dos anos 50.
- Coñece as principais obras e autores do teatro dos anos 60 ou teatro independente.
- Coñece as principais obras e autores do teatro das mostras de Ribadavia e do grupo Abrente.
- Le, analiza e comenta textos do teatro de 1900-1973.
- Coñece en profundidade as características dunha das obras máis representativas do teatro de 1900-1973: *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao.

## UNIDADE 16

### 16. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer as características da poesía galega de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñecer o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñecer as principais obras e autores líricos de 1976-1980.
- Coñecer as principais características das obras poéticas da promoción dos 80.
- Coñecer as principais obras e autores líricos dos 80: estética formalista ou culturalista, a poesía da experiencia, o experimentalismo, a recuperación da voz feminina.
- Coñecer as principais características das obras poéticas dos 90 e os inicios do século XXI, así como dos seus autores e autoras: poesía de transición, poesía provocadora e contestataria, poesía do íntimo e o cotián, outras liñas.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos da poesía de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñecer as principais características dunha das obras máis representativas da lírica de fins do século XX e comezos do XXI: *Con pólvora e magnolias*, de X. L. Méndez Ferrín.

## 16. b) Contidos

- A poesía de fins do século XX e comezos do XXI: contexto socio-económico e cambios político-sociais.
- A lírica galega dende 1975 á actualidade: principais características, poetas e obras.
- Cambio de rumbo da poesía (1975-1980): X. L. Méndez Ferrín (*Con pólvora e magnolias*), Arcadio López-Casanova, Alfonso Pexegueiro.
- A promoción dos 80: principais características, tendencias, obras e autores: Xavier Rodríguez Baixeras (*Fentos no mar, Lembranza do areal, Anos de viaxe...*), X. M. Álvarez Cáccamo (*Praia das furnas, Arquitecturas de cinza, Os documentos da sombra, Luminoso lugar de abatemento...*), Xavier Seoane (*Poesía experimental, Anisia e outras sombras, Iniciación e regreso, O canto da terra...*), Xesús Manuel López Valcárcel (*Rosa clandestina, En voz baixa...*), Claudio Rodríguez Fer (*Cinepoemas, Lugo blues, Vulva...*), Ramiro Fonte (*As cidades da nada, Pensar na tempestade, Pasa un segredo, Adeus Norte...*), Miguel Anxo Fernán-Vello (*Trópico de lúas, As certezas do clima, Territorio da desaparición...*), Manuel Forcadela (*Ferida acústica de río, O regreso das ninfas, O varredor en outono...*), Román Raña (*Nas areias doutro mar, Extramuros da noite, Da muda primavera...*), Eusebio Lorenzo Baleirón (*O corpo e as sombras, Os días olvidados, A morte presentida*).
- A poesía da experiencia: Manuel Rivas (*Balada das prais do Oeste, Mohicania, Nigún cisne, Costa da morte blues...*), Cesáreo Sánchez Iglesias (*O cántico da fonte, Mar do fin da terra...*).
- O experimentalismo: Manuel Vilanova, Vitor Vaqueiro, Vicente Araguas.
- A recuperación da voz feminina: Pilar Pallarés (*Sétima soidade, Livro das devoracións, Poemas...*), Xela Arias (*Denuncia do equilibrio, Tigres coma cabalos, Intempériome*), Ana Romaní (*Palabra de mar, Das últimas mareas*)...
- A década dos 90 e os inicios do século XXI: características, poetas, tendencias e obras.
- A poesía de transición: Miro Villar, Gonzalo Navaza, Arturo Casas, Rafa Villar, Helena de Carlos.
- A poesía provocadora e contestataria: Antonio R. López, María Xosé Queizán, Lupe Gómez, Yolanda Castaño, Olga Novo, Chus Pato.
- A poesía do íntimo e o cotián: Anxo Angueira, Fran Alonso, Emma Couceiro, Estevo Creus.
- Outras liñas poéticas: Manuel Outeiriño, María do Cebreiro.
- Lectura e análise de obras poéticas do período comprendido entre fins do século XX e comezos do XXI.

- Guía de lectura de *Con pólvora e magnolias*, de X. L. Méndez Ferrín: edición, estrutura, temas, unidade, estilo.

### 16. c) Criterios de avaliación

- Coñece o contexto sociopolítico, económico e cultural en que se desenvolveu a literatura galega de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñece as principais obras e autores líricos de 1976-1980.
- Coñece as principais características das obras poéticas da promoción dos 80.
- Coñece as principais obras e autores líricos dos 80: estética formalista ou culturalista, a poesía da experiencia, o experimentalismo, a recuperación da voz feminina.
- Coñece as principais obras, autores e autoras das obras poéticas dos 90 e os inicios do século XXI: poesía de transición, poesía provocadora e contestataria, poesía do íntimo e o cotián, outras liñas.
- Le, analiza e comenta textos da poesía de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñece en profundidade as características dunha das obras máis representativas da lírica de fins do século XX e comezos do XXI: *Con pólvora e magnolias*, de X. L. Méndez Ferrín.

## UNIDADE 17

### 17. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer as características da prosa galega de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñecer as principais características da narrativa na época de 1975-1990.
- Coñecer as principais obras e autores de narrativa de 1975-1980: Carlos Casares e Anxo Rei Ballesteros.
- Coñecer as principais obras e autores de narrativa dos 80: Xavier Alcalá, X. M. Martínez Oca, Víctor F. Freixanes, Alfredo Conde, Carlos G. Reigosa, Suso de Toro.
- Coñecer as principais características da narrativa de X. L. Méndez Ferrín.
- Coñecer as principais características da narrativa do novo milenio.
- Coñecer as principais obras e autores de narrativa da década de 1990 e comezos do século XXI: persistencia da novela histórica, continuidade da temática memorialística / intimista, consolidación e espallamento da novela de xénero, novela de autor ou experimental, neocostumismo urbano ou semiurbano («narrativa bravú»), xurdimento dunha narrativa de

muller, entremestura de xéneros, a literatura infantil e xuvenil.

- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos da prosa de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñecer as principais características dunha das obras máis representativas da narrativa de fins do século XX e comezos do XXI: *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas.

### 17. b) Contidos

- A prosa de fins do século XX e comezos do XXI.
- A narrativa de 1975-1980: principais características, obras e autores (Carlos Casares, Anxo Rei Ballesteros).
- A narrativa dos 80: características, obras e autores.
- A narrativa dos 80: liña memorialística-intimista (Xavier Alcalá, X. M. Martínez Oca).
- A narrativa dos 80: a novela histórica e de ficción histórica (Víctor F. Freixanes, Alfredo Conde).
- A narrativa dos 80: O relato policial (Carlos G. Reigosa).
- A narrativa dos 80: a narrativa fragmentaria-experimental (Suso de Toro).
- A narrativa de X. L. Méndez Ferrín.
- Cara á narrativa do novo milenio: principais características, obras e autores.
- A narrativa dos 90 e comezos do século XXI: persistencia da novela histórica (Xesús Rábade Paredes, Darío Xohán Cabana, X. Fernández Ferreiro, Anxo Angueira, Estro Montaña, Luís Rei Núñez).
- A narrativa dos 90 e comezos do século XXI: continuidade da temática memorialística-intimista (Manuel Veiga, Xosé Ramón Pena).
- A narrativa dos 90 e comezos do século XXI: consolidación e espallamento da novela de xénero (Bieito Iglesias, Aníbal C. Malvar, Xosé Miranda).
- A narrativa dos 90 e comezos do século XXI: novela de autor ou experimental (Xosé Cid Cabido, Gonzalo Navaza, Xurxo Borrazás, Xosé Carlos Caneiro).
- A narrativa dos 90 e comezos do século XXI: neocostumismo urbano ou semiurbano: a «narrativa bravú» (Manuel Rivas).
- A narrativa dos 90 e comezos do século XXI: xurdimento dunha narrativa de muller (M. X. Queizán, Úrsula Heinze, Margarita Ledo Andión, Marilar Aleixandre, Inma López Silva, Teresa Moure, Rosa Aneiros)
- A narrativa dos 90 e comezos do século XXI: entremestura de xéneros (Anxos Sumai, Fran



Alonso, Xavier Queipo, Miguel Anxo Murado).

- A narrativa dos 90 e comezos do século XXI: a literatura infantil e xuvenil.
- Lectura e análise de obras narrativas do período comprendido entre fins do século XX e comezos do XXI.
- Guía de lectura de *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas: argumento e estrutura, narrador e punto de vista, personaxes, principais trazos estilísticos.

### 17. c) Criterios de avaliación

- Coñece as principais obras e autores de narrativa de 1975-1980.
- Coñece as principais obras e autores de narrativa dos 80.
- Coñece as principais características da narrativa de X. L. Méndez Ferrín.
- Coñece as principais características da narrativa do novo milenio.
- Coñece as principais obras e autores de narrativa da década de 1990 e comezos do século XXI.
- Le, analiza e comenta textos da prosa de fins do século XX e comezos do XXI.
- Coñece en profundidade as características dunha das obras máis representativas da narrativa de fins do século XX e comezos do XXI: *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas.

## UNIDADE 18

### 18. a) Obxectivos didácticos

- Coñecer as características do teatro posterior a 1975.
- Coñecer as principais características, obras e autores do teatro da promoción de 1980.
- Coñecer as principais características, obras e autores do teatro da xeración dos 90.
- Coñecer as principais características, obras e autores do ensaio dende a posguerra á actualidade.
- Ler, comprender, analizar e xulgar con criterio obras e fragmentos literarios representativos do teatro posterior a 1975.
- Coñecer as principais características dunha das obras máis representativas do teatro posterior a 1975: *Lugar*, de Raúl Dans.

### 18. b) Contidos

- O teatro posterior a 1975: principais características, obras e autores.
- A promoción de 1980: principais características, obras e autores.
- A xeración dos 90: principais características, obras e autores.
- O ensaio: da posguerra á actualidade (o grupo de Galaxia, o ensaio nas últimas décadas do século XX, principais tipos de ensaio e autores).
- Lectura e análise de obras dramáticas do período comprendido entre 1975 e a actualidade.
- Guía de lectura de *Lugar*, de Raúl Dans: edición, argumento, personaxes, desenvolvemento escénico, códigos técnico-formais.

### 18. c) Criterios de avaliación

- Coñece as principais características, obras e autores do teatro da promoción de 1980.
- Coñece as principais características, obras e autores do teatro da xeración dos 90.
- Coñece as principais características, obras e autores do ensaio dende a posguerra á actualidade.
- Le, analiza e comenta textos do teatro posterior a 1975.
- Coñece en profundidade as características dunha das obras máis representativas do teatro posterior a 1975: *Lugar*, de Raúl Dans.

## 11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN EN BAC.

Procúrase na avaliación da etapa fundamentalmente se o alumnado:

- Coñece a evolución histórica da lingua galega: o proceso de formación do galego-portugués, a situación cultural do galego antigo, do galego medio e do galego moderno, e as súas características lingüísticas.
- Analiza criticamente as circunstancias que condicionaron a evolución, o uso e a realidade actual da nosa lingua.
- Analiza en textos de distinto tipo transmitidos por canles diferentes as variedades lingüísticas que se manifestan neles, así como as valoracións e actitudes sociolingüísticas implícitas.
- Comprende e identifica discursos de distinto tipo (recoñecendo as estruturas básicas nas que se organizan segundo o seu contido), transmitidos por canles diferentes, identificando a situación de comunicación en que se producen e a intención comunicativa.

- Identifica a función predominante, as características propias e a estrutura da tipoloxía textual da comunicación oral.
- Identifica a función predominante, as características principais e os trazos lingüísticos dos textos humanísticos, científico-técnicos e xurídico-administrativos.
- Participa en debates a cerca de temas de actualidade, de ámbito académico e dos contidos dos bloques, valorando as súas contribucións para a comprensión crítica dos mesmos e das mensaxes dos medios de comunicación.
- Elabora unha exposición dun tema propio do ámbito académico (un traballo monográfico, unha reseña bibliográfica, unha memoria, un informe) utilizando procedementos de documentación e distintas estratexias que faciliten a comprensión e a expresión (fichas, resumos, esquemas, etc.).
- Expón a súa opinión sobre certos temas ordenada e coherentemente, utilizando preferentemente un guión previo.
- Utiliza a reflexión sobre a lingua nos planos fónico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos, segmentación, conmutación, clasificación, análise, etc.
- Aplica correctamente as regras de acentuación e dos signos de puntuación, e usa axeitadamente grafías conflictivas, prefixos e terminacións e grupos consonánticos dubidosos.
- Establece relacións entre unha obra representativa dun autor ou dunha época co contexto sociocultural na que se produciu, delimitando as principais etapas literarias ao longo da historia.
- Interpreta textos e obras literarias tendo en conta a estrutura da forma literaria á que pertencen e a técnica empregada e emite xuízos fundados sobre aspectos formais e temáticos.
- Realiza comentarios críticos de textos.

De acordo co anterior, os criterios de avaliación serán:

1. Interpretar diferentes tipos de discursos orais, escritos e audiovisuais e a situación en que se desenvolven, captando o sentido global e a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.
2. Participar en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e realizar producións

orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade e usando recursos audiovisuais, bibliográficos e coas tecnoloxías da información e comunicación.

3. Compoñer produción escritas planificadas sobre temas de actualidade ou curriculares, adecuadas á situación e intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e unha presentación coidada.
4. Caracterizar e identificar diferentes tipos de textos orais, escritos e audiovisuais procedentes de diversos contextos comunicativos da vida social e cultural, sobre todo dos ámbitos científico, académico e dos medios de comunicación.
5. Coñecer os conceptos teóricos, as normas de uso e os procedementos lingüísticos propios da gramática galega.
6. Utilizar sistematicamente os coñecementos lingüísticos para comprender e analizar textos alleos de distintos ámbitos sociais e para producir, compñer e revisar textos propios de temáticas diversas.
7. Coñecer e utilizar un caudal léxico apropiado e amplo que incrementa non só o vocabulario receptivo, senón, e sobre todo de tipo produtivo.
8. Diferenciar as variedades internas da lingua e identificar as interferencias lingüísticas e desviacións da norma.
9. Valorar a lingua galega e ser quen de identificar os prexuízos e estereotipos que están ligados a ela.
10. Coñecer as causas históricas da situación actual dos usos lingüísticos en Galicia e valorala con espírito crítico e reflexivo, manexando de xeito preciso a terminoloxía sociolingüística.
11. Coñecer a historia da literatura galega: as principais etapas, movementos, autoras e autores e obras.
12. Ler, analizar e comentar obras e fragmentos significativos da historia da literatura galega, utilizando os coñecementos sobre as formas literarias e os distintos períodos, movementos e autores.

### **Criterios específicos de cualificación**

Para o cálculo da nota, logo, terase en conta:

- (a) O traballo na aula e a adecuación ás actitudes referenciadas.
- (b) Os resultados das probas obxectivas: cando menos un exame global por avaliación e,

de ser necesaria, unha recuperación por trimestre.

- (c) A presentación de traballos (obrigatorios ou voluntarios) centrados nos contidos desenvolvidos na aula e que posibiliten o achegamento ás estratexias da investigación lingüística e literaria, sempre co asesoramento do profesorado, que tamén fornecerá bibliografía axeitada. Estes traballos poden consistir na resolución de actividades de tipo heurístico ou tarefas de produción textual. Suporán ata un 20% da nota.
- (d) Probas de lectura dos libros escollidos en cada trimestre. Constitúen o 10% da media.

En 1º de Bacharelato, os criterios concrépanse do seguinte xeito.

- Exames 60%: este apartado abranguerá aquelas probas orais ou escritas encamiñadas a estimar o grao de adquisición de conceptos e de dominio de procedementos por parte do alumnado. Establécese como mínimo un exame de avaliación de carácter trimestral. Para poder aprobar a materia será necesario acadar neste apartado unha nota igual ou superior a 3,3 sobre 10.
- Segundo a profesora considere conveniente poderá realizar recuperacións parciais da materia. Realizarase unha proba en xuño á cal poderá presentarse aquel alumnado que teña unha avaliación aprobada durante o curso. Ter as tres avaliacións suspensas antes desta Recuperación final implicaría ir á proba Extraordinaria de setembro.
- Lectura (sen porcentaxe, con penalización): será obrigatorio ler un libro por trimestre que non subirá nota, a non realización desta lectura penalizará a nota do trimestre ou a nota da avaliación ordinaria de xuño e no seu caso a extraordinaria de setembro un 10% de se tratar dun trimestre, un 20% de se tratar de 2 trimestres e un 30% de se tratar dos tres trimestres. A lectura será examinada nunha das probas escritas realizadas ao longo da avaliación ou mediante as actividades relacionadas coa lectura.
- Actividades relacionadas coa lectura 5%: no caso de non se levar a cabo nun trimestre este tipo de prácticas, este 10% incrementarase no apartado que decida a profesora en función das actividades realizadas no trimestre.
- Traballo de aula 10%: recolleranse aquí as diferentes actividades cotiás ao longo do trimestre.
- Traballo trimestral 10%: correspóndese co traballo de afondamento realizado ao longo de cada un dos trimestres.

- Lingua oral 10%: no caso de non se levar a cabo producións e probas específicas neste apartado, este 10% incrementarase no apartado que decida a profesora en función das actividades realizadas no trimestre.
- Actitude 5%: valoraranse aspectos como o esforzo, o interese, a puntualidade e a asistencia.

\* Na corrección dos diferentes elementos de avaliación aplicaremos o criterio de baixar na nota da proba que se trate 0,1 puntos por cada erro de carácter lingüístico ata un máximo de 2 puntos sobre 10. De se tratar dalgunha proba específica de lingua escrita ou de lingua oral que requira a modificación deste criterio, notificaráselle ao alumnado previamente.

En 2º de Bacharelato, na corrección dos instrumentos de avaliación, no que se refire á expresión escrita, aplicaranse estoutros criterios, que poden supoñer a baixada na cualificación global de ata o 20% da nota:

- ✕ Desconto de 0,2 puntos por cada erro moi grave, como as solucións alleas ao sistema lingüístico do galego (tempos compostos, mala colocación dos pronomes clíticos...).
- ✕ Desconto de 0,1 puntos por cada erro considerado grave, como poden ser as solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, etc.) ou a acentuación diacrítica.
- ✕ Desconto de 0,05 puntos por cada erro leve: solucións galegas alleas ao estándar vixente, acentuación non diacrítica...

Realizarase recuperación da 1ª e 2ª Avaliación; a 3ª Avaliación recupérase na denominada Recuperación Final de maio, á cal poderá presentarse aquel alumnado que teña unha avaliación aprobada durante o curso. Ter as tres avaliacións suspensas antes da Recuperación final implicaría ir á proba Extraordinaria de setembro.

## **12. LECTURAS EN BAC.**

Será obrigatorio ler como mínimo un libro por trimestre, do que se realizará unha proba escrita ou oral. Poderase ler ademais un libro *voluntario* por trimestre.

## 1º BAC

Inicialmente prográmase a lectura das seguintes obras de carácter obrigatorio:

1º Trimestre: pendente.

2º Trimestre: pendente.

3º Trimestre: *Ollos de auga*, de Domingo Villar.

O departamento resérvase o dereito a modificar os títulos seleccionados no mes de setembro en función de diferentes circunstancias que puidesen xurdir ao longo do curso (inclusión nalgún traballo interdepartamental, posibilidade de visita do autor, novidade literaria de relevancia, etc.).

## 2º BAC

1ª avaliación: *Arredor de si* ou *O fidalgo e outras narracións* (Otero, Galaxia) ou *Dos arquivos do trasno* (Dieste, Galaxia) ou *A fiestra baldeira* (Dieste, Galaxia) ou *Na noite estrelecida* (Cabanillas, Xerais).

2ª avaliación: *A esmorga* (Blanco-Amor, Galaxia) ou *Longa noite de pedra* (Celso Emilio) ou *Merlín e familia* (Cunqueiro, Galaxia).

3ª avaliación: *Con pólvora e magnolias* (Ferrín, Xerais) ou *Reversos* (R. Fonte) ou *O sol do verán* (Casares, Galaxia) ou *Arraianos* (Ferrín, Xerais).

Será obrigatorio ler unha obra lírica durante o curso.

Á parte, o alumnado poderá ler voluntariamente outros libros recomendados que serán avaliados mediante proba oral (ou, excepcionalmente, escrita). Redundarán na nota de avaliación sumando como máximo un (1) punto. Son, entre outros, *Dime algo sucio* (Diego Ameixeiras, Xerais) *Resistencia* (Rosa Aneiros, Xerais), *O único que queda é o amor* (A. Fernández Paz, Xerais), *Erros e Tánatos* (Gonzalo Navaza, Xerais), *A sombra dos teus soños* (Anxo Rei Ballesteros, Galaxia), *Comedia Bífida* (Manuel Núñez Singala, Galaxia), *Faneca brava* (Manuel Portas, Xerais), etc.

## 13. CONTIDOS MÍNIMOS EN BAC.

### 1º Bacharelato

-Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de

dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.

-Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.

-Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.

-Texto descritivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Substantivo e adxectivo: xénero e número, o grao do adxectivo, as conxuncións comparativas.

-Texto expositivo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Outras palabras adnominais (artigo, demostrativo, posesivo, cuantificadores e identificadores). Caracterización e tipoloxía.

-Texto narrativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. O verbo: a conxugación verbal regular e irregular. As perífrases verbais. O infinitivo conxugado. Descrición e usos.

-Texto argumentativo: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas. Os conectores: preposicións e conxuncións. Caracterización e tipoloxía. As locucións prepositivas. O adverbio: caracterización e tipoloxía. As locucións adverbiais.

-Texto dialogado: intención comunicativa, estrutura formal e de contido, características lingüísticas. Os pronomes: caracterización e tipos. Funcións e usos.

-A formación da lingua galega: substrato e superestrato. O estrato latino: principais evolucións fonéticas do latín ao galego. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.

-A lingua galega na Idade Media: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A lingua galega nos Séculos Escuros: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A lingua galega no Rexurdimento: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-A diversidade lingüística no mundo e en Europa: unidade e diversidade lingüística. Multilingüismo e plurilingüismo.

-A diversidade lingüística na Península Ibérica: linguas faladas na Península Ibérica. Territorios, usos e situación legal. O caso galego.

-A literatura medieval: a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio) e a lírica relixiosa (as cantigas de Santa María). Caracterización, lectura e comentario. A prosa medieval.



-A literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta. Caracterización, lectura e comentario.

-A literatura no século XIX: o Prerrexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal. Outros autores coetáneos.

-Libros de lectura do curso.

## **2º Bacharelato**

-Lectura comprensiva, análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.

-Produción de textos orais e escritos respectuosos coas regras de coherencia, cohesión, adecuación, presentación e corrección ortográfica que facilitan a comunicación lingüística.

-Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.

-Propiedades do texto: a coherencia e a cohesión. Análise de procedementos lingüísticos básicos e aplicación ás propias producións. A progresión temática.

-A fonética e a fonoloxía. Descrición de fonemas.

-As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O texto dialectal.

-Estrutura e formación de palabras. Tipos de morfemas e análise morfolóxica.

-Sintaxe: unidades e funcións sintácticas. Análise sintáctica.

-Semántica: campos semánticos. As relacións e os cambios semánticos. Definición de palabras.

-As funcións sociais da lingua. Conflito e diglosia. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

-Linguas minorizadas e linguas minoritarias. O galego: lingua en vías de normalización.

-O galego no 1º terzo do século XX: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

-O galego de finais do século XX e comezos do XXI: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

- A literatura do primeiro terzo do século XX.
- A literatura entre 1936 e 1976.
- A literatura de fins do século XX e comezos do XXI
- Libros de lectura do curso.

## 14. ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO 3º ESO

### Obxectivos

- Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra, participando nelas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais.
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencias fundamentais.
- Tratar de inculcar a idea de que os espazos -rexións- xeográficos son o resultado de variados condicionantes permanentemente interrelacionados que impón a Natureza, pero sobre todo, son fundamentalmente creacións de diversas sociedades portadoras de técnicas, tradicións, organizacións sociais, políticas, culturais, etc., propias, de aí a importancia das capacidades de relacionar, por outra parte tan pertinentes á propia natureza da materia da Xeografía.
- Valorar a diversidade cultural -puntos de vista, formas de vida, códigos morais- manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sempre que non sexan atentatorias contra a dignidade humana, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas.
- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade socio-cultural, para aprender así a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a

responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.

- Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as ciencias sociais para que a súa incorporación ao vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe e enriqueza a comunicación.

- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de fontes diversas, incluídas as que corresponden ao contorno físico e social, aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguido, e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.

- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.

- Resolver problemas e levar cabo estudos e investigacións escolares sinxelas aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos da indagación característicos das ciencias sociais.

- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz. Denunciar, en consecuencia, actitudes e situacións discriminatorias e inxustas, amosándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.

- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.

- Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.

- Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.

- Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

- Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para

comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.

- Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para a súa utilización en calquera contexto e situación.
- Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
- Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
- Aproximarse ao coñecemento do patrimonio literario e valoralo como un xeito de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

### **Proposta de contidos para o ámbito sociolingüístico**

Os contidos que seleccionamos para o ámbito terán que ser organizados a partir de temas sociais, humanos e culturais relevantes que articulen e lle dean sentido ao tratamento dos coñecementos sociais e lingüísticos que consideramos esenciais para unha formación básica nesta etapa educativa. Non se trata de proporcionar unha síntese apretada dos contidos das tres áreas implicadas, senón que haberá que dotar os alumnos e alumnas dunhas capacidades globais que lles permitan interpretar e resolver situacións e problemas do noso mundo e do noso tempo, sen que isto supoña esquecer o traballo con datos e informacións de carácter social e lingüístico que resultan imprescindibles para o desenvolvemento autónomo e crítico dos individuos na sociedade actual.

Esta estratexia de selección e organización pretende que o alumnado menos interesado nos contidos específicos das distintas áreas acaden unha comprensión global da realidade e aprendan a encontrar e establecer conexións entre as diversas informacións.

En todo caso, a selección dos contidos non conforman un catálogo pechado, senón que

constitúen unha selección flexible e aberta. A secuenciación das unidades tamén admitirá varias posibilidades dependendo das circunstancias e das necesidades do alumnado. Buscarase o equilibrio na temporalización e na secuenciación dos contidos e a dinámica da clase será a que marque os tempos e a profundidade no tratamento dos temas.

#### Contidos:

\* Comprensión de textos propios orais e escritos da vida cotiá e das relacións sociais, dos medios de comunicación -atendendo especialmente aos xéneros de opinión como debates, editoriais, columnas e cartas ao director- e mais do ámbito académico, como presentacións e entradas das fontes de información.

\* Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflectan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.

\* Desenvolvemento de habilidades de escoita activa. Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.

\* Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes da publicidade e ás mensaxes implícitas e explícitas dos textos argumentativos. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios e mais dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.

\* Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.

\* Participación activa en situacións propias do ámbito académico, especialmente en autoavaliacións das tarefas realizadas e en presentacións orais, con axuda dos medios audiovisuais e das TIC, de traballos previamente elaborados.

\* Participación activa en debates e noutras situacións de comunicación reais ou simuladas onde se expresen opinións acerca dun tema de actualidade do interese do alumnado, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.

\* Composición, e soporte papel e dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais -intervencións en foros e blogs, reclamacións e solicitudes, etc.-, dos medios de comunicación -como cartas ao director, editoriais, artigos...- e mais do ámbito académico elaborados a partir de información obtida en distintas fontes.

- \* Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- \* Utilización autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- \* Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.
- \* Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ás formas de expresión da subxectividade e ao enfoque do tema, sobre todo en exposicións e argumentacións.
- \* Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo as metáforas, metonimias, paráfrases e comodíns.
- \* Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.
- \* Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- \* Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- \* Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, con manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- \* Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan afrontar e superar prexuízos lingüísticos.
- \* Selección e lectura progresivamente autónoma de fragmentos e de obras fundamentais da literatura desde comezos do século XX ata a actualidade adecuadas á idade, apreciando os principais recursos empregados e comentando a incorporación de novas visións do mundo e de técnicas modernas.
- \* Identificación, localización e comprensión as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.

a) A Xeografía Física

- 1-O mapa físico da Terra
  - 1.1-O relevo dos continentes
  - 1.2-A hidrosfera: as augas da Terra
- 2-Os mapas físicos de España e Galicia
  - 2.1-O relevo peninsular e o relevo galego
  - 2.2-Ríos de España e de Galicia
- 3-Tempo e Clima
  - 3.1-Elementos e factores do clima
  - 3.2-As zonas climáticas e as súas paisaxes
  - 3.3-Climas e paisaxes de España.
  - 3.4-Diversidade da vexetación e o clima de Galicia
  - 3.5-Práctica: A Xeografía Física do Barbanza.

b) As Actividades Económicas

- 1-Axentes e sistemas económicos
- 2-A globalización e as áreas económicas mundiais
- 3-O mundo laboral: cambios e problemas
- 4-O sector primario
  - 4.1-Actividades e características
  - 4.2-O sector primario en España e en Galicia
- 5-O sector secundario
  - 5.1-Materias primas e fontes de enerxía
  - 5.2-A evolución da industria
  - 5.3-Os espazos industriais: industria en España e en Galicia
- 6-O sector terciario: actividades e características
- 7-Os impactos ambientais
- 8-Práctica: Estrutura económica e situación ambiental do Barbanza

- c) A organización política das sociedades
  - 1-Os mapas políticos da Terra
  - 2-Tipos de Estado e formas de goberno
  - 3-Relacións e organismos internacionais: a ONU
  - 4-Organismos supranacionais: a Unión Europea
  - 5-O Estado Español institucións e organización do territorio
  - 6-A Comunidade Autónoma de Galicia
  - 7-Práctica: A comarca do Barbanza
  - 8-As desigualdades económicas e sociais
    - 8.1-Causas e indicadores da desigualdade
    - 8.2-Desenvolvemento e subdesenvolvemento
    - 8.3-As nosas solucións

## **Criterios de avaliación do alumnado**

Os referentes fundamentais para avaliar as aprendizaxes do alumnado que curse un programa de diversificación curricular serán as competencias básicas e os obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, mais tamén os criterios de avaliación específicos. Neste ámbito, son os seguintes:

1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual e do ámbito académico.
2. Comprender textos escritos do ámbito público, dos medios de comunicación e da vida académica, identificando as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, contrastando explicacións e argumentos.
3. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de traballos e de informacións de actualidade diferenciando información, opinión e persuasión, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (debates, traballos colaborativos...)



respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

4. Escribir textos propios da vida cotiá, das relacións sociais, dos medios de comunicación e do ámbito académico tendo como referencia os modelos propostos na aula e expresando con claridade as propias opinións razoadas. Planificar e revisar con certa autonomía os ditos textos para asegurar a súa coherencia, cohesión, corrección e precisión léxica.

5. Consultar con progresiva autonomía textos en diferentes soportes co fin de seleccionar información relevante, analizala criticamente, extraer conclusións fundamentadas e integralas nas propias producións, especialmente en traballos sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces.

6. Aplicar determinados coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar con autonomía os propios textos.

7. Extraer os trazos principais que definen a actual situación sociolingüística de Galicia, analizando criticamente os condicionamentos da valoración e uso social do galego; utilizar a lingua galega con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

8. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión argumentada sobre a lectura persoal dunha obra da literatura contemporánea atendendo aos elementos estruturais e formais máis evidentes.

9. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

10. Situar en mapas físicos mudos elementos do relevo dos continentes, de España e de Galicia.

11. Caracterizar paisaxes climáticas a través de imaxes.

12. Elaborar climogramas e identificar o clima correspondente.

13. Diferenciar as características e comparar sistemas agrarios tradicionais e modernos.

14. Identificar sistemas de cultivos.

15. Coñecer e caracterizar as fases históricas da evolución da industria.

16. Coñecer os conceptos de materia prima e fonte de enerxía, e diferenciar os seus principais tipos.

17. Distinguer as vantaxes, os inconvenientes e os principais aproveitamentos das fontes de

enerxías tradicionais.

18. Explicar as fontes de enerxía alternativas, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes.

19. Identificar as actividades do sector terciario.

20. Coñecer os avances das comunicacións e as diferencias existentes entre os países da Terra.

21. Identificar os conceptos de comercio e mercado e diferenciar os tipos de mercado e de comercio interior.

22. Comprender os tipos de turismo e localiza os principais espazos turísticos da Terra.

23. Diferenciar os poderes lexislativo, executivo e xudicial.

24. Diferenciar entre monarquía e república.

25. Interpretar a organización territorial de España en municipios, provincias e comunidades autónomas.

26. Coñecer as institucións de Galicia.

27. Diferenciar entre ONU e UE.

28. Contraponer os caracteres dos países ricos e pobres, utilizando indicadores de desenvolvemento e explica as causas internas e externas da desigualdade.

## **Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación**

Para realizar a avaliación do alumnado teranse en conta instrumentos diversos:

- Probas obxectivas, orais e escritas, para valorar a aplicación das competencias adquiridas a novos contextos. Contarán un 40% no global da nota.
- Tarefas das secuencias didácticas e traballos: Estes deberán ser realizadas de acordo coas indicacións ofrecidas pola profesora. Terá especial relevancia a realización de traballos sinxelos para expoñer brevemente coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC. Suporá o 20% da nota.
- Caderno. O alumnado deberá ter un caderno para este ámbito, complementado cunha bitácora dixital de ser o caso, onde irá recollendo de xeito organizado todo o traballo feito nas aulas, así como as tarefas que se lle manden para casa. O seu valor no conxunto da nota será do 15%
- Participación e actitude na clase. Terase en conta a participación activa do alumnado na aula e a súa interactividade co profesorado e co resto do alumnado. Valorarase especialmente o interese por mellorar, o desenvolvemento da autonomía e de estratexias de aprendizaxe e o

uso oral do galego como vehículo de comunicación co profesorado e cos compañeiros/as. Suporá o 25% da nota.

- As avaliacións suspensas poderanse ir recuperando ao longo do curso sen precisar de probas adicionais, sempre e cando o alumnado suspenso demostre co seu traballo o avance na adquisición das competencias básicas.

O profesorado do Departamento

Uxía Baamonde Reiriz

Xesús Fernández Garda

Luciano Fernández Martínez

Pilar Ponte Patiño

## ANEXO I

### LINGUA GALEGA E LITERATURA SUPERACIÓN DE MATERIA PENDENTE

#### Que vías hai para superar esta materia pendente?

Tes que realizar e entregar en prazo unha serie de actividades que che pasará o/a profe, para logo poder aprobar os exames parciais ou a materia no teu curso actual. En esquema, estas son as vías:

- a) realizas satisfactoriamente as **actividades entregadas** e aprobas a 2ª avaliación do curso actual.
- b) realizas satisfactoriamente as **actividades entregadas** e superas os **dous parciais**.
- c) realizas satisfactoriamente as **actividades entregadas** e superas o **exame final** de maio
- d) superas o **exame final extraordinario** (setembro)

#### Que actividades teño que realizar e cando debo entregalas?

Un conxunto de tarefas e exercicios para a mellora da comprensión e a expresión escrita (propiedades textuais, ortografía, acentuación, puntuación...), a fixación da gramática normativa (asimilación de paradigmas, regras...), etc. O/A profe do curso actual entregache un caderniño no mes de novembro e terás que devolvelo resolto como máximo na data de realización do 1º parcial. Ten en conta que son fundamentais para conseguir o aprobado: son imprescindíbeis e supoñen ata un 40%-50% da nota final.

#### Entón, que pasa se aprobo a segunda avaliación do curso actual?

Posto que esta materia ten fundamentalmente *contidos progresivos e a avaliación é continua*, se superas Lingua galega e literatura do teu curso actual na segunda avaliación, sempre que entregues as actividades, estarías aprobado/a.

#### Que contidos se van esixir nas probas?

Os contidos a traballar e avaliar son os establecidos como *mínimos* para o curso da pendente na programación desta materia. Consúltaa en <http://caminhalingua.wordpress.com/programacion/>. Será o/a profe do curso actual quen che indique que contidos entran en cada parcial.

#### Cales son as datas dos exames?

- O primeiro parcial será o ... ás ... h.
- O segundo parcial realizarase o ... ás ... h.
- O exame final está fixado o ... ás ... h.